

# ORZAMENTOS

## Zapatero ignora o Plano Galicia


(Páx. 12 a 14)

Nº 1.144  
Do 30 de setembro  
ao 6 de outubro  
de 2004  
Ano XXVII - IV Xeira

# ANOSA TERRA

FUNDADO EN 1907

1,75 euros



### Os expertos reúnen-se para redactar un novo Estatuto

(Páx. 9)

### O 66% dos cidadáns desexa unha maior presenza do galego na prensa

(Páx.16 e 17)

### Ferrol maniféstase contra a nova reconversión naval


(Páx. 19)

### Pilocha e María Manuela, dous bos discos esquecidos

(Páx. 29)

**NUNCA SE DISTINGUIU HENRIQUE LÓPEZ VEIGA** pola súa *finura*. Pero as súas declaracións acusando a compañeiros de partido e de gabinete de enriquecemento ilícito van máis alá dunha liorta interna e só teñen un camiño: a denuncia no xulgado. Polo acusador ou polos acusados. López Veiga debería explicar ademais a razón de que, habendo tantos e tan grandes corruptos na dirección do PP como di, el siga no partido. Estas acusacións e as de Xosé Luís Baltar afirmando que no PP non existe democracia, mostran o encanamento dunha crise que, a curto ou medio prazo, é xa unha ruptura. A crise do PPdeG agrava ademais a debilidade política de Galiza fronte ao Estado. O debate dos orzamentos colle o Goberno galego na UVI. Non é estraño, neste caso, que o vicepresidente Alberte Núñez Feixóo lle pida ao líder do BNG, Anxo Quintana, que se manteña firme ante a postura do goberno central. ♦

### AS ONDAS VIRGINIA WOOLF



#### AS INTENSAS AVENIDAS DO XARDÍN INTERIOR.

Traducida por primeira vez para o galego, *As ondas* aparece na colección Clásicos Universais, que edita Galaxia en colaboración con Caixa Galicia.

## Co PP roto, o presidente da Xunta busca sucesora

# Pastor, a tapada de Fraga

(Páx. 2 a 5)



**CRISE NO PP**

Baltar e os seus seguidores prevén fundaren un novo partido centrista

# Fraga podería convocar eleccións en novembro

PERFECTO CONDE

O próximo luns, 4 de outubro, é moi probábel que o presidente da Xunta se vexa obrigado polas circunstancias a disolver o Parlamento e convocar anticipadamente eleccións para darlle saída á crise pola que atravesamos non só o seu partido senón tamén o seu propio goberno, a consecuencia do pulso que lle botaron non só Xosé Luís Baltar e os seus seguidores de Ourense senón tamén Xosé Cuíña e o propio Francisco Cacharro en Lugo.

Fontes moi próximas á familia política Baltar dan como segura esta alternativa, e están a prepararse para afrontar o novo panorama político que está a producirse. Segundo eles, a evolución que foi seguindo o PP, coa entrada a saco dos homes e mulleres de Mariano Raxoi na cociña política galega, ten acadado límites "insoportábeis" e non queda máis remedio que presentar claramente un "xa abonda" definitivo. Dende que en marzo pasado o presidente do partido e da Deputación en Ourense lle veu reiterando a Fraga a petición dunha reunión urxente para tratar a situación que se ía desenvolvendo, o presidente da Xunta nunca atendeu as inquecandanzas de Baltar, que mesmo foi o único alto cargo do partido que este ano non foi convidado a Perbes, lugar de vacacións de Fraga. A lista de agravios foi medrando con sucesivas actitudes do presidente da Xunta que remataron facendo que desbordase o vaso da paciencia de todo o clan político de Baltar.

A derradeira pinga –tamén a máis grave– foi a maneira que tiivo Fraga de remodelar a composición da Xunta dando entrada nas consellarías renovadas, e na vicepresidencia primeira, unicamente a persoas que só responden á característica de seren executores mansos da política que pretende desenvolver o sucesor de José María Aznar, Mariano Raxoi. Moi concretamente, a elección de Alberto Núñez como segundo cargo da Xunta e a designación dos conselleiros Belén Prado, Xosé Manuel González e Xosé Antonio Santiso foi considerada como un



Xosé Cuíña e Xosé Luís Baltar á saída da residencia presidencial.

PERFECTO CONDE

ha provocación polos de Ourense, que viron con este acto unha definitiva entrega de Fraga aos intereses dos denominados "birretes" e un virado de costas aos da "boina". Mesmo a utilización desta denominación que os de Baltar consideran despectiva por parte dos seguidores de Raxoi, rematou

sendo un problema. "Pero que birretes nin que boinas? –preguntounos un cualificado representante dos segundos–. Acaso non temos nós tantos títulos e méritos académicos coma eles? Por que teñen que mostrar eles desprezo polos que, por desgraza, non puideron acceder aos títulos?".

**Fraga viroulle as costas a Baltar**

De todas as maneiras xa foi antes da remodelación da Xunta cando os de Baltar lle viron as orellas ao lobo. Concretamente en agosto en Perbes e souberon que Raxoi acudiu a un encontro con el para proxeccionar o futuro inmediato do partido en Galiza. Alí concretaron que nas eleccións do 2005 encabezasen as listas provinciais as seguintes persoas: Manuel Fraga (A Coruña), Ana Pastor (Pontevedra), Xosé Manuel Barreiro (Lugo) e Alberto Núñez Feixóo (Ourense). Segundo o plano trazado daquela, no 2007 Fraga retirariase e cederíalle a presidencia da Xunta a Ana Pastor e o "birretismo" ficaría definitivamente entronizado pasando por riba de todos os intereses dos da "boina", que viron as súas cabezas postas no fío da gadaña e empezaron a moverse.

Pero non con éxito. En vista de que Fraga non acababa de recibir a Baltar, o presidente ourensán presentouse o 13 de setembro na sede central do PP en Madrid e falou con Raxoi. Foi unha conversación breve e moi fría. "Eu non podo facer absolutamente nada por vostede –díxolle o de Pontevedra case con sequedade–

Continúa na páxina seguinte

**COUSAS DO PAIS**

**ROI CAGIAO**



Edita: Promocións Culturais Galegas S.A.

Consello de Administración: Xosé Fernández Puga.

Presidente: Xosé Fernández Puga.

Vogais: Cesáreo Sánchez Iglesias, Xosé M<sup>o</sup> Dobarro, Manuel Mera, Manuel Veiga, Xan Carballa, Miguel Barros e Bieito Alonso.

Secretario: Xan Piñeiro.

Director: Alfonso Eiré López.

Redacción: Xan Carballa, Manuel Veiga, Horacio Vixande, César Lorenzo Gil, Mar Barros, Rubén Valverde, Paco Vila Barros (Fotografía), Perfecto Conde.

Edicións Especiais: Xosé Enrique Acuña.

Deseño de Maqueta: Xoselo Taboada.

Coordinación Humor Gráfico: Picho Suárez.

Colaboradores: GALIZA: Bieito Iglesias, X.L. Franco Grande, Abelardo Vázquez, X.L. Muñoz Portabales, Martina F. Batoibre, X.C. Garrido Couceiro, X.M. Sarille, Miguel Barros, Xesús Veiga, M<sup>o</sup> Pilar García

Negro, V.M. Vázquez Portomeñe, A. Gato Soengas, Suso de Toro, Lois Diéguez, Antón Grande, Xavier López, Manuel Lugris, Xosé M. Ahel, Manuel Rivas, Carlos Aymerich.

SOCIEDADE: X. Vázquez Pintor, Xavier Queipo, Henrique Harguindey.

ECONOMÍA: Manuel Cao, X.F. Pérez Oia, Xosé García.

PENINSULA: G. Nuno de Faria, Manuel Lombao, Daniel Álvarez, A. Marqués.

MUNDO: Xulio Ríos, Moncho F. Leal, Gustavo Luca de Tena, Ignacio Ramonet, Ramón Chao.

DEPORTES: Manuel Pampín.

CULTURA: Pamiro Fonte, Vítor Vaqueiro, Pilar Pallarés, Carme Vidal, Cebo López

Pazos, X.M. Eyre Val, Xesús Piñeiro, Manuel Vilar, Lupe Gómez, Xavier Seoane, Adolfo Boado, Xosé Freire, Marcos Valcárcel, Rodolfo Dacuña, Xesús González Gómez, Gonzalo Vilas, Franck Meyer, Heitor Mera Herbello, Xosé M. Buxán Bran, Marta Dacosta, Xosé Vialhás, Damián Villalaín, Xerardo Pardo de Vera, José Viale Moutinho.

FIN DE SEMANA: Francisco Carballo, Marga Romero, César Varela, Xurxo F. Ledo, Francisco A. Vidal, Antón Patiño Regueira, Rudesindo Soutelo, Irmandade dos Vinhos, Xosé Miranda.

LEER: Xesús Vaamonde Cid.

ULTIMA PÁXINA: X.R. Pousa, X.A. Gaciao, Fran Alonso, Manuel Cidrás.

Fotografía: Andrés Panaro, Xosé Marra.

Ilustración: Xosé Lois, Pepe Carreiro, Calros Silva, Gonzalo Vilas, Suso Sanmartín, Ana Pillado Vega, Hermo, Garrincha, Uxia e Brais, Roi Cagiao.

Xefe de Publicidade: Carlos Martínez Muñoz publicidade@anosaterra.com

Xefa de Administración: Blanca Costas

Subscripcións: Lola Fernández Puga subscripciones@anosaterra.com

Redacción e Administración: Príncipe 22, baixo. 36202 Vigo. Apartado 1371. 36200 Vigo

Edición Electrónica: www.anosaterra.com

Teléfono: 986 433 886 - 222 405. Fax 986 223 101.

CORREO ELECTRÓNICO: info@anosaterra.com

ADMINISTRACIÓN, SUBSCRIPCIÓN E PUBLICIDADE: 986 433 830<sup>o</sup>

Imprenta: E.C. C-3 1958.

Depósito Legal: C-963-1977.

ISSN: 0213-3105.

## CRISE NO PP

# Cuíña, colgado da brocha

Vén da páxina anterior

porque quen manda en Galiza non son eu, senón que é Fraga". Daquela, o presidente ourensán xa estaba máis que canso de saber pola prensa do que pensaba ou facía o presidente da Xunta respecto á súa provincia. Mesmo tivo que saber que Fraga se volvíu presentar ás eleccións lendo e escoitando os medios de comunicación. Foi así como en Baltar e na súa xente foi callando a idea de que había que romper co PP, convencidos de que se non é desta será na seguinte embestida contra eles cando lles vaian cortando a cabeza.

### Pídlolle pola súa nai

No medio deste ambiente é cando Xosé Luís Baltar viaxa a Santiago para cear no Vilas o 20 de setembro. O memorial de agravios volvéuse repetir, ante un presidente da Xunta atónito que non paraba de preguntar: "Pero logo, que é o que quere vostede?". "Eu non quero nada —respondeulle Baltar—. Vin para anunciarlle que me vou do partido". Na súa casa, en Ourense, os da familia agradaron esa noite a súa volta convencidos de que aquela era última vez que Baltar falaba con Fraga dentro da disciplina do PP.

Pero aquela vez Fraga insistíulle moito en que lle concedese un prazo de tempo. "Pídlolle pola súa nai e pola súa muller, aguante un tempo. Un ano".

—Non, don Manuel, eu saio de aquí e anúnciolle á prensa que me vou.

—Déame dous meses.

—Non. Eu voume.

—Logo déame oito días. Só oito días.

E Baltar deulllos. Agora, xente do seu contorno coida que esa concesión foi un erro e que debeu volver á súa provincia libre das ataduras con Fraga e co PP. En opinión dos que pensan deste xeito, a concesión dunha semana de prazo serviulle a Fraga para facerse con control do tempo da crise que se acababa de abrir. Dándolle largas ao home que foi onda el para presentarlle a súa baixa no partido, o vilalbéis logrou abrir unha posibilidade de reconducir a crise marcando algún dos pasos a seguir.

O primeiro foi mandarlle o home menos indicado para convencerlo de que non debía abandonar o PP, o vicepresidente primeiro Alberto Núñez, que se viu obrigado en Ourense a tocar coa música de Baltar para que non houbese "foto" do encontro. O encontro durou máis de tres horas, e Núñez aguantou o chaparrón estoicamente. Pegado á cadeira na que estaba sentado coma quen tenta evitar que calquera xesto poida dar pé para que unha conversa remate de repente. Tivo que escoitar varias veces como lle dicían que el non era para nada un interlocutor válido, senón parte do problema, e que só con Fraga hai algo que falar.

Chegado a este punto, os rebeldes de Ourense pensaron que o conflito non fa quedar só dentro das fronteiras da provincia. Eran moitos os que lles dicían,

dende varios sitios de Galiza, que había que facer algo.

—Si, pero vós que facedes? —respondíanlles.

—Estamos esperando a ver que facedes os de Ourense.

### A maioría, con Baltar

E os de Ourense agora pensan que "todo dios di que hai que facer algo, pero ninguén fai nada". Segundo din, isto non embarga o que eles poidan facer nos próximos días. Fontes internas do grupo contestario do PP explicáronlle a *A Nosa Terra* que, se Baltar se vai, con el vaise todo o comité de dirección e o comité executivo provincial. Na Deputación teñen a garantía absoluta de contar coa maioría. "Pódenos fallar o vicepresidente Roxelio Martínez, alcalde de Arnoia", dixéronnos. No Concello de Ourense, a metade dos concelleiros farían o que diga Baltar, pero el mesmo é concelleiro e bastaría o seu voto para influír nun hipotético cambio de alcalde.

De formalizarse a ruptura, o sector oficialista ourensán do PP quedaría con pouco máis que coas siglas e cun reducido grupo de persoeros: Manuel Cabezas, alcalde da capital da provincia, Inmaculada Rodríguez, deputada autonómica, e Celso Delgado, deputado estatal. Curiosamente, os tres foron achegados ao PP polo propio Baltar. "E ninguén os coñecía antes", din os contestatarios.

O grupo dos cinco incondicionais de Baltar, a chamada *Quinta del Nene*, xa se viu ampliado a sete deputados polo menos. Na provincia de Ourense hai 92 alcaldes, e 74 son do PP. De todos, pode haber dez (os de Arnoia, Beariz, Beade, entre outros) que non sigan os pasos do presidente da Deputación, e nos 18 concellos nos que o PP está na oposición (algúns tan importantes como Verín, Allariz, Ribadavia ou O Barco de Valdeorras) as xuntas locais do partido de Fraga están tamén nas mans de seguidores de Baltar, segundo aseguran fontes internas da súa tendencia.

Así as cousas, o que empezou seguramente como un órdago, a pesar do que agora diga cada parte, está a piques de se converter nun novo experimento político. A alternativa que os desidentes van intentar, no caso de saíren finalmente do PP, é a de sentar as bases para unha nova forza política semellante ao PNV ou Convergencia i Unió. No caso de que as eleccións fosen inmediatamente, non lles daría tempo a presentar esta saída e botarían man dalgunha das marcas políticas que seguen por aí buscando votos. Eles o que terían é votos en busca de siglas. Poderían ser calquera das seguintes: Centristas de Galiza, Coalición Galega, Democracia Galega ou Partido Galeguista. O que teña que pasar saberase todo máis tarde o luns que vén. ♦

P.C.

O *caladiño* de Lalín parecía que ía recuperar a voz, pero ficou mudo de novo en canto saíu co rabo entre as pernas da entrevista que sostivo con Manuel Fraga o día 21, cando xa o presidente da Xunta estaba afectado por unha forte gastroenterite.

Acompañando a Baltar no Audi oficial do presidente de Ourense, presentouse na residencia de Fraga non se sabe aínda se respondendo a unha chamada do anfitrión ou a unha petición súa transmitida a través do de Ourense. O caso foi que entrou sorrinte en Monte Pío, coa luz interior do coche prendida, para que os xornalistas visen ben que aí estaba el, e marchou pouco máis dunha hora despois con cara moi seria e plantando a prensa.

É evidente que algo lle saíu mal outra vez ao ambicioso político de Lalín. Seguramente non conseguiu abrandar o "patrón" coa "proxección electoral" coa que se presentou á cita. O único seguro é que logrou cabrear especialmente a dirección estatal e autonómica do seu partido e que tamén desgustou a unha boa parte do contorno do até agora seu amigo Baltar. "Sorprendeunos moito a actitude de Cuíña —dixonos unha fonte interna dos de Ourense. Non só non nos beneficiou a nós, senón que mesmo nos prexudicou. Sería diferente que non subise ao carro de Baltar e que fose ver a Fraga pola súa con-



Xosé Cuíña, Xosé Manuel Barreiro e Xosé Luís Baltar.


PACO VILABARROS

ta, pero a súa aparición en Monte Pío querendo mostrar que alí estaba el non nos gustou nada".

Cuíña non está de boa estrela. Comeza a coller corpo a versión de que no PP téñeno ben agarrado, e que mesmo lle poden estar dicindo: "Ti móvete, e nós dámoslle aire o que temos gardado nos dossieres sobre o teu caso". De feito, Cuíña sabe moi ben que máis dunha vez foi "investigado" por persoas que algunha

vez gozaron da confianza de Fraga e que estiveron moi perto das súas actividades políticas.

Se cadra é algo disto o que quixo dicir, entre liñas, o concelleiro de Pesca, Henrique López Veiga, cando pronunciou a seguinte frase: "Os que non sufrimos ningún proceso de enriquecemento paralelo á nosa vida política non temos problemas. Hai outros que, paralelamente á súa vida política, experimentaron un notábel incremento do seu patrimonio". ♦



Xosé Luís Baltar.



## CRISE NO PP

## Kaciquestán

ALFONSO ÁLVAREZ CÁCCAMO

O outro día, lendo o libro de Afonso Eiré *O coxo de Vilarelle*, e despois de comprobar que os vobres seguen espectadores para daren conta dos despoños físicos e políticos deste ministro de Franco que nos goberna, cada vez máis feito á súa imaxe e semellanza, concluíu que neste país, Galiza, todo está igual de mal que sempre desde a chegada da democracia, e bastante semellante, de mal, á época anterior, non en van o ditador delegou funcións *post-mortem* no seu enviado na Terra. Paréceseme tanto a historia dese que algúns deron en chamar caudillo na súa resistencia a deixar de cabalgar polas nosas paciencias á do seu fillo feito carne, que ás veces sinto que rebobino o tempo e polo tanto véxome anovar, pero outras veces padezo dun molesto arripio polo espiñazo. Ao enviado non lle desexo que vaia facer compañía ao seu patrón inmediatamente, de ningunha maneira, que goce da vida, pero se o ten que facer algún día, por favor, que non sexa un 20 de novembro, por aquilo da tendencia á esaxeración fanático-máxico-relixiosa que ten este pobo galego, entre outras razóns por culpa dos mencionados caudillos co seu gusto por meternos brazos incorruptos e sobre todo corruptos, santos e beatos, misioneiros e domunds, viacrucis e rosarios por todas partes menos por unha, chamada paciencia, outra vez: paciencia.

Pois ben, o outro día, para contrarrestar esta cavilación fúnebre de que todo está igual que o que sucedera de verdade nos anos oitenta, segundo nos relata Afonso Eiré no seu magnífico libro, decidín dedicarme á brincadeira das palabras, unha terapia de acougo que en min consegue espléndidos resultados. Xa bautizara eu nunha ocasión a Galiza, ou Galicia, como Cigalia, País de crustáceos elementos. Outras xentes puxéronlle ao noso País nomes eufónicos e doces como Suevia.

Outros chámanlle a rexión do Noroeste, ou o Impaís, a Terra de Ningures. O escritor portugués Miguel Torga, tipo de esquerdas por certo, desprezábala falando dela como dun lugar verde de España onde pacían as vacas, e nunha película do Dúo Dinámico que vin hai pouco tempo había un galego que se negaba a dicir de onde era, precaución que tomaban moitos e moitas cos taxistas de Madrid para que non os timasen dándolles voltas e voltas até chegar ao destino; acabou sendo descuberto por utilizar unha estratexia inútil xa que temos unha musicalidade no noso acento que nos delata, incluso farfallando a lingua inglesa, para desgraza de Francisco Vázquez e, no meu caso e no dos meus amigos, para pracer propio, algo así como se levásemos o adhesivo dos coches co GZ na lingua de comer e de falar, a moita honra. Pero recoñezamos que hai unha constante secular, case que atávica, en todos e todas nós que consiste en que aínda que non reneguemos do propio, aínda que amemos intensamente a terra que nos viu nacer, nos amamantou e nos disgustou, porén, se podemos, tentamos falar pouco dela porque, no fondo, nos amarga bastante a existencia. De aí que teñamos tendencia a chamala doutra maneira, de re-bautizala, de re-tabuízala. Acariñámola amodo para non converter unha caricia nun luído da pel que poida proer ou nunha bóchea. Esquecémola no berce un chisco, entre biberón e biberón. E de súpeto, cando a conciencia nos rilla un pouco de máis nas febras, escoitamos a gaita

sen caer no padecemento e zapeamos a Galega para ver a Ana Kiro durante uns segundos. Como antídoto de tanta febleza emocional cantáramos o novo anuncio de coca-cola para sermos máis universais ou padecemos coa cursilísima Operación Triunfo. O truco consiste en saber estar sobrios cun bilingüismo harmónico, de harmónica con panca de cambio, a poder ser, con semitonos, por iso se recomenda que falemos galego con orgullo pero con discreción, como se non nos decatásemos, porque se non facemos todas esas cousas así, Franco pode mandarnos outro castigo, outro barón Drácula desde dos de Bela Lugosi pero á galega, que parece que dormen pero non dormen tal, e que só agardan para substituír o seu ministro e erguerse a zugamos o sangue no intre no que o Drácula xefe se esfarele en cinzas porque, sen levar gafas escuras, ficou altegado cara ao sol rememorando os himnos cos que soñaba na mocidade. Este novo drácula, Vladimir Cuñía, por exemplo, perpetuarase no poder familiarmente, amigabelmente, cuchipandamente, construtivamente, vialmente, autoestrutadamente, campodegolfmente, pavillondeportesmente, SAUMENTE, turisticamente, xacobeamente, televisioingalegamente, etceteramente até rematar coa nosa mente e pode que esta vez si, coa paciencia. Eses dráculas non están en Transilvania, senón aquí, en Kaciquestán. Ese é o noso país, de novo re-bautizado, con exactitude: Kaciquestán. Proponho que se leve este troco de nome ao Par-

lamento Galego, mellor dito Kaciquestán, para que alomenos nos axustemos ás modas dos países emerxentes que reivindicano o propio. Un país no que se produce unha crise política porque o enviado de Franco na Terra non lle dá emprego de conselleiro de Agricultura ao fillo dun barón draculino máis ourensán que ourenfermo dos catro castelos principais do territorio, tamén chamados con eufonía por algúns, provincias, merece cambiar de nome.

O Kaciquestán, daquela Galiza, que Afonso Eiré nos describe, segue exactamente igual que hai máis de trinta anos, cando comezaron as liortas entre os baróns que se atoparon de súpeto con que lles batían cunha Constitución nos fucións e a vida era unha tómbola para engancharse á UCD ou a AP, é dicir a tómbola de engancharse ao mesmo con siglas distintas, segundo o fixeran o señor de Basán ou o señor de Ulloa, cambaleando na balanza da deusa Fortuna a decisión a tomar segundo se eu debo ou non tirar por aquí, non vaia suceder que os outros pasen antes ca min, en resumo: o eu non fun, aínda que teña que ver algo co asunto.

Hoxe en día sería difícil, non imposible, que sucedese na súa totalidade o envurullo de desacertos e desinformación que se poñen de manifesto na novela que se desenvolve nos anos oitenta, pero si sería igual, eo, na intención do abuso, na intención de desinformar, na insolidariedade das propias vítimas, na improvisación, na incompetencia desleal e sobre todo, na actitude dos prebostes kaciquestánis. Outra cousa é que o pobo se deixe enganar como antes, a non ser que lles interese, como na novela de Afonso Eiré. Eu non fun, eu pasaba por alí, e...♦

ALFONSO ÁLVAREZ CÁCCAMO é escritor.

## Galiza: entre a pucha e o pucheiro

EMILIO LÓPEZ

Seica hai uns días apareceu, ao romper a alba, a flote, no xuntoiro das augas do Sil e do Miño, unha boina ou pucha de pano mouro e birilo longo na que se debuxaba o mapa de Galiza.

Fose polas correntes da auga ou por feito milagreiro, a pucha non se movía. Achegáronse até xunto dela en batuxos varias autoridades de distintos concellos e provincias, pois son moitos os que derregan nesa linde.

Disque representantes de todas as forzas vivas e vivísimas de Galiza e Madrid acudiron a observar este fenómeno paranormal, cousa de meigas?, que aínda se segue descifrarse.

A boina-pucha como unha folla de parrá, coas rías debuxadas, e algo de lodo do *Prestige*, falou. E faloulle sen medo e sen complexos:

“Pasou o que tiña que pasar” –sentenciou–, pasou o que xa pasou sempre. A miña misión foi andar por moitas testas, e en todas bolen dous pensamentos: os galegos non servimos para nada. Madrid é quen manda; e outro máis prosaico: “arrímate ao pucheiro e vai comendo se podes”.

Intelectuais, *turtulianos*, escribidores, banqueadores dos bancos, estratexas, de señadores, arrodaron de batuxos, chalanas e até navegacións finas a misteriosa pucha e decidíronse a increpala, co debi-

do respecto transcendental.

Un vello cargado de anos e autoridade increpouna en nome de todos.

“–Pola virxe do Corpiño, pola nosa señora do Faro, e até pola nai que te pariu, fala agora ou cala para sempre, e punto...”

–Quen es, de onde vés e que pretendes? Son a alma dos antepasados, veño das raigañas da terra e só pretendo que me deixedes seguir sendo quen son!”

–Bah, un nostáxico...

–Un nacionalista excluínte...

–Unha alma en pena –dicía outro.

–Ese non sabe que existe a globalización, nin as novas tecnoloxías, nin o mercado, nin a democracia moderna; decía o engominado de traxe mouro, camisa branca e zapatos mouros plastificados, e que ademais levaba gravata de entroido.

Sen que o agardasen, a pucha, con toda cerimonia, descóbese, e aparece a cara ben labrada, como a da velliña de “mama Asunción”, e fálalles como se a todos os tivese parido e arrollado:

Vaites, vaites, que moito desprendestes dende que eu vos deixei! Veño de ver que moito mellorastes todo.

Atopo as aldeas moi primitivas e interesantes, cheas de xabaríns, de corzos, de curuxas, de escanos podres...

Moitos vellos e vellas festexando todas as semanas a festa dos ósos, a da em-

panada, a do chourizo, as romarías da terceira idade...

Vin bosques e bosques dunhas árbores moi dereitiñas que tapan as outras. Debeu dar traballo guialas...

Escoitei alá por Vigo e pola Coruña que os rapaces e as rapazas aínda usaban, ás veces, o idioma galego para botaren pecados como facíamos nós antes.

E vin que todo o mundo me preguntaba se podía buscarlle traballo para os seus fillos que xa tiñan 30 anos e estaban na casa. Pero disque non é tan grave porque agora xa case non teñen fillos.

Cando eu vos criei a vós había moita fame, pero soubestes buscar a vida.

A ti que te chaman o da boina, e que estás metido nunha lea ben grande, téñoche dito que a pucha é para tornar os paus e as malas ideas; que o noso señor te pille confesado, que non sei se toparías coa igrexa e máis co campanario.

E ti que me saiches tan agudo e que nunca che dei aprendido a falar ben, dálle lucimento ao teu pucheiro, que ti lle chamamos cacharro. Límpalle o cu e que brille, que se tes que vendelo polo menos que che dean algo pola parte de abaixo.

E ti meu reiçino, aínda te hei ter que ofrecer á virxe do Faro e levarte de xoanllos. Pero de xoanllos, eh! Non me vaías arrastras que canto máis se anica un máis se lle ve o cu!

Como? Que me esquecín de ti que vas ser presidente... que fixeron as partixas en Madrid e cambiou de mans a propiedade e a ti touche agora a miña pucha...?

Pero a ti a pucha non che se acae meu fillo. A ti heiche marcar unha pequeta e un axúxere para que o poñas ao pescozo e non che se note o acento raro cando fales o galego, e ao teu xefe da Coruña, unha pinza para o beizo de arriba porque cando o escoito seméllame ouvir cacofonías e danme ganas de marchar para o outro mundo.

E ti, meu Manoliño, emigrante, que sempre fuches tan valente, agarráronte polas partes nobres, Rediós! Coa homenaxe que che iamós facer no outro mundo...

Santiños, coídadevos e poñede vos ao abeiro do pucheiro que mellor cheire, e moito ollo, que ferve o pote.

Que para onde vou?

Vou mirar se ferven as cubas alá polo Ribeiro e logo pola Arnoia a ver un serodio que teño en Allariz...

Para que?

Para dicirlle que non vos teña medo, que diga o que ten que dicir, que non se fíe de ningún de vós, e menos dos que se lle arriman moito.

Que vou facer eu?

Mirar se vos desherdo a todos.♦

EMILIO LÓPEZ é deputado autonómico polo BNG

CRISE NO PP

# Ningún pacto pode disimular xa a ruptura do partido

**A. EIRÉ**  
 Sexa cal sexa o final desta crise, o PPdeG está roto. Aínda que se amaie un pacto para non adiantar as eleccións, algo que parece improbable, por máis que sexa o desexo persoal de Manuel Fraga e Xosé Luís Baltar, na práctica a ruptura existe. Calquera pacto que se dea será unha prórroga agardando a ruptura definitiva.

O que se está a xogar agora é en cantos cachos fende e, sobre todo, como se conforman eses anacos. Irá Xosé Cuiña con Baltar? Que fará Francisco Cacharro? Xestús Almuíña terá máis peso que Xosé Manuel Romai na Coruña? Que pasará en Pontevedra? O partido acollerá independentes e despedidos?... E o máis difícil aínda: pactarán os disidentes de novo co PP logo das eleccións?

A patética teima de Fraga, pedindo prórrogas, para salvar o que un día foi o seu proxecto político, demostra o seu fracaso de quince anos. Que credibilidade pode ter Fraga que mudou de posicionamento tres veces durante unha quincena? Que autoridade ten aliándose ora con uns ora con outros?

Fraga xa non é ese dirixente capaz de aglutinar a un partido e o PP deixou de ser un partido fiable. Non se sabe o que pasará dentro nuns días nin cal será a súa política. Nin quen é cada quen dentro do seu organigrama. Para máis, non é un partido democrático como deucian uns por activa, e mostran outros por pasiva ao afirmar que a decisión final a ten un só dirixente. Iso si, sometido a todas as presións e coas súas facultades físicas moi diminuídas.

Foron as mensaxes de unidade e estabilidade as que as forzas propagandísticas da dereita galega usaron como principal reclamo electoral: un PP unido e cohesionado, cun líder con *potestas* e autoridade que lle daba



Manuel Fraga e Xosé Luís Baltar a semana pasada á saída do restaurante compostelán onde se reuniron. PERFECTO CONDE.

estabilidade ao sistema autonómico. Ademais, un líder querido e reverenciado.

Puro engano. Fraga foi un pendón na procesión de intereses diversos, con confrades de distintos santos. O patrón só era a desculpa para congregar os fieis que enchese as urnas de votos, como ofrendas ao santo intermediador ante o poder central.

Todas as xenoflexións formaban parte do ritual. Finalmente olluuse que cada quen era da súa confraría. Rematada a procesión do poder, Fraga quedou só. Non existiu traizón nin fonelía. Ese foi o sistema instaurado e alimentado polo propio Fraga para levar adiante a súa política que bamboleaba desde o norte da *fronteira da autodeterminación* ao máis reseso centralismo de *España é o único importante*. Todo dependía de como sopraren os ventos electorais.

Quedou só fronte a un Mariano Raxoi que tenta usalo para

limpar o partido e facerse co control total da súa estrutura, que ten a Galiza coma espiñaazo.

Tamén quedou só fronte á estrutura autóctona á que traizoo pregándose aos intereses dos poderes estatais e claudicando mesmo en cada unha das formulacións que foi quen de explicitar como dirixente político: reformas constitucionais, administración única, presenza en Europa, galeguismo...

Quedou tamén só fronte á súa propia historia política. Fraga máis ca un Estado na cabeza, como afirman os seus haxiógrafos, sempre tivo a cabeza enchida polo seu ego de opositor, utilizando todas as súas capacidades para pasar á historia como *providencial*.

A xeira galega semellaba intermediar tantos fracasos e tamén parecía cubrir coa pátina do poder os desmáns de épocas que se deron por esquecidas. Pero a realidade é tan teimuda que Fraga volve fracasar de novo cando lle quere pór o ramo á súa obra. ♦

# Caciquismo e contradición Galiza-Estado

**A. EIRÉ**  
 Os analistas de Madrid coinciden coa maioría dos comentaristas e políticos galegos: o problema do PPdeG é consecuencia do caciquismo. Todos unánimes no seu tópico. Coma se o caciquismo só fose un fenómeno político galego, cando é un produto da Restauración que na Galiza, é certo, pervive dun xeito diferente, froito da súa especificidade político-social.

A simplicidade das análises leva a categorizar que os dirixentes estatais do PP, dispostos a someter os intereses *locais*, son os *renovadores* da política. Cruzados para acadar un PP sen rémoras do pasado franquista. O seu estandarte, manda truco, é Manuel Fraga Iribarne, convertido en icona democrata.

Os *levantiscos* de Baltar e compañía, serían unha especie de *tribu autóctona*, que non se dobre-ga á política emanada desde a metrópole. Son *caciques*, *retrógados*, *antidemócratas* e un sen fin máis de cualificativos.

Semella que non fosen do PP é que Fraga e José María Aznar non asentasen durante os últimos anos o seu poder no xeito de facer política dos agora discólos. Semella que Xosé Luís Baltar, Xosé Cuiña e Francisco Cacharro militasen noutro partido e non tivesen os parabéns do PP. Que non fose o PP mesmo capaz de manter a Fraga na Xunta e a Aznar na Moncloa.

Estes dirixentes, agora tan denostados polo Opus Dei e os seus compañeiros de viaxe, foron desde hai quince anos o cerne do PP, así recoñecidos desde Madrid. O seu xeito de facer política non só era validado, senón gabado pola dirección de *finos* madrileños, que viñan todos os fins de semana darse un baño de *autóctona pucha*.

Pero non só iso. Desde o PP de Madrid e, sobre todo, Fraga, negáronse a mudar as condicións administrativas e sociais para que ese caciquismo autótono puidese evolucionar cara a outras formas de participación política.

Só hai que realizar un percorrido polo organigrama administrativo posto en marcha pola Xunta nestes quince últimos anos para darse conta. Potenciación das Deputacións como intermediarios ante os concellos. Creación de organismos autónomos da Administración

galega: comarcas, fundacións sanitarias, de desenvolvemento comarcal, etc, que tiñan por obxecto a intermediación directa cos cidadáns escapando ao control parlamentario (caciquismo). Intermediación directa co presidente da Xunta de diversos cargos nomeados directamente.


A situación agravouse coa chegada á Xunta dun 33 por cento de cargos vidos da administración española colocados polo PP, preferentemente polo Opus. A toma da Administración autonómica polos foráneos é máis patente en consellarías como Agricultura onde só o 2

por cento dos altos funcionarios son autóctonos, nunha política perfectamente dirixida que levou a que en 1995 se convocasen unhas oposicións un mes antes de que saíse a primeira promoción da facultade de Enxeñaría Agraria de Lugo, para que os galegos non puidesen acceder a eses postos. Cacharro protesta pero é o mesmo: todos os aprobados proveñen dun centro de preparación do Opus madrileño. A explicación dada polo conselleiro no PP é que "os labregos fanlle moito máis caso aos técnicos por ser de fóra, pois nin sequera entenden o galego".

Nas últimas semanas agravouse o trasvase para cargos *descolocados* en Madrid, con prazas como a dun auditor económico na que se especificaba que o posto estaba "aberto a outras administracións". Só lle cumpría poñer o nome. "Son postos politicamente desenhados para españois", acusaron sectores do PPdeG. Para evitar *desviacionismos* un Comisario Político de Madrid valida ou rexeita nos últimos anos cada un dos proxectos da Xunta, mesmo proxectos de lei, para adecuálos aos intereses do PP no Estado.

Non hai que esquecer que o enfrontamento principal no PP comezou cando o *Prestige* e que sempre sen impoñen os intereses de Estado, que son, ao mesmo tempo, intereses de clase, aínda que difuminados. Polo tanto é difícil crer a doutrina oficial de que Fraga é un *demócrata* renovador da política galega, xunto con Mariano Raxoi e Xosé Manuel Romai, en tanto que Xosé Cuiña e Xosé Luís Baltar serían os xenuíños representantes do antigo réxime, do franquismo. ♦

GONZALO



*Vivimos no mellor  
dos mundos posibles\**  
Felipe González

**Unha amiga** explica a situación en clave prosaica: “os de Baltar son carteiristas, rateiros que todo o mundo coñece e detesta. Os de Raxoi son narcos que van en Mercedes e a xente **respecta**”.

**Explicación** necesaria do caciquismo: o voto rural e urbano é idéntico se se analiza por tramos de **idade**.

**Núñez Feixó** menosprezou a muller de Baltar, o propio Baltar e a súa familia. Raxoi nin lle colleu o teléfono ao ourensán. Cando fan iso cos do seu partido que farían cos **cidadáns!**

**Hai unha película** de Redford na carteleira. Aínda recibe algún piropo o vello galán. Cumpre, por outra parte, setenta anos Brigitte Bardot. O ídolo erótico do cinema francés do sesenta. Leva trinta anos sen facer cine. Dedicase a defender os animais. Hai poucas actrices de máis de corenta. O cinema escolle estrelas nas pasarelas, máis que nos **plátos**.

**Vén a moda.** Aos Sergios e Jorges de

O día 8 de setembro finaba na Coruña o escritor máis prolífico da literatura galega contemporánea, que cultivou todos os xéneros e pasou por todos os “ismos”. Nacera, nunha familia de labregos en Outeiro de Rei o 6 de outubro de 1929. Morreu para min o millor amigo de Galiza, o meu padriño na bautismal aprendizaxe da cultura galega e nas xeiras patrióticas. Despois do pasamento de meu pai, nunca sufríu o meu corazón unha fenda máis espiñenta.

Coñecín a Saleta e o Manuel aló polo ano 65, cando cursaba segundo de teoloxía no Seminario de Lugo. As miñas inquedanzas xa se inclinaban polos ideais nacionalistas e encetaba a ler libros de versos en galego. Por certo, que a miña rodaxe na nosa lingua comezou por *Muiñeiro de brétemas*, denantes de acadar a imensa sorte de disfrutar da amizade do seu autor.

Cada vez que dende Quiroga, a miña vila natal, me desprazaba co taxi a Monforte, non esquecía unha curta visita á librería Xistral. Un anaco de amigábel parola sempre sementaba unha idea nova, o aguillón para a lectura dun libro recente ou a lembranza dun feito histórico importante para o entendemento do pasado galego.

No verán do 69 un rapaz monfortino, Lis, desexaba iniciar a súa vida de casado, celebrando a cerimonia eclesialística en lingua galega. Manuel avisoume e personeime na histórica cidade do Cabe un domingo de agosto, tras unha longa viaxe en moto dende a Fonsagrada. Repartínlle aos asistentes, entre os que se atopaban Saleta, Manuel e Lois Diéguez, uns folletos para respostar axeitadamente á liturxia en galego. Cando este servidor e outro crego amigo do Manuel xa estábamos ritualmente vestidos para saír ao altar, o párroco deprecátouse de que a liturxia fise desenrolarse en galego. Alporizouse e prohibíunolo. Nós negámonos a empregar a lingua cervantina e o párroco viuse na obriga de casar os noivos persoalmente e en castelán. Nesa coxuntura, de simples escudeiro pasei a cabaleiro das lides galeguistas baixo o padroado do Señor de Hortas e Vilanova.

Un periódico galego de Bos Aires denunciaría a actitude do párroco e o Manuel escribiría un artigo na mesma liña profética na revista “Chan”. Dende ese intre comprendín o senso da verdadeira amizade e apliqueille o parafraseo das verbas que enfeitizan o crismón de Quiroga: “amicitia, sit tibi melior auro”. O galano da vida sen a lumieira do amor e o caído da amizade sería insoportábel.

A nosa amizade non foi a resultas dunha labarada estantía, senón froito da continua quntura agarimante dun forno decote acceso ou dunha pinga de orballo que, luar tras luar, estremece a frol. Está inzada de fidelidade e lealdade, sementada ao longo de moitos anos e mantida, a pesares da lonxanía física, por unha íntima comunidade de parellos ideais e sentimentos afíns.

A marcha a Madrid para estudar Filosofía

## Cartas

### *Aznar en Georgetown*

Hai varios anos un grupo de cidadáns xuntabámonos nun restaurante local (El Buen Vivir) para compartirmos mesa e conversa após comermos xuntos. Lembro perfectamente que pouco despois de que José María Aznar empezase a ser presidente do goberno de España afirmei rotundamente que un cretino acadara tal importante cargo. Os meus amigos reaxiron na miña contra subliñando o esforzo do devandito no “centrado” do PP (proxeción paranoide, segundo teño explicado). O meu argumento de que só a un necio podían gustarlle á vez os escritos de Manuel Azaña e de Manuel Fraga non tivo, segundo lembro, moito eco. Hoxe preguntaríaalles

aos meus ex compañeiros de fiadeiro se, despois do catalogábel discurso de Aznar na moi polo Reino de España subsidiada, Universidade de Georgetown, persisten en creren na, segundo eles, onte brillante e hoxe para-límpica intelixencia de Aznar e a súa hipotética actividade de “centrado” do PP. Á interesada profecía autorrealizadora do profesor Samuel Huntington (que non esquezamos atinxe os hispanos) debemos sumármonos afevoados ao engadírmos berrando Santiago e fecha España!; viva o choque de civilizacións! O reseño manifesto do cruzado Aznar, secundado por outras luminarias do seu partido, como as ofrecidas polas declaracións de Eduardo Zaplana deberían ser exemplos fáciles de unidade diagnós-

tica para os futuros aspirantes a un posto nun frenopático. ♦

XOSÉ PÉREZ OIA (VIGO)

### *O PP resistirá*

Non penso factíbel que o PP acabes esgazándose por moitas ameazas que faga Xosé Luís Baltar. Podería parecermos que usa unha esterxia de recolector de votos pa-

<p><b>FÉ DE ERROS</b></p> <p>Na páxina 17 do número anterior, incluímos unha entrevista co arquitecto Manuel Rodríguez Viqueira, ao que por un erro sinalamos como Manuel Martínez Viqueira. ♦</p>
--

# Manuel María, memoria da tribo

XOSÉ ESTÉVEZ

O autor fai un repaso da súa relación co poeta Manuel María ao longo de varias décadas. Ademais exalta as virtudes do escritor como valores a imitar.

e Letras e, máis tarde, ao País Vasco para exercer a profesión de ensinante amorteceu as nosas relacións “visu a visu”, mais non os venciños amicaís, que se anovaban durante as vacacións, as conversas telefónicas e a correspondencia.

De xeito paseniño, as vinculacións foron medrando en cantidade, calidade e sinceridade, froito, sobre todo, dunha semellante concepción mental, sentimental e espiritual. Explicitábamnos os nosos máis íntimos anxeios, aspiracións e problemas nunha especie de confesionario aberto a dúas bandas, sen que endexamais se disterase entre confesor e confesado e, por suposto, sen que ningún emitise nunca as verbas finais de absolución, senón as derivadas de escoitar e comprender, virtudes que atinxen aos amigos, segundo os principios de Aristóteles na súa *Ética Nicomedia* ou no tratado sobre a amizade de Juan Luis Vives.

Tras a obrigada visita aos meus pais, non fallaba ao acto ritual de trasladarme á Xistral, nas monfortinas galerías Fontecha, para saudar, con efusividade e emoción non contida, á Saleta e o Manuel, parolar coa paciencia dos vellos petrucios “de omni re scibili” e “observármolos competentemente”. Tamén aproveitaba para enterarme das novidades editoriais e facer as correspondentes mercas de libros e cerámica de Sargadelos.

Nos xantares e ceas, coas súas inexcusábeis tertulias posteriores, nas visitas a familiares, amigos e persoeiros e nas viaxes pola xeografía galega, na compañía de Saleta e Manuel, aprendín máis que nas lecturas librecas, nas monótonas xeiras universitarias e no percorrido da miña experiencia vital. Nas viaxes non podían esquecerse tres ritos obrigados: alender lumiñas nas eirexas e santuarios, visitar os amigos e depositar ramos de froles nas campas dos poetas e personaxes xa finados da cultura galega, e de outras: Celso Emilio de Celanova; Díaz Castro en Guitiriz; Pondal, Murguía, Luis Seo-

ne, Curros e Chané, na Coruña; Risco, en Alariz; Delgado Gurriarán, en Córrego; Gabriel Aresti, en Derio; Francis James en Hasparren (Iparralde) e Góngora, en Córdoba.

As xeiras do Manuel polo País Vasco foron numerosas: recitais, conferencias, congresos Galeuzca, pregón do Día de Galiza en Euskadi, visitas á campa do seu amigo Gabriel Aresti e a do seu admirado Francis James. Recorreu o ridente País euscaro dende Hasparren deica Berguenda e dende Leire até Santurtzi, recordando os devanceiros paternos da Saleta e dedicándolle dous poemas en “O camiño é unha nostalgia”.

Manuel dignouse prologar o meu libro “Impenitencias galeuzcanas” e eu tiven a inmeresciente honra de frontispiciar os adros de dous poemarios seus: *Ritual pra unha tribo capital de Concello*, adicado a Outeiro de Rei, e *Sonetos ó Val de Quiroga*. Iste derradeiro é o máis férvido símbolo da nosa amizade. Enxergoume en virtude do meu teimoso petarreo e dedicouno ao val queirogués, a tribo dos meus amores e doores e terra orixinal da súa avoa, Consuelo, quen tamén levaba un apelido Neira. Non sería descartábel que correse sangue parental polas nosas veas.

A Saleta e a Manuel débollles os anacos dun ringleira de valores que eles posúen e que quixera esforzarme por imitar:

- o agasallo increbábel da súa amizade,
- o impagábel galano da súa poesía,
- a druidica fidelidade e o tenso compromiso social, ético e estético cunha Lingua, emblema substancial da nosa personalidade diferenciada,
- un latexo carraento contra a sangüía emigratoria,
- un fondo amor ao País, pobo de labregos, mariñeiros e traballadores,
- o agarimo polas nosas tradicións, gastronomía, romarías, cruceiros, castros, petos de ánimas, costumes e idiosincrasias,
- o intenso coñecemento da nosa literatura e nosa historia,

**‘Morreu para min o millor amigo de Galiza, o meu padriño na bautismal aprendizaxe da cultura galega e nas xeiras patrióticas’**

- a visión humana, trascendente e arrequecente da paisaxe, especialmente en dous lugares, paraísos inexpugnáveis da memoria: o regato do Cepelo e a carballeira da Santa Isabel.
- o aprezo polo noso sen desprezo do alio,
- a querenza pola variedade como sinal de riqueza,
- a birra da emprobecedora uniformidade,
- a perfecta coerenza na traxectoria existencial,
- a lealtade a proba de bomba,
- a capacidade de admirar a fermosura alí onde se atope,
- a sabedoría de beber viño sen embebedarse,
- a sabencia de enfeitizar, sen gula, o ceo da boca cos manxares terrenais.
- a magnánima comprensión das fallas humanas,
- a preferencia polo traballo humilde e cotián,
- unha digna e austera sobriedade,
- a inqueda polo detalle dun caravel murcho, dunha fontíña perdida, dunha bidueira solitaria, dunha lagoíña esquenciada e do curto regato do Cepelo, nado e fiando na mesma tribo.
- a nostalxia dun muiño esborrallado,
- a carraxe por algunha ermida en desfeita pola incuria veciñal e clerical.
- a defensa dos vellos trens abandonados,
- a señardade dos carros cantaríns, do vóo dos cabaliños do demo ou do asubío dos xilgaros,
- a lembranza dos devanceiros sulcados de colleitas,
- a fogueira da memoria como faro do futuro e sinal de identidade colectiva,
- o constante apoio ás causas patrióticas,
- as oracións polos tolos e bébedos,

- o don da palabra demorada e ricaz,
  - a imensidade dunha nidia e aberta mirrada como a palma da mao,
  - a crara limpeza nas actitudes,
  - a xeneira contra a raposería, a caroucada e o palafreneirismo,
  - a axuda aos máis miserentos e desprotexidos da sociedade,
  - a desinteresada disponibilidad de servizo,
  - o afastamento da soberba vaidade,
  - un esperanzado optimismo,
  - o humor san e amábel,
  - un ledo e atraente vitalismo,
  - un fartureto anecdótico,
  - o lostregamento do paifoco papanatismo cosmopolita,
  - o alonxamento dun pragmatismo esterilizador e egoísta,
  - a utopía como provedora do cambio estrutural e persoal,
  - unha xenerosidade sen fronteiras,
  - unha cosmovisión integradora e pan-teista do mundo,
  - unha relixiosidade natural, priscilianista, ategada de filantropía e franciscanismo,
  - un enxebre concepto da familia como célula básica de enraizamento e hominización,
  - unha fraternal solidariedade cos Pobos asoballados e unha rexa aposta por un porvir soberano para a nosa benquerida e magoada nación.
- O 8 de setembro non enterramos o corpo do Manuel, senón semente de froito longo. No ceo da patria Manuel María sempre será unha estrela nova. Na memoria da tribo Estévez-Goñi ocupará o lugar máis importante do fogar, a lareira do corazón. Na patria galega xa refulxen tres faros decote accesos: Rosalía, Castelao e Manuel María. ♦

XOSÉ ESTÉVEZ é quirogués e profesor de universidade no País Vasco.

## Ao Manuel

Que carro ha cantar agora  
Polos camiños da Chaira,  
Cando o mesmo carro chora  
A morte do camarada?  
Hanos capar hoxe o cuco  
Cando pola alborada,  
Choren as anduriñas  
A ausencia da túa mirada?  
Quen nos definirá agora  
As lindes da Chaira nosa,  
Con verba firme e fermosa  
Como a que ti empregabas?  
Mais Manuel, mestre,  
Desculpa a nosa ignorancia,  
Perdoa a nosa soberbia  
Que, aínda, fica esperanza...  
Dános o teu alento  
Para avivarmos a ialma,  
Para xermolarmos conciencia  
Do que quer dicir "Patria"  
E perdoa as nosas ofensas  
E mediocridades vanas,  
Para facermos camiño  
Namentres nos quede a fala.  
Do teu nome nos lembremos  
Cando se diga Chaira,  
Recordándonos daquela,  
Que os teus versos, a chaman.  
Descansa en paz compañeiro,  
Poeta, irmán, camarada,  
Que esta, túa nai chairega,  
Xa te ten na súa entraña.  
E has ver de moi bo grado  
Que a túa gran tarefa feita,  
Vai xermolando, aos  
pouquiños,  
Nunha Patria máis ceiba.

Sempre nos nosos corazóns,  
Sempre na nosa alma,  
Desde a Chaira...,  
Nós, xente das Brigadas.

FERRO, no nome das Brigadas en Defensa do Patrimonio Chairago.

chamárlles Sergi e Jordi. Entra mellor o catalán que o galego.

**No comercio.** Catro con cinco euros non son 4,5 senón 4,05. A linguaxe pervertida vence as **matemáticas.**

**Ian dar** cabo do terrorismo. Mais, esta semana aínda, os Estados Unidos bombardearon, desde o aire, un barrio de **Bagdad.**


**Non será** obrigatoria a clase de relixión. Pero haberá historia da relixión nalgúns cursos. É bo, con tal de que non a impartan os **clérigos.**

**Concello** de Tui. Programa de actos. 2 e 3 de outubro. Entrega da medalla da cidade á Armada Española. Izado da bandeira. Acto de homenaxe aos Caídos. Desfile da forza naval, etc. Pois si que se **renova o PP.**

**O que** está pasando con Baltar é a culminación do desmantelamento do sector **primario.**

**Na Idade** Media traizouo a nobreza, no XIX a fidalguía, no XX os caciques. Galiza perdeu as tres veces, pero as súas elites perderon **con ela.** ♦

Xosé Lois



## Carlos Crespo Alfaya, In memoriam

*Ao mundo deixo todo o que eu teño e o que sinto, o que fun entre os meus, o que son, o que sosteño.*  
(Marcos Ana)

Carlos Crespo Alfaya (1922-2004) foi esencialmente un home bó, comprometido e coherente, ao que lle roubaron a xuventude. "Déronlle duro", como decía César Vallejo, mais non lograron dobrear a súa vontade nin a súa esperanza.

Estudou bachelato en Pontevedra, onde exerceu como mestre interino e onde a

súa conciencia social levoulle a afiliarse ao Partido Comunista en 1942. Marcha a Madrid a estudar Químicas e alí, no 1948, é detido, torturado salvaxemente e condeado a dez anos de prisión. Cumpriu condena durante catro anos en Vigo, A Coruña e Santoña. Moi enfermo residiu dous anos coa súa nai e a súa sobriña en Guadalajara, até que recobrou as forzas necesarias para regresar a Galiza.

En Barrantes, acollido por un amigo que lle ofreceu traballo de contábel, monta unha

academia. A xente de Ribadunia, ante a calidade humana, fixo inútiles os controis policiaís e as trabadelas do Réxime.

Avanzada a década dos 60 ve comutados os seus antecedentes penais, podendo presentarse a oposicións que gaña a pesar das presións exercidas sobre o tribunal.

Nunca ocultou a súa devoción por Castelao, nin a súa condición de comunista. Membro do PCG e de Esquerda Unida desde a súa fundación e de CC.OO, mantivo a súa militancia até o día da súa morte. O

seus camaradas sentíanse orgullosos de militar ao seu lado. A súa memoria e a do seu tempo seguirán vivas.

(Republicano, comunista e ateo, Carlos Crespo Alfaya morreu a pasada semana no Hospital Montecelo de Pontevedra. Deixou dito que as súas cinzas quedarán no cemiterio de San Amaro ao carón da súa nai e, seguindo os seus últimos desexos, non quixo misas, nin choros, nin flores, só un caravel. A súa familia, amigos e compañeiros cumpriron o mandato.) ♦

EN POLEIRAS ALLEAS

**Pujol fala, por primeira vez, de como foi torturado**

Jordi Pujol rompeu o seu longo silencio sobre as torturas ás que o someteu a policía franquista despois de ser detido con outros militantes nacionalistas a raíz dos feitos do Palau da Música en 1960. Nun traballo histórico, de título *A les presons de Franco* de a pouco editado, o ex presidente da Generalitat explica por vez primeira que chegou ao cárcere Modelo de Barcelona en moi malas condicións físicas "porque me someteran a unhas malleiras moi contundentes que non me deixaban dormir. Tiña que facelo boca abaixo". Aínda que é de sobras coñecido que o líder nacionalista foi sometido a torturas ao seu paso pola comisaría de Via Laietana (segundo comenta *La Vanguardia*, 29 de setembro), até agora Jordi Pujol sempre se negara a falar en público e en primeira persoa do tema. O 27 de xuño de 1960, Pujol presentou unha denuncia contra o xefe da Brigada Político-Social de Barcelona, **Vicente Juan Creix**, por "golpes ou bofetadas na cara e o corpo, que lle produciron saídas de sangue polo nariz", e tamén por "maos tratos, consistentes en facerlle o que na xiría policial se chama a *cigoña*, ou seña, que descalzo e esposado coas mans atrás dos xoanllos, queda en posición se semi-flexión forzada, tendo ambas mans atrás dos xoanllos, que nesta posición estaría uns cincuenta e cinco minutos, durante os cales e a intervalos, lle pegaban cunha moca nos dorsos dos pes, e que o autor disto era o Sr. Creix; que como a posición era forzada e caera varias veces, tres ou catro delas, estando no chan, foi golpeado por todo o corpo e principalmente na rexión glútea", segundo consta na denuncia que o xuíz rexeitou, como era habitual. ♦



Rosalía Mera.



**Declaracións de Rosalía Mera, a segunda muller máis rica do Estado**

Rosalía Mera, ex muller de **Amancio Ortega**, dono de Zara, e na actualidade a segunda muller máis rica do Estado español, concedeu unha entrevista exclusiva a **Suso de Toro** (*El País semanal*, 26 de setembro). A accionista de Inditex e mentora da Fundación Paideia mostra o seu coñecemento da problemática galega. "Os vínculos sociais unían a xente; as tarefas agrícolas, os traballos colectivos, iso uníaa... Hoxe as máquinas fixeron que as tarefas comúns pasaran a ser particulares, e ademais a agricultura

aquí está a desaparecer como sector produtivo... A xente non é capaz de explicitar eses novos problemas. As mulleres da zona poden estar deprimidas, saber que non hai horizontes, pero non son capaces de interrelacionar". Rosalía Mera aparece, na mesma publicación, apoiando a plataforma *Nunca Máis*. ♦

**Chocolates Carmiña como síntoma**

"Fabricamos moi bos produtos como chocolates, algúns deles recomendados polas asociacións de consumidores como dos poucos exemplos de elementos que non favorecen o desenvolvemento do cancro: caso de Chocolates Carmiña, que pechaba as súas instalacións en Lugo no mes de xullo de 2003, porque os galegos e as galegas masivamente mercamos Nestlé, Suchard, ou Cola cao (...) O mesmo ocorre coas patacas frixidas Bonilla, feitas de excelente calidade queennebec e cultivadas na Limia, fronte outras marcas alleas entre as que salientan Matutano, Lays e outras". Son algúns exemplos de desaproveitamento dos valores propios sinalados por **Antón Mascato**, director de Edicións do Cumio, nun artigo publicado no voceiro de Esquerda Nacionalista *E.N. Galiza* (nº 5, verán 2004) e dedicado a resaltar a importancia da lingua como valor de mercado. ♦

Santy / El Progreso, 26 de setembro de 2004



**Meadas**

BIETTO IGLESIAS

Se a un español promedio lle preguntan ¿onde é Ourense?, responderá seguramente: onde Cristo perdeu o chisqueiro. De suataque, esa provincia con topónimo que contén ouro, sae nos papeis madrileños e causa dores de cabeza aos cabezudos da rúa Génova. De acreditarmos nos analistas políticos, asistiríase a unha batalla campal entre o repertorio de Agustín Lara e o da Charanga do Cuco de Velle. Rajoy e os seus mariaches cantan *Cuando vayas a Madrid chulapa mía*, encanto Baltar, coberto con boina de perillo, lles toca o trombone: *Se casas en Ourense pide a proba primeira, da cacheiriña do porco e o bo viño do Ribeiro*. Non é de crer que o presidente da Deputación ourensina, suxeito dunha estatura física e política moi similar á de Súper-Piñeiro (outra celebridade da estirpe dos afiadores), poda armar tan tremendo batifondo. Levo unha semana constatando que os galegos que son do revés (do BNG e do PSOE) depositan algunhas esperanzas neste episodio. Esperan que ao PP o parta unha centella procedente da Terra da Chispa. Escribo en sábado, a dous días da intervención do Rebelde co Grande Temoeiro, atalora aínda non se adiviña se esta meada chega a ramo ou a cousa queda en trappalada-ferro vello. En tanto e non se deciden, coa autoridade que me dá ser nado en Chisburgo, direilles que todo o folión se debe a un trazo idiosincrático: alá onde nós propendese á loucura. O voceiro popular *-El Correo-* admite por fin que a gobernación baltarista é caciquil e resésega. Tamén é unha paráfrase de Cabanillas: *En pé na Suevia* (nome dun histórico bordel da cidade das Burgas), *de inmortal historia*... ♦

O bl og do rumar

MANUEL RIVAS

**A crise da Gabardina**

**A** combustión do segredo. O máis atraente é a escenografía. E a luminotecnia. Ese enredo de luzco fusco. Todo semella transcorrer na boca da noite. O roce eléctrico das mangas con ases, esa fosforescencia téxtil dos traxes do trínque, ten o efecto do aire do lobo. Os protagonistas desprázanse en custosos carros motorizados, arreo de Audi e así, alimentados pola combustión do segredo e con octanos de silencio, mais de fondo resoan os cascos das bestas pola autoestrada. É unha crise crepuscular, e nas cinzas deste magosto político agroma, de novo, o pasado. No Monte Pío presidencial as xanelas proxeccion sombras. E Francis Ford Coppola roda Os pazos de Ulloa (IV parte).

**A gabardina.** Xa temos o MacGuffin, o elo da trama, a chave do suspense. De facer un thriller, eu a Fraga poñeríaa nopapel dun mandante que ordena os subalternos: "Sigan a ese home, a Iribarne!". Fraga é un propagandista de seu, foino toda a vida, máis tamén un confidente involuntario que se perde polas fendas da linguaxe. Mentres os analistas especulaban entre o tópico e o típico para explicar a crise da dereita galega, non se reparou en que as verdadeiras pegadas están no aparentemente secundario, como os mellores vestixios históricos están no lixo arqueolóxico. E velaf o intre clave da crise. O intre en que Fraga conta que a gabardina que leva no coche presidencial é un agasalho de Cufiña. Como a rosa de Gertrude Stein, en Galicia unha gabardina é unha gabardina é unha gabardina. Unha cousa é poñer a man no lume por alguén e outra poñer a súa gabardina cando chove. Iso si que é confianza! A gabardina galega é unha segunda pel. Fraga, coa gabardina de Cufiña, acadaba o auténtico poder presencial. Sobre todo nos pésame. A min non me estraña que a maioría dos *populares* galegos andaran a velas vir.

- Xa está todo arraxnado!
- E logo por que?
- Fraga vén de xantar no Vilas con Mariano.
- Si, si. Pero, de quen era a gabardina que levaba posta?

Estamos entrando no inverno. Chegan as borrascas, os ventos sieiros. A política galega vai tormentosa. Hai que buscar o voto polos camiños, debaixo das pedras, entre os outros toxos. Velaf a grande incógnita: Que será da gabardina de Cufiña?

**O peso da palabra.** Non hai discurso. Non hai retórica. Como nos tratos e desavinzas das feiras, cada monosílabo mídese polo seu peso. Xa o dicía Satie: "O que máis me interesa dun son non é escoitalo, senón medilo".

**Galicia e Florida.** Baltar: "Debaixo de Fraga, democracia!". Este político con ollar de renarde di ás veces cousas propias dun boi de Belén. Onde fixo a "mili" este home? O gran debate nos Estados Unidos é o servizo militar dos candidatos. Aquí andamos con moita consideración. Iso é o primeiro que lle había que preguntar a un verdadeiro candidato conservador en Galicia e Florida: A ver, que fixo vostede na guerra do Vietnam?

**As listas negras.** No xornal inglés *The Guardian* dáse agora noticia da delación de Cela para o franquismo, tendo por buzón o ministerio de Información, do que era titular Fraga Iribarne. A realidade cando aboia é a máis tremenda literatura comprometida. Coñecemos o delator, pero dáse a casualidade que o destinatario, o doutor Mabuse daquela ditadura, é aínda hoxe o presidente de Galicia. Convimos cunha amoralidade institucionalizada, coa fealdade histórica. O problema de Galicia é de sombra. Cando veremos as "listas negras" de hoxe nunha vitrina do Museo do Povo Galego?

**Confusión.** Eu de ser democrata disidente no PP galego, e a estas alturas de caza, faría como Dióxenes diante do perigoso arqueiro: colocaríaame a carón do albo, onde o centro da diana. Eche o lugar máis seguro! ♦



## Saír do Iraq

X.L. FRANCO GRANDE



**D**ixo ben Craig Unger, o autor d'Os Bush e os Saud: "Non creo que os EE UU poidan gañar no Iraq, nin poden retirarse e tampouco poden quedar". (*El País*, 22.09.04). Algo que expresa moi ben a entrambilicada situación en que ese país se meteu e da que tanto lle custa saír. Porque, hoxe, cando George Bush di que cómpre vencer e non retirarse, está pensando tan só no 2 de novembro.

O certo é que, ao día de hoxe, succédense os informes, as suxestións e xa os preparativos para o que algúns chaman "unha saída honrosa do Iraq". Boa proba do que afirmamos é a conferencia que, baixo a forma de xuntanza do G-8, se está xestando. Non falta quen diga, e pode que esa sexa a súa única finalidade, que se reduce a unha operación electoral máis, unha pantalla para ocultar o verdadeiro problema —o caos do Iraq— e non unha saída ao problema.

Pero o certo é que a conferencia foi proposta. E xa algúns proídos xorden aquí e acolá. Francia suxire, e semella que iso é o máis racional, que participen nela as forzas chamadas "insurxentes", máis implicación da ONU e retirada dos ocupantes. Non parece que ningunha desas suxestións, por agora, teña merecido dos EE UU moi boa acollida. Pero non sería realista pasar de esguello sobre esa proposta: aféctalles a uns e a outros de maneira substancial.

Cabe dentro do posible que se chegue a un acordo para que forzas de terceiros países, distintos dos invasores, constituían unha forza de verdadeira pacificación e control, baixo mando da ONU. Non é nada doado que os EE UU fagan semellante concesión. Pero aí é onde se verá se realmente queren saír do Iraq. Se está tan fóra de control como se vén dicindo, e como parece, pode que esa concesión sexa unha realidade. Pero sen o acordo coas forzas da oposición —os insurxentes—, sería impracticable calquera normalización do país.

A retirada vai ser escenificada á maneira americana, presentándoa de maneira que o mundo pense que as tropas, cumprida a súa misión, volven para a súa casa e os electores do 2 de novembro queden moi tranquilos e moi gallamardos vendo que os seus heroes están de novo nos seus fogares. E ata chegarán a crer as palabras cínicas de Bush na Asemblea da ONU do 21 de setembro: "O avance da liberdade sempre supón un custo, pagado polos máis valentes entre nós". E sobrára quen o crea. ♦



Ramón Villares, historiador; Xosé Luis Barreiro Rivas, politólogo; Daniel Pino, urbanista; Otero Pombo, empresario; Xosé Fortes Bouzán, exmilitar e Anxela Bugallo, dirixente do BNG, nun momento do debate. PERFECTO CONDE

## O BNG organiza un foro plural para unha mellora do autogoberno Expertos buscan un novo Estatuto

PERFECTO CONDE

**O 25 de setembro tivo lugar no salón de profesores da Facultade de Historia da Universidade de Santiago a presentación oficial do Foro Social para un Novo Estatuto, que xorde a partir dunha iniciativa posta en marcha polo BNG para que diversos sectores da sociedade galega actual reflexionen acerca dos contidos que debería incluír unha posíbel reforma do Estatuto de Autonomía coa que fixar as bases do autogoberno de Galiza.**

Coa coordinación de Anxela Bugallo, viceportavoz do BNG, Xosé Luís Barreiro, Pablo González Mariñas, Ramón Villares, Xosé Fortes Bouzán, Daniel Pino, Xabier Martínez Covas, Salustiano Mato, o actor Antonio Mourelos, Francisco Cosntenla, Xosé Luís Doval e o empresario Otero Pombo —outros membros do Foro, como Vitor Freixanes e Manuel Bragado desculpáron a súa ausencia por razóns xustificadas— déronlle os derradeiros toques á organización das áreas de traballo nas que se van debater os distintos aspectos que debe recoller, na súa opinión, un novo Estatuto Galego de Autonomía.

Estas áreas son as seguintes: Democracia, participación e Novo Estatuto (coordinada por Xosé Luís Barreiro Rivas), Administración Pública e Novo Estatuto (Pablo González Mariñas), Cohesión social e Novo Estatuto (Emilio Martínez Rivas), Ordenación da economía e Novo Estatuto (Xabier Martínez Covas), Servizos Públicos e Novo Estatuto (Xosé Luís Doval), Ensino, investigación e Novo Estatuto

(Ramón Villares), Identidade, cultura e Novo Estatuto (Vitor Freixanes), Desenvolvemento sostíbel e Novo Estatuto (Salustiano Mato), Ordenación do territorio e Novo Estatuto (Daniel Pino, Otero Pombo e Manuel Pérez). Dereitos civís e Novo Estatuto (Xosé Fortes Bouzán), Espazo audiovisual e Novo Estatuto (Antonio Mourelos) Política lingüística e Novo Estatuto (Manuel Bragado), Sociedade da información e Novo Estatuto (Xosé Ramón Pousa) e Facenda pública e Novo Estatuto (Francisco Cosntenla).

Tal como indicaron os promotores do Foro, tanto a organización presentada como a metodoloxía de traballo segue estando aberta a achega de novas ideas e á incorporación de persoas expertas que estean interesadas en poñer o seu gran de area para que esta iniciativa resulte eficaz e cumpra os obxectivos marcados dende o seu nacemento.

Xosé Luís Barreiro Rivas, responsábel de Democracia e Participación, que actuou na presentación como o principal por-

tavoz desta nova plataforma de participación, marcou someramente o tempo para executar esta nova iniciativa. "Haberá unha primeira comunicación de carácter público —dixo— a finais deste ano, ou a principios do 2005, para informar das primeiras conclusións coas que imos pretender que Galiza entre a fondo no debate pola reforma estatutaria. No sei aínda se será coa forma de documento interno ou como, pero será algo co que nos poñeremos en comunicación coa sociedade".

Segundo Barreiro, "é bo que os partidos políticos consulten coa sociedade e non elaboren a súa estratexia só en función dos seus intereses". Tamén se expresou con estas palabras: "Non imos facer un programa político. Para iso están as estruturas políticas". X.L. Barreiro Rivas

mos conscientes de que non estamos provocando a modernización de Galiza. A modernización de Galiza xa está en marcha a unha certa velocidade. O que estamos é recollendo os impulsos da sociedade e intentando que o proceso institucional e político entronque con esa sociedade".

Ramón Villares dixo que se trata de "debater a presenza de

Galiza no contexto político español". En clave de humor, pero tamén para poñer os puntos derriba dos is, asegurou que "este non é un foro do BNG, pero tampouco é a torre de Babel". Pola súa parte, Pablo González Mariñas opinou que "existe unha demanda social de que se faga unha

reforma estatutaria, a respecto por exemplo ao financiamento e respecto á incardinación de Galiza co estado".

Anxela Bugallo manifestou que "o BNG é consciente da situación que se abre neste momento, e non buscamos simplemente un novo estatuto do BNG senón un novo Estatuto de toda a sociedade galega, un novo Estatuto de Galiza". ♦

**'Non imos facer un programa político. Para iso están as estruturas políticas'**  
X.L. Barreiro Rivas

# O Partido Galeguista anuncia o retorno á política activa

**H.V.**  
O Partido Galeguista anunciou a súa volta á política activa, logo de estar trece anos sen participar nunhas eleccións. O pasado 26 de novembro a organización Democracia Progresista Galega incorporouse a esta forza política e o vindeiro trece de novembro celebrárase un Congreso para reestruturar a dirección e marcar un punto de partida.

A incorporación do partido do ex alcalde de Vigo Manuel Soto

produciuse despois dun proceso que comezou hai un ano. O pasado domingo 26 de setembro, aproveitando a incorporación de Democracia Progresista Galega, varias persoas desta formación pasaron a engrosar tamén a Executiva do Consello Galeguista. Esta nova dirección, que será ratificada no Congreso do 13 de novembro, estará presidida por Xabier González e engrosará tamén por Manuel Soto na secretaria xeral, Francisco

López Franco na Secretaría de Implantación, Celia María Conde na Secretaría de Organización, Rosa María Tebar na Secretaría de Comunicación, Elías Pérez na Secretaría de Finanzas e Vanesa Prieto na Secretaría da Mocidade.

Segundo indicou o dirixente galeguista Francisco López Franco, a razón para retornar á política activa tras participar por última vez nunhas eleccións nas municipais de 1991 vén dada porque “en-

dentemos que a sociedade demanda agora unha forza como a nosa; no seu momento a liña que mantiña a cidadanía non era propicia e decidimos hibernar, pero hoxe si que a xente a quere; cómpre ter en conta que todas as enquisas indican que o 33% votantes van ás urnas sen convicción, ao tempo que os partidos de implantación estatal tratan de apropiarse do discurso galeguista porque saben que a sociedade demanda estas ideas”.

# Unha petición de constituír unha alternativa a AMI provoca un conflito no independentismo

**A.N.T.**  
Quince asinantes dunha carta –todos eles de Nós-Unidade Popular– reprocháronlle á Asemblea da Mocidade Independentista adiar a súa afiliación á organización, aínda que tamén recoñeceron nesa mesma misiva que a súa incorporación ía acompañada da intención de constituír unha liña alternativa á orientación política maioritaria existente na AMI. Ademais, acusábase de orientarse cara un nacionalismo que cualificaban de “exclusivismo patriótico interclasista”, fronte á opción de Nós-UP centrada na “independencia, o socialismo e o feminismo” e sinalaban que as posicións de AMI constituían unha renuncia a ser unha organización sectorial “referente unitario da esquerda independentista no traballo juvenil”, razón

pola que concluían que “se a AMI renuncia a ser esse referente unitario será preciso criá-lo”.

A carta suscitou varias reaccións. A AMI emitiu un comunicado de resposta no que expresaba a súa sorpresa pola “urgencia” dunha solicitude de ingreso que coincidía coa etapa previa á súa VI Asemblea Nacional a celebrar en novembro e no que tamén manifestaba a súa insatisfacción sobre como se desenvolveu o proceso de reorganización da esquerda independentista, polo que agora, asegura, está nunha etapa de “reflexom interna”.

Pola súa banda, o portal Galiza libre entendeu que a carta dos quince militantes independentistas significaba o anuncio de Nós-UP de constituír unha organización xuvenil distinta de AMI

–que por outra banda, nunca se integrou en Nós-UP. En resposta, Nós-UP publicou outro comunicado para “desmentir a noticia falsa” da constitución dunha nova organización de mocidade.

Aínda que algunhas declaracións durante estas friccións foron subidas de ton –moito menores que as emitidas polas partes durante a actual crise do PP–, non estamos no momento de maiores diferenzas no seo do independentismo. É máis, nos últimos tempos producíronse algunhas novidades que contribuíron a despejar o camiño por andar. As relacións coa Frente Popular Galega melloraron grazas ao proceso para a convocatoria conxunta dun acto o pasado 25 de xullo e non houbo ningunha mostra de desagrado, nin por par-

te de Nós nin por parte da AMI.

Certo é que houbo disensións no Movemento de Liberación Nacional Galego nos últimos tempos. Dentro de Nós-UP manifestáronse diferenzas e un sector de afiliados de AMI tamén incorporados á fronte eludiron participar na campaña das pasadas eleccións europeas, nas que concorría Nós-UP. Na organización estudiantil Agir, que tampouco está integrada en Nós-UP, tamén se rexistraron tensións que en suma reproducían os conflitos das outras entidades do MLNG. Por último, pode inducir á confusión o nacemento da organización xuvenil Adiante-Mocidade Independentista Revolucionaria, na órbita da FPG, sobre todo porque se produce nun momento de achegamento entre a FPG e o MLNG.

## Vigo

### Si co meu coche

XOSÉ MANUEL AÑEL

Un día sen coches cheo de vehículos. A cidade ten un grave problema de circulación e non se alcanzan as medidas necesarias para aliviar o caótico tránsito.

as beirarrúas escudándose no argumento de que a súa condición de goberno minoritario lles obriga a aceptar as imposicións dos demais grupos. Esta nimia evolución, máis que convencemento, demostra unha obrigada adaptación ás circunstancias.

Se algo conseguiu o pasado goberno do BNG en Vigo foi deixar en evidencia aos sectores, até entón dominantes, que sostían o antediluviano discurso de oposición por sistema a calquera proxecto de peonalización. Iniciativas que suscitaron agresivas campañas en contra como as reformas do Calvario ou da praza da Independencia acabaron por ser aplaudidas e serviron de exemplo para moitos cidadáns que comezaron a crer que é posible outro modelo de cidade. Non só posible, senon inevitábel.

O padrón de vehículos de Vigo supera as 160.000 inscricións. Segundo estudos realizados polo

envolver políticas atrevidas que non estean lastradas polo medo á impopularidade que agarrota a meirande parte dos políticos. Sen quererlo, forzado pola súa escasa capacidade de manobra, o goberno vigués está a piques de adoptar unha medida que vai nesa dirección, a supresión do aparcamento en superficie nas rúas do contorno da praza de Compostela. Se de verdade houberse vontade e suficiente visión para seguir por ese camiño, a ese paso deberían seguir outros: máis rúas peonalizadas ou reservadas ao tránsito do transporte público, novos carrís bus, aparcamentos disuasorios nos accesos á cidade, máis rigor no castigo aos infractores das normas de aparcamento, un auténtico servizo ferroviario de cercanías, unha empresa metropolitana de autobuses...

Na Europa máis avanzada este camiño asúmese con naturalidade. Aquí en Vigo, a nosa alcaldesa monta en bicicleta para saír nas fotos, pero a súa política está orientada a seguir viaxando no coche oficial; vota a prol da continuidade dun fracasado sistema da ORA sendo consciente de que vai seguir sen producir ningún beneficio aos cidadáns, pero renuncia a presionar a Xunta para que desenvolva un auténtico plano de transporte metropolitano. Con este panorama, por moito tempo: “Vigo, co meu coche”.

## Hala Lugo!

XOSÉ M. SARILLE

**N**in unha interpretación sería sobre a crise que está a protagonizar o PPdeG. Como se as radios, as televisións e os diarios estivesen transmitindo un partido, un enredo ou unha voda de bobos. Ao máis que se chegou foi a considerar a Francisco Cacharro como un político do s. XIX. O resto é suspense deportivo.

Cacharro non é un político decimonónico, mais manda unha institución que desde hai moito tempo é unha cova da canalla, como diría o poeta. Non a Deputación de Lugo, senón as deputacións, nacidas certamente no comezo do s. XIX, pero que perviven e serven para desestruturar calquera intento estruturador que se queira facer nun país que pretenda selo. E isto nin unha palabra! Menos aínda que do control clientelar da Xunta.

Tampouco os partidos da oposición falan e se é certo que pretenden facer unha modificación do Estatuto, estaría ben que alguén explicasen o que carallo se vai modificar, se nen sequera nesta ocasión, cando todo cheira a podre, se fala de propiciar unha reforma que faga desaparecer as provincias.

Cacharro e Baltar representan a política mísera. Sucede que se hai órgano hai representante, como se hai pena de morte aparece o verdugo. Pero nin unha palabra en público sobre a función das deputacións. E moi pouco sobre a mordaza no Parlamento, a falta de liberdade, a liberdade de expresión amarrada. Unha atonía e unha dificultade para transmitir a mensaxe que case non se cre.

Xosé Manuel Beiras parece que dicía o outro día que se de el dependese, pensaría seriamente en abandonar o Parlamento. Talvez non interpretei ben, mais en calquera caso o Parlamento é o lugar onde neste momento se está a lexitimar un pacto democrático inexistente. Porque hai tempo que o PP rompeu as normas, o consenso básico da democracia.

É temeraria a proposta, e aínda que non a formulase el, pode facerse igualmente: que ocorrería se o BNG abandonase agora o Parlamento e existise a convocatoria de eleccións para a nova lexislatura e para iniciar a discusión da reforma do estatuto e a busca de mecanismos de control democrático?

Agora non é o momento, que as mans do lector aínda están na cabeza, mais despois talvez fose a hora de dicir que é unha verdadeira barbaridade e que temos que intentar gobernar a Deputación de Lugo. Cambiala desde dentro, como os troskos. Hala Lugo!

## CROQUES

AFONSO EIRÉ



## Fraga a xuízo

Manuel Fraga pode ter que declarar como implicado por algunhas das últimas mortes durante o franquismo. En 1963, mentres era ministro da Gobernación, foron axusticiados os anarquistas Francisco Granados e Joaquín Delgado.

Agora descubriuse que eles non foron os que cometeron o atentado polo que foron condenados. En 1999 a Sala do Militar do Tribunal Supremo negouse á revisión do Consello de Guerra. Agora os familiares e amigos dos axusticiados, pretenden que se reabra o caso. Así o teñen solicitado e, entre as primeiras comparecencias piden citar a

Fraga, como un dos responsábeis daquelas execucións. ♦

## A CIG contra a Constitución europea

O Secretariado Confederal da CIG acordou posicionarse contra a Constitución europea que vai ser refrendada a comezos do próximo ano. A decisión tomouse case por unanimidade, pois na votación só se produciu unha abstención. ♦

## Congresos made in Fraga

Ano 1983. Congreso de AP de Sevilla. Preside Ruiz Gallardón (pai), enviado expresamente por Manuel Fraga. Reconto de votos ás 22 horas. Aparecen

seis votos máis que votantes. O presidente proclama ganadora a lista oficial por catro votos "a expensas das reclamacións". Protesta da candidatura *alternativa* encabezada por Joaquín Ruiz Giménez como presidente e Amalia Gómez (man dereita logo do ministro Manuel Pimentel) como secretaria xeral. Demandan que se repitan as votacións. Ruiz Gallardón negase e afirma que el vén co mandato de Fraga para "que gañe o que ten que gañar". ♦

## O BNG ten preparada a máquina das eleccións

Antes do 12 de outubro as distintas asembleas comarcais do BNG deberán propoñer os nomes dos candidatos ás eleccións autonómicas se, como

pensan, Fraga decide adiantar os comicios ao mes de novembro, única data posíbel antes do verán próximo por mor do referendo sobre a Constitución europea.

Os nacionalistas poñen, deste xeito, en marcha toda a súa maquinaria interna para concorrer aos comicios autonómicos, aínda que a súa proximidade vailles facer abreviar os trámites na confección das listas por falta de tempo material. Se cadra a premura de tempo impide, dalgún xeito, as tesións internas que levan consigo estes procesos, maiores se, como pretende a dirección, as listas van supoñer unha importante renovación.

O aditado electoral muda todo o calendario político dos nacionalistas, tanto da fronte como dos partidos nela integrados. Así, se se consuma o adiamento electoral, a UPG tamén se vai ver na obriga de aprazar o congreso que ten previsto para finais do mes de novembro. ♦

## A Coruña

## O veciño Manuel María

MANUEL LUGRÍS

A morte do poeta caeu coma unha nevarada temperá sobre a cidade que o acolleu nos últimos anos. O chairego deixou a súa pegada no galeguismo coruñés.

As once da noite do día 8 de setembro, o corazón poético da Galiza, deixou de latexar nunha sala do Hospital Abente y Lago no Parrote coruñés, salferido en escuma e salseiros de mar nas ondas galgantes que, coma no poema de Cabanillas, bruan cerca, na ribeira limítrofe do Paseo Marítimo. Esta ruta, a carón do seu domicilio coruñés, tantas veces paseado nos últimos tempos polo amigo Manolo, era un percorrido que aos veciños e amigos facíanos habitual nas tardes de sol e iodo confundido na vea lírica que a cada paso deixaba a súa baril figura, indefectiblemente acompañada da Saleta e de cantos nos atopabamos no seu camiño e no dióivo de verbas que envolvían toda conversa con el.

Porque Manuel María era un veciño coruñés de Monte Alto

que integraba a comunidade máis activa e consecutiva na defensa incansábel do país, dende a voz e os silencios expresivos. Trasládase había dous lustros á rua de Orillar e, desde un primeiro intre, estivo no recoñecemento e na estima de todos, ilustrados e xentes da rúa, sen distinción ningunha, sen reticencias nin limitacións. O emblemático barrio de Fernán-Vello, de Manuel Rivas, de Xurxo Souto e tantas outras

xentes da arte e das letras, foi o seu derradeiro berce de intelecto e consideración. E durante anos non houbo reunión ou acto de calquera tipo que non contase coa asistencia do poeta e da súa palabra: homenaxe a Moncho Valcarce, reivindicacións cidadás como a do Asilo de Adelaida Muro, da lingua, o Día da Galiza Mártir no Campo da Rata, etc. Manuel María convertéuse en presenza indispensable de todas as manifesta-

cións cívicas, como imaxe dunha nación que vive incansante. Porque a súa vinculación con Monte Alto xa viña de vello. No ano 1955, xunto con Uxío Novoneyra celebra un recital en Santo Amaro coas reticencias da Delegación de Información e Turismo, que concede o permiso baixo atenta vixilancia pero que enche o local do Club do Mar nun acto que polo seu mesmo contido toma unha dimensión de tipo político que nin-

guén buscaba, mais que está a fever no corazón de moitos dos concorrentes. Anos máis tarde, no 1977 e no mesmo escenario, pronuncia unha maxistral conferencia encol da xénes do galeguismo que congrega practicamente todo o barrio e que sementa unha dinámica que chega até os nosos días, en centos de actividades na asociación veciñal, no eido cultural e, sobre todo, no sentimento nacionalista que agroma a partir do seu pensamento.

O pesar, nestes días en Monte Alto, foi inmenso. Mais sereo. Lonxe de espectáculos fóra de lugar, privou a reflexión e o recordo de todo o que significaba Manuel María no devir social e político da zona e, por ende, do conxunto da cidade que o acubillou nos derradeiros anos da súa estadia física entre nós. ♦

Todos temos escoitado multitude de cualificativos para definir un partido político: democrático, participativo, etc, pero non é habitual que alguén o cualifique como divertido e, moito menos, que relacione a diversión con que os afiliados fagan o que lles peta ou todo o contrario do aprobado nos seus congresos.

Francisco Vázquez, alcalde da Coruña, deunos a todos este verán unha auténtica lección sobre o que debe ser un partido plural e divertido. Non é ningunha novidade porque cando o PSOE defende que os terreos dos cuarteis deben ser dedicados a vivendas sociais, Vázquez sácaos a poxa pública, favorecendo a especulación inmobiliaria. Cando o Congreso do PSOE aproba por unanimidade unha resolución instando aos seus alcaldes á supresión da simboloxía franquista, o PSOE da Coruña e o PP rexeitan ao día seguinte esta mesma medida no pleno da corporación da Coruña. Despois de aprobar hai vinte anos o Parlamento Galego -o PSOE tamén- a Lei de Normalización Lingüística, Vázquez rexéitaa e negáase a utilizar o topónimo oficial da cidade... Todo isto feito con tal impunidad e o silencio cómplice da dirección do PSOE.

Pero Vázquez tiña que concretar as

Francisco Vázquez contra o PSOE  
Un partido divertido

MANUEL MONGE

súas posicións políticas sobre temas de actualidade, explicar en que consistía iso dun partido divertido, e aproveitou a ce-

recibiu o conferenciante con grandes aplausos.

Comezou a súa disertación, titulada

## ‘O alcalde coruñés maniféstase en contra do aborto, da eutanasia e da manipulación xenética’

“A Europa da esperanza”, coa máxima franciscana de “paz e ben”, posicionándose claramente en contra da política do PSOE en numerosos temas: Constitución da UE: Cualificou como “cicateiros” e a súa actitude como “pobreza intelectual”, a quen se negan a incluír na Constitución europea unha referencia explícita ás raíces cristiás de Europa.

Ensinando a relixión na escola como un dereito a recibir forma-

ción católica, “algo que é unha opción e non unha imposición, como din algúns que terxiversan as cousas” (Aplausos).

Aborto: Maniféstase en contra do aborto, da eutanasia e da manipulación xenética; “a vida é desde que existe e non pode ser algo que se manipule nunha probeta”. Defendeu o compromiso da igrexa e os católicos co dereito á vida, en contra de todos os ensaios e probas que se fan (Máis aplausos).

Financiamento da igrexa: Pronunciouse pola financiación da Igrexa polo Estado, que é “unha pequena compensación” polas actividades e servizos sociais que presta (grandes aplausos).

No coloquio, o auditorio deixa claro o seu descontento coas políticas socialistas e pregunta a Vázquez se está cómodo nun partido apoiado “polos sectores máis radicais do nacionalismo, gays, lesbianas e anti-globalización”. Outro pregunta: “Cómo é que unha persoa, católica coma vostede está nun partido que vai contra todo o que é natural? O alcalde está xa canso de tantas preguntas e remata a faena cunha definición que, sen dúbida, se incorporará aos estatutos deste partido no próximo congreso: “O PSOE é un partido moi plural e divertido”. ♦

## GALIZA E OS ORZAMENTOS DO ESTADO

A suba do 22% é inferior á reclamada polo Parlamento Galego

# Os orzamentos impedirán desenvolver o Plano Galici

RUBÉN VALVERDE

**Os Orzamentos do Estado para o 2005 medran en Galicia un 22% con respecto ao ano anterior, mais a cifra é inferior ao que pedía o Parlamento de Santiago. En total, recibirá 1.258,43 millóns de euros, cifra que supón o 7,2% do global do Estado. A suba non impide que se paralicen obras incluídas no Plano Galicia.**

Malia que a suba de investimento do Ministerio de Fomento é do 37%, o total é inferior aos 1.024 millóns que pedira o pleno do Parlamento Galego por unanimidade. Así, o Estado destinará 667 millóns de euros para novas infraestruturas, mentres que Galicia reclamaba 1.024 millóns. Este déficit imposibilitará que se acometan proxectos acordados no Consello de Ministros celebrado polo gabinete Aznar na Coruña no ano 2003.

Dos 409,7 millóns que investirá Fomento, máis da metade, 258,4 millóns, irán destinados a acometer obras ferroviarias. No resto do Estado, o Gestor de Infraestruturas Ferroviarias (GIF) ten consignados 5.263 millóns para cubrir as necesidades de alta velocidade. Galicia percibirá soamente o 4,9% do investimento ferroviario do Estado malia non contar aínda con ningunha liña de alta velocidade.

Este feble orzamento pon en cuestión o prazo de execución das obras ferroviarias do eixo Atlántico ou de Lubián Ourense. O secretario xeral do PSDeG-PSOE, Emilio Pérez Touriño asegurou que o presidente José Luís Rodríguez Zapatero comprometéase a telas rematadas no 2007. Non embargante, o volume de investimento apunta que non haberá alta velocidade en Galicia até despois do 2010.

A liña entre Lubián-Ourense, que agora pasou a denominarse Medina-Zamora-Lubián, ten un investimento previsto de 339.350 euros. Esta cifra servirá para facer un estudo da obra, pero significa que non se sacará a concurso público. Menor aínda é a cantidade da liña ferroviaria Ourense-Vigo, que contará con 100.000 euros.

No capítulo de autoestradas, a conexión entre Vigo e Porriño tan só vai contar con 40.000 euros. Esta partida impide que se poida avanzar no proxecto de reforma, prometido polos socialistas galegos durante a campaña das eleccións municipais. Entre as obras comezadas antes do accidente do *Prestige* destaca o escaso investimento destinado a autovía Santiago-Lugo, que só contará con 3,1 millóns de euros. Pequena tamén é a cifra destinada ao tramo Lugo-Ourense, con 2,2 millóns de euros. Ambas as dúas fixado o prazo de execución até o 2008, xa que segundo o Plano Galicia, o prazo previsto acurtaríase en 31 meses.

En canto ás novas autovías

proxeccionadas tralo Consello de Ministros da Coruña, as cifras que se destinan non superan en gran medida ás dos últimos orzamentos da era Aznar. Para o tramo de autovía entre Pontevedra e A Cañiza están orzamentados 800.000 euros. O pasado ano destináronse 305.000 euros. O custe do tramo é de 480 millóns e o prazo de execución remataba no 2011.

O segundo dos viais proxeccionados é a autoestrada Chantada-Monforte. Para o 2005 orzamentáronse 60.000 euros. O pasado ano, o gabinete Aznar destinou 182.000 euros. O custe da obra é de 196 millóns e o prazo de execución tamén concluíra no 2011.

Outros proxectos que verán truncado o seu comezo serán a ponte sobre o Miño en Lugo, xa que só se destinaron 100.000 euros para o estudo informativo. Tampouco se contempla unha partida significativa para a terceira rolda da Coruña, posto que os 110.000 euros orzamentados non permitirán que comencen as obras.

### Outros proxectos

O proxecto estrela deste ano será o porto exterior da Coruña, que recibirá 13 millóns de euros. Estes cartos permitirán comezas as expropiacións para a construción do peirao de punta Lagosteira. Máis cativa é a partida destinada aos aeroportos, que soamente recibirán 10,2 millóns, sobre un total de 1.472 para todo o Estado.

Os orzamentos en materia de infraestruturas –estradas, ferrocarrís, portos e aeroportos– deixan un panorama con luces e claros posto que aínda que o investimento incrementábase nun 30 por cento con respecto ao do ano pasado, queda lonxe da suba experimentada no 2004 en comparación co 2003, que foi do 58 por cento. ♦



A autovía Vigo-Porriño seguirá sen ser modificada malia as protestas dos usuarios.

PACO VILABARROS

## Só Educación e Cultura reciben máis orzamento do solicitado

O Parlamento Galego solicitara un investimento dos respectivos ministerios en Galicia de 1.556 millóns de euros e tan só recibirá 899,9 millóns. Por Ministerios, os mellor parados serán os de Educación e Ciencia e o de Cultura. O Parlamento reclamáballes nove millóns ao primeiro, mentres que no orzamento destinaranse dez millóns. Para Cultura a demanda era de cinco millóns e na asignación están previstos 8,3 millóns.

En todas as demais partidas, Galicia recibe menos do que reclama. Os departamentos máis prexudicados, despois do de Fomento, son Economía e fazienda –reclamábanse 163 millóns e destínanse 6,5– e Medio Ambiente –299 era a demanda e 183 será o que destine o executivo central–. Curioso tamén é o caso de Agricultura, Pesca e Alimentación. Supúñase que era un dos piares do Plano Galicia, polo que tiña que ver coa

recuperación do litoral e dos planos de emprego alternativo. Dende o Hórreo reclamáronse 50 millóns de euros, pero o Estado non destina nin un só céntimo a esta partida. Por último, Industria, Turismo e Comercio recibirá 1,3 millóns de euros, mentres que a petición parlamentaria era de 13 millóns.

### Outra vez as Fragatas F-100

Por terceiro ano consecutivo,

o executivo do goberno central inclúe nos orzamentos destinados a Galicia o custe de construción das fragatas F-100, que están a ser construídas en Izar-Ferrol. Concretamente, o Ministerio de Defensa destinará a Galicia 160,3 millóns de euros, que se corresponden, case na súa totalidade, co custe destes buques de guerra. O dato converte a Galicia no terceiro Ministerio que máis cartos recibe. ♦



## GALIZA E OS ORZAMENTOS DO ESTADO

## A segunda comunidade que máis medra en investimento

Como dato positivo cómpre destacar que Galicia é, despois de Cantabria, a segunda Autonomía que máis medra en investimento para o 2005. O crecemento de Galicia é do 22%, mentres que o de Cantabria é do 58,3%. Preto de Galicia sitúanse Ceuta (18,38%) e Andalucía (17,87%).

O volume de investimento


total sitúa a Galicia no sexto lugar, por detrás de Andalucía, Cataluña, Madrid, Castela e León e a Comunidade Valenciana. Antes da elaboración dos orzamentos o Partido Popular atacaba o executivo de José Luís Rodríguez Zapatero coa idea de que Cataluña estaba a condicionar o goberno do Estado. Non embargan-

te, o investimento previsto nos Orzamentos Xerais do Estado en Cataluña son un 0,91% inferiores ao ano pasado. Pola cola, as comunidades onde máis decreceu o investimento son Navarra (-44,94%), Madrid (-25,63%) e Aragón (-25,23%).

O investimento por habitante tamén se viu incrementa-

do con respecto ao exercicio anterior. Se o ano pasado Galicia situábase sete puntos por debaixo da media estatal, este ano a cifra está 11,7 puntos por riba da media. A cifra media por habitante sitúase en 457,43 euros, moi por riba dos 381 euros por habitante que recibiron nos derradeiros orzamentos da era Aznar. ♦


## REACCIÓNS



Emilio Pérez Touriño (PSDeG-PSOE).



Anxo Quintana (BNG).



Xesús Palmou (PPdeG).

Emilio Pérez Touriño, secretario xeral do PSDeG

### 'Son os mellores orzamentos para Galicia dende a Democracia'

"Obxectivos cumpridos". Con esta frase resumiu o secretario xeral dos socialistas galegos, Emilio Pérez Touriño, a súa valoración dos 1.258 millóns que se contemplan nos OXE para Galicia. Touriño rexeita as críticas e lembra que "nun informe da Xunta de xuño de 2004 demandábase para o vindeiro ano un total de 1.151 millóns de euros para dar cumprimento aos compromisos do plano Galicia. É dicir, cen millóns menos da cifra dada a coñecer".

Touriño criticou duramente a Alberte Núñez Feixó e afirmou que "as súas peticións son propias de quen se sitúa na demagogia. As cifras deste ano son o maior esforzo inversor en Galicia dende a democracia. Ademais, duplica a cifra do investi-

mento medio dos oito anos de goberno do PP, xa que pasaron dos 600 millóns de euros a 1.250 millóns". ♦

Anxo Quintana, portavoz nacional do BNG

### 'A este paso a alta velocidade chegará no 2020'

O portavoz nacional do BNG afirmou que "teremos contactos cos demais grupos políticos da cámara, así como co propio Partido Socialista, para mellorar o trato que recibe Galicia nos orzamentos. Hai que ter en conta que Zapatero carece de maioría absoluta en ambas cámaras".

Quintana fixo un chamamento "á decencia e seriedade, para evitar unha nova guerra de cifras e propaganda". A este respecto advertiu que "o BNG non se vai sumar nin a estratexia do non polo non do PP, nin tampouco á tese de xustificar o inxustificábel. Despregaremos cinco liñas de traballo para aca-

dar un desenvolvemento equilibrado das infraestruturas que teñan en conta todo o territorio, tras cualificar de alarmante o desprezo que os orzamentos amosan co sur de Galicia. A este ritmo de investimentos, a alta velocidade chegará a Vigo no 2020". Tamén critica que "por cada euro que se adica ao AVE en Galicia, Cataluña e Andalucía reciben cinco". ♦

Xesús Palmou, secretario xeral do PPdeG

### 'As cifras incumpren o Plano Galicia'

O Partido Popular de Galicia, a través do seu secretario xeral, Xesús Palmou, considera "insuficientes as dotacións dos Orzamentos Xerais do Estado para cumprir o Plano Galicia e o resto das actuacións comprometidas polo Estado". Neste sentido, Palmou sinalou que "é evidente que os orzamentos non respetan os acordos do Parlamento Gale-

go e do Congreso dos Deputados a favor do cumprimento íntegro do Plano Galicia. Tamén é indiscutíbel que afectan negativamente a actuacións que xa estaban programadas non incluídas no Plano, e que, como consecuencia, van verse atrasadas na súa execución".

Por outro lado, Palmou considera que estes orzamentos "poñen de manifesto a falla de peso político de Pérez Touriño, que se presentara como garante do Plano Galicia. Agora resulta que nin sequera as cifras que el barallou posibeis se recollen nestes presupostos". Por último, engadiu que "os deputados do PP de Galicia van presentar enmendadas que melloren estes orzamentos, demandando as cantidades que realmente se precisan para atender o Plano e outros compromisos existentes". A este respecto fixo un chamamento aos deputados e senadores do BNG para que "defendan os intereses de Galicia. Teñen unha gran oportunidade no Senado de votar en contra dos orzamentos se os nosos intereses non se ven amparados. Deste xeito os orzamentos non serán aprobados". ♦

## Carta aberta a Viale Moutinho

Mº DO PILAR GARCÍA NEGRO

Parabéns a José Viale Moutinho polo seu artigo dedicado, postumamente, a Manuel María, no número anterior deste semanario. Diremos –se couber esta distinción nada académica– que se trata dun texto "quente", que combina o mellor e máis sincero da recordación emotiva coa síntese apertada da importancia do noso escritor como grande poeta nacional, por certo, á espera, aínda, após o monumental traballo de recolla sociobiográfica de Camilo Gómez Torres, doutor "en" Manuel María, dunha científica e ponderada investigación que dea conta de todo o seu percurso literario, multixenérico, informe do seu papel innovador e pioneiro na resurrección contemporánea da literatura galega e o sitúe, máis aquí e máis alén de tópicos resesos, no lugar que merece nas nosas letras, na nosa cultura, e, como moi ben apunta Viale, na nosa historia. Mais os parabéns ao colega portugués teñen un outro motivo pola miña parte: unha mistura de envexa e de saudade: ¡qué idioma limpo, xenuíno, vivo e sen artificios! ¡Cánto botamos en falta que a conciencia operante sobre o uso social e público da lingua de noso non se vexa acompañada, na fala, dun maior esforzo por limpala de tantos castellanismos superfluos, tanta refina coloquial, tanta anemia...! ¿Qué dicermos cando ouvimos, máis unha vez, como semella "imposíbel" desprendérmonos dos "bueno", "pero", "igual" ou "ao mellor" (estes dous como adverbios de dúbida), "ahora", "esto", "rollo", "veña" (por "adeus") e... millenta máis. Adoptamos unha normativa de mínimos de concordia: ¿ha ser ela como eses (horrorosos) cuadros que encerran bolboretas desecadas? ¿Cándo a didáctica do galego visará dunha vez por todas, atender á necesaria reposición semántico-léxica, á limpeza dos castellanismos máis mancantes, a lle dar ao idioma a saíva e a xenuíndade que precisa? (Re)lean, por favor, o artigo de Viale: é galego limpo, nen máis nen menos... ♦



# Orzamentos 2005

CARLOS AYMERICH

Os orzamentos son o esqueleto do Estado. A súa análise revela, á marxe da foguetaría e da propaganda, a realidade das políticas públicas e as prioridades, sociais e territoriais do goberno de quenda. E o proxecto de orzamentos do Estado para 2005 non é ningunha excepción á regra: demostran ben ás claras cal é a consideración que de Galiza ten o gabinete de José Luis Rodríguez Zapatero e cales son, do punto de vista social e económico, as súas prioridades.

Vaíamos, pois, ás cifras. Galiza representa o 6,5 por cento da poboación total do Estado. Porén, vai recibir apenas o 6 por cento do investimento global dos diferentes ministerios e menos do 5 por cento do investimento total das diferentes sociedades públicas (entre as que inclúen AENA, Portos do Estado, Confederacións Hidrográficas, Renfe e Xestor de Infraestruturas Ferroviarias, etc.). En conxunto, o incremento a respecto dos orzamentos de 2005 é de apenas un 22 por cento. Moi lonxe do 58 por cento de incremento experimentado por Cantabria e, desde logo, moi lonxe tamén das cifras reclamadas polo Parlamento galego para o Plano Galiza: fronte aos 1.599 millóns de euros reclamados polo lexislativo galego, o proxecto apenas contempla 901.

Se imos ás cifras globais, o total de investimento previsto no proxecto para Galiza ascende a 1.242 millóns de euros (contabilizar, como fai o PSdeG-PSOE as indemnizacións aos damnificados polo Prestige como investimento non só é obsceno desde o punto de vista político, senón que carece do máis mínimo rigor técnico). Sen comparación posíbel cos 2.666 millóns previstos para Cataluña, os 2.992 de Andalucía ou os 1.492 de Castela e León. Cifras que inclúen, seguindo a tradición do PP, a

consideración da construción das fragatas F-100 como investimento territorializado en Galiza. E cifras que carecen, ademais, dunha planificación plurianual rigorosa quen de esvaer as dúbidas que seguen pairando sobre moitas das actuacións previstas.

Semella claro que con 100.000 euros non se vai iniciar a construción da liña de alta velocidade entre Ourense e Vigo no 2005. De feito, o grosso do investimento ferroviario en Galiza realízase no corredor atlántico, no marco do convenio Renfe-Xunta-Fomento. Nin un peso para o establecemento de transporte ferroviario de cercanías nin para o AVE do Cantábrico que desaparece sen explicación ningunha.

No que atinxe a infraestruturas viarias 3,1 millóns para a autovía Santiago-Lugo e 2,2 para a de Ourense-Lugo malamente darán para iniciar as obras o ano que vén. Sen se ter esclarecido aínda, por certo, se estas autovías van ser ou non de peaxe. Nin un peso para a conexión entre o porto de Vigo e o porto seco de Salvaterra. Nin para a terceira ronda da Coruña e a conexión desta cidade co aeroporto de Alvedro. Nin tampouco para a liberación das peaxes de autoestradas e autovías.

No ámbito portuario, 13 millóns de euros para o futuro porto exterior da Coruña (cal vai ser a súa fonte: venda especulativa de terreos portuarios, eventual e incerta axuda europea?), a pesar de non se ter aínda adjudicado o contrato, nin rematado o proxecto nin tampouco iniciado o expediente expropiatorio. Dos 1.324 millóns previstos para investimento total polo Ente Público Portos do Estado, apenas 100,1 (o 7,56 por cento do total) van ser investidos en Galiza.

AENA, pola súa parte, só vai investir nos aeroportos galegos 10,2 millóns de euros. Un 0,6 por cento do total previsto para o conxunto do Estado. Con estes cartos, todo indica que Madalena Álvarez volverá incumprir os seus compromisos e o ILS do aeroporto de Alvedro non será licitado neste mes de setembro.

En infraestruturas ambientais, apenas 171 millóns de euros para o conxunto de Galiza. Sen que prevexa acelerar as EDAR da Coruña e Ferrol que, sendo de competencia estatal, acumulan un atraso de máis de cinco anos.

O gasto social merece tamén un comentario. Debe valorarse positivamente a suba nun 6 por cento das pensións máis baixas –aínda lonxe da súa equiparación co SMI– mais débese reparar tamén en que esta suba linear non vai resolver o problema de fondo: as pensións galegas seguirán sendo as máis baixas do Estado (segundo datos do INSS relativos a agosto de 2004 a pensión media en Galiza é a máis baixa do Estado, ascendendo a 479,13 euros, fronte aos 577,96 da media estatal ou os 689,43 de Madrid, os 735,20 de Euskadi, os 537,75 de Andalucía, os 701,59 de Asturias ou os 485,10 de Extremadura) mentres non se modifica a actual regulación dos reximes especiais do agro, do mar e de autónomos. O que si é abertamente criticábel é que se volva botar man da caixa da Segurancía Social para cadrar unhas contas públicas que seguen a perseguir o fetiche do déficit cero.

Á vista destas contas enténdese por que o PSdeG-PSOE recusou apoiar o acordo parlamentario logrado na comisión do Plano Galiza e por que Pedro Solbes e Alfredo Pérez Rubalcaba, reunidos con Anxo Quintana e Francisco Rodríguez, recusaron comprometerse con cantidades e investimentos concretos. Enténdese a propaganda. E enténdese tamén, aínda que non se compartille, a actitude dunha Xunta que troca a compracencia cos orzamentos de José María Aznar pola existencia fronte aos de Zapatero. Esixencia, por certo, que non se estende nin aos orzamentos que ela ten de elaborar nin á reclamación activa dun outro papel para Galiza no concerto estatal. Só o BNG ten a lexitimidade e a forza, tal e como demostrou nos últimos meses, para corrixir no trámite parlamentario uns orzamentos que, a día de hoxe, son inaceptábeis para Galiza. ♦

## Santiago

# O atasco cotián

XAVIER LÓPEZ

O aumento de coches crea atascos que dificultan a puntualidade dos buses, polo que é preferíbel montarse outravolta no vehículo.

A definitiva conversión do antigo hospital xeral de Galeras nunha enorme morea de cascallos que seica van ser aproveitados noutras obras coincide en tempo, principio dun outono de entrada máis quente ca o verán que se foi, coa constatación de que o contorno do novo hospital clínico universitario semella ter vocación de manterse como un caos cotián, unha multitude de coches inventando aparcamentos sobre as beirarrúas e sitios aínda máis inverosímiles.

Non faltan propietarios de fincas próximas ao novo hospital xeral que brinden os seus terreos como posíbeis aparcamentos en superficie para conseguir unhas rendiñas adicionais a cambio de resolver o problema, que se paliará coa apertura do aparcadoiro da Choupana. A solución máis razoábel estaría en que houbera máis liñas de autobuses que comunicasen máis a miúdo o hospital co centro e barrios. Algunhas das liñas que hai agora en servizo só serven para ir ao hospital coma se se fose de ruta turística, sen depender de horas de visita ou consulta prefixadas. Así non hai quen poida deixar o coche na casa se non é pagando un taxi.

O asunto do tráfico en Santiago é a pescada que morde a espada. Moitos coches circulando porque os buses non son fiables nos horarios porque o atasco provocado polo exceso de coches lles impide cumprir a periodicidade prevista. Polo menos a compañía concesionaria do transporte público en Composte-

la amosa interese por facer máis entretidas as prolongadas viaxes dos sufridos usuarios. Estase a probar un sistema de pantallas que, ademais da inevitábel publi-

cidade –de establecementos situados co camiño que segue o bus–, facilitará portadas ou novas dos xornais de información xeral, prensa do corazón, previ-

sións meteorolóxicas e carteleiras de cine. Unha información que algúns viaxeiros terán oportunidade de ver até a saciedade, dependendo do traxecto que fa-

gan e do atasco nas rúas. En vez dun servizo pode acabar sendo unha nova tortura, como a dos condutores que imponen a emisora de radio que nunca escoitarías por propia decisión.

De todos os xeitos, o atasco máis grave no hospital xeral –tamén na cidade– é seguramente o referido ás listas de espera, que son de meses en asuntos graves ou que poden selo, e que poden roldar o ano cando se agarda para unha intervención de menor importancia. Iso si que son probas de paciencia. ♦

## Guisa e Napo

UXÍA E BRAIS



## Subliñado

# Non aparece

LOIS DIÉGUEZ

Encántanos observar estes días os distintos xornais e ollar os "partes" da TVG. Sobre todo desde que os do PP andan a decatarse das diferenzas que hai entre a España e a Galiza e dos seus intereses contrapostos. Inmaculada a presenza de Touriño en plano de presidente, só, de pé ou sentado, en fotos estudadas até entenceremos. Só lle falta agora, para parecerse á de Fátima, que nos faga algún milagriño (por exemplo, acatar a decisión do Parlamento do Estado a respecto de Izar, que con tanto tino presentou o deputado Francisco Rodríguez; ou imponer en Madrid os orzamentos que nos corresponden aquí). Pero o das fotos de Touriño asustanos, mais que pola imposición da súa figura á que nos teñen acostumbrados, polo modelo, pois dá a sensación de que non son tomadas polos fotógrafos dos xornais, se non polos do PSOE. Até aquí chega a conivencia da empresa co poder político. E asistanos tamén (a nós, tan vellos e con tanta experiencia), que tanto uns como outros (referímonos aos distintos poderes instalados na Galiza) agachen con espírito tan "pouco edificante" a foto de Anxo Quintana, líder do BNG e, pese a que non lles goste, portavoz da segunda forza política da nosa nación. Polo que se ve, tampouco a democracia lles vale. E son dos que máis a santifican. Loado sexa deus. ♦

# Unha completa base de datos permitirá coñecer a represión na Coruña do 36 ao 39

H.VIXANDE

Un convenio entre a Deputación da Coruña e a Universidade de Santiago financiará a realización dun proxecto de investigación sobre a represión e a guerra civil na provincia da Coruña entre 1936 e 1939.

Os traballos, que estarán dirixidos polo profesor do Departamento de Historia Contemporánea da Universidade de Compostela, Emilio Grandío Seoane, centraranse no estudo dos fondos do Tribunal Militar Territorial IV e das causas instruídas durante a guerra na provincia da Coruña. Inicialmente, durante un ano, elaborárase unha completa base de datos con vinte e cinco campos distintos, que será a máis extensa do Estado neste eido. Despois, cos datos conseguidos, durante outro ano, haberá un seguimento e unha investigación máis pormenorizada que permitirán coñecer o contexto histórico e o proceso de represión vivido na Coruña.

Emilio Grandío estima entre oitocentas e mil as causas instruídas na provincia da Coruña entre 1936 e 1939 polo Tribunal Militar Territorial IV, aínda que matiza que “en cada causa poden estar incriminadas entre unha e vinte e cinco persoas”. Grandío explica que “son causas xudiciais de todo tipo, nas que tamén hai roubos, pero que están baixo xurisdición militar porque hai unha circunstancia de guerra”. De todos xeitos, o investigador anticipa que “moitas son causas por rebelión ou por auxilio á rebelión, unha acusación que xa existía na xustiza militar pero que aquí se aplica de forma incoherente, por canto se xulga a persoas que, por exemplo, foron fieis á República, cando os que de verdade se rebelaron foron os do outro bando”.

Os fondos do Tribunal Militar Territorial IV son moi ricos porque, indica o investigador, “ao ser unha zona de retagarda nun réxime militar ditatorial en guerra sometíase a todo o mundo a un proceso de vixilancia moi intenso que se documentaba con precisión”. Deste xeito, o control era “de todo tipo, sobre as posicións manifestadas nos anos da República, os



Morteiros contra o Goberno Civil da Coruña o 20 de xullo de 1936.

comportamentos sociais, o modo de vida... investigaban todo”.

O estudo que se levará a cabo permitirá coñecer de forma amplamente documentada quen foron os condenados, as persoas que formaban os tribunais, as testemuñas, os acusadores, xa que as causas son procesos completos. “O que probablemente non apareza será o lugar onde está soterrada unha persoa executada, ou en que estrada a deixaron morta, pero si ao mellor as autorizacións dos párrocos para enterrarlos en lugar sagrado ou nas proximidades”, aclarou Grandío.

As causas do Tribunal Militar Territorial IV son públicas, xa pasaron cincuenta anos e calquera persoa pode interesarse polo proceso contra un familiar seu. Mesmo para os investigadores, había tempo que o acceso era libre. O que acontece é que este estudo permitirá coñecer os datos detallados porque é moi amplo. “Apare-

cerán procesos contra persoas coñecidas, porque teñen que estar”, dixo Grandío, aínda que matizou que “haberá casos nos que a persoa en cuestión non foi condenada a morte pero que si foi executada por un grupo de *incontrolados* que apareceu pola prisión na que fora internada. O paradiro destas persoas non se coñecerá porque as execucións están á marxe do proceso xudicial, aínda que todos sabemos que os *incontrolados* formaban parte do mesmo sistema de represión”.

O estudo tamén servirá para saber como se administrou temporalmente a represión. “Non é o mesmo o que aconteceu até decembro de 1936 que o que sucedía a finais de 1939. Ao principio a re-

presión foi moito maior, despois descendeu por varias razóns: sobre todo porque xa quedaba pouca xente que podía ser vítima da represión, porque ben foran executados, ben fuxiran ao ver o que pasaba”, explica Emilio Grandío.

Investigacións sobre a represión durante os anos da guerra hai moitas. Estímase que o setenta por cento dos libros da Serie Documentos de Edicións do Castro están dedicados á represión e hai varias teses de doutoramento que tamén abordaron esta cuestión. A novidade

está en que por primeira vez unha institución financia con cartos públicos unha investigación deste tipo e na mesma participan profesores universitarios.

As razóns para abordar este estudo están na necesidade de coñecer a historia. O profesor Grandío Seoane explica afirmando que “traballar sobre unha etapa da nosa historia que está por pechar é algo que se ten que facer con profesionalidade pero que é necesario porque para construír o futuro temos que pechar ese pasado”.

Por último, cabe dicir que o anuncio deste estudo enmárcase nun impulso que nos últimos tempos recibiu a investigación relativa á represión padecida por moitos sectores afíns á República a partir de 1936. Así, está aberto un debate sobre o destino da documentación do Arquivo Xeral da Guerra Civil de Salamanca, a finais de 2002 o Congreso aprobou varias resolucións para coñecer esta etapa e recentemente o Consello de Ministros decidiu a creación dunha Comisión Interministerial sobre este tema. ♦

## Por primeira vez, os fondos públicos financian un estudo deste tipo en Galiza.

### O FÍO DA LINGUA

## Coios

HENRIQUE HARGUINDEY

*teda carballedo/carballedo/carballeda, piornedo, laxedo/laxeda, reboredo/reboreda, seixedo*, etc. E, claro, *coido*.

A palabra *coio* pode presentar unha variante, *croio*, e calquera das dúas formas deu lugar a distintos derivados.

Segundo na idea de conxunto de coios, á beira de *coido* podemos ter *coieira*, e tamén *coñal* e *coñedo* (derivados de *coño*, o diminutivo). E mais *croieira* ou *croieira*, derivados de *croio*.

Os coios serviron sempre a rapaces e

raparigas para xogar, e así hai varios xogos que teñen esa palabra como denominación: *a coña* e os *coñios*, xogo tamén denominado *os pelouros*.

Como vemos en *coñia* tamén podemos empregar o feminino (*coia*, *croia*) nun procedemento moi usual no léxico galego.

Esa idea de cousa dura é a que explica que esta palabra, con distintas variantes como, *caroia*, *coia*, *croia*, *groia*, *goio*, etc., se empregue tamén co signi-

ficado de “carabuña da froita” ou de “gran da uva”. Noutro eido, enténdese doadamente que *groio* sexa unha denominación de “ciste, tumor duro nun músculo”.

Pero só os coios traballados pola auga do mar ou dos ríos adoitan ser arredondados, lisos e feitios. En xeral o coio, o croio, é irregular e mal feito, tosco. De aí que empreguemos tamén a palabra para denominarmos unha persoa –home ou muller– de aspecto desagradábel, xa sexa polo seu físico, polo seu xeito de vestir ou polos seus modos ou carácter.

Das dúas variantes, *coia* e *croia*, é a segunda a máis fiel á orixe etimolóxica pois a palabra procede do céltico *crodius* “duro, cernello”.

Quen pensara que ao facermos en galego a comparación é *duro* como un *croio* estamos reafirmando as raíces celtas! ♦

Con ocasión da maré negra do *Prestige* moitos galegos escoitamos por primeira vez unha palabra que non coñeciamos: *coido*. Enchéronse de piche algúns coídos da nosa beiramar. E a palabra foi mesmo empregada en español por un xornal galego ao dar a noticia malia non existir *coido* naquela lingua.

Naturalmente os coídos son conxuntos de *coios*, pedras procedentes de anacos de rocha desprendidos pola erosión e arredondados polo traballo do mar, que abundan na costa e chegan a cubrir praias e enseadas.

É sabido que o sufixo *-ido/-edo* (co feminino *-eda*) abunda en galego e indica conxunto, normalmente de vexetais ou minerais. Como é lóxico, moitas veces, o substantivo atópase en topónimos e apelidos. Temos así, por exemplo, *cunchido*, *bugallido*, *figueirido*/*figueiredo*, *louri-do*/*louredo*/*loureda*, *xestido*/*xestedo*/*xes-*

## NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

# O Parlamento aproba o novo Plano Xeral do galego A Xunta reconece implicitamente o fracaso da actual política lingüística

**LARA ROZADOS LORENZO**  
O mércores 22 de setembro foi aprobado polo Parlamento o Plano Xeral de Normalización Lingüística, logo de engadírense novas resolucións: a corrección, restitución e oficialización definitiva dos topónimos, e a solicitude de que a Xunta tome as medidas precisas para que os cargos públicos dos organismos autonómicos, sociedades e institucións públicas, empreguen sistematicamente o galego no exercicio da súa responsabilidade pública, tanto oral coma escrito.

Acéptanse tamén a proposta de establecer procedementos de seguimento, control e avaliación do PXML, e informar regularmente ao Parlamento, e a de promover o desenvolvemento orzamentario e regulamentario preciso para cada ámbito.

Por outra banda, modificouse parcialmente a solicitude dos nacionalistas de que todo tipo de axudas e subvencións que proveñan de fondos públicos deben implicar a presenza do galego: o texto final substitúe "deben" por "procure promover." Eduardo Gutiérrez, voceiro nacionalista no Parlamento, expón: "As accións que se tomaron até agora foron de persuasión, non coercitivas, e foron froito da presión que se ten feito sobre a Consellería de Educación, antes que de *motu proprio*." Difiere entre a necesidade de acreditar o cumprimento de moitas das medidas, e reforzar a idea de persuasión afábel noutras áreas. "Non teñen ningún carácter coercitivo: a Xunta convoca axudas para publicacións, filmes ou publicidade turística e o galego ten que ser condición *sine qua non*. Debe primar que os cargos vaian a onde se necesita, á lingua." tamén Dolores Rodríguez Seixas, do grupo *popular*, afirma: "O uso dunha lingua non se pode esixir, sobre todo cando vai dirixida ao sector privado. Por iso se aceptou a proposta que nós (o grupo *popular*) fixemos de modificar por "suxerir, promover, incentivar" e todo o que poida facer a Xunta." En definitiva, as subvencións son un estímulo: "un pode collelas ou deixalas", salienta Gutiérrez, pero deben cumprirse no tocante á lingua.

## Competencia

Os mecanismos de control e avaliación que se establezcan deben vivir este cumprimento. "O Plano é un avance, pero isto non significa que se deba "tender un cheque en branco", advirte o nacionalista. "Nós pedimos que se avalíen a execución e aplicación



Manifestación a prol do galego en Santiago en maio do 2003.

PACO VILABARROS

do plano. Para iso é fundamental que un órgano do goberno de máis amplitude que a Dirección Xeral de Política Lingüística lecciona, antes que de *motu proprio*. Difiere entre a necesidade de acreditar o cumprimento de moitas das medidas, e reforzar a idea de persuasión afábel noutras áreas. "Non teñen ningún carácter coercitivo: a Xunta convoca axudas para publicacións, filmes ou publicidade turística e o galego ten que ser condición *sine qua non*. Debe primar que os cargos vaian a onde se necesita, á lingua." tamén Dolores Rodríguez Seixas, do grupo *popular*, afirma: "O uso dunha lingua non se pode esixir, sobre todo cando vai dirixida ao sector privado. Por iso se aceptou a proposta que nós (o grupo *popular*) fixemos de modificar por "suxerir, promover, incentivar" e todo o que poida facer a Xunta." En definitiva, as subvencións son un estímulo: "un pode collelas ou deixalas", salienta Gutiérrez, pero deben cumprirse no tocante á lingua.

Dende o BNG non se percibe así: "son necesarias unha priorización e unha temporalización. En cambio hai medidas que realmente non son imprescindibles: falar coa Igrexa para que dea en galego a Misa do Peregrino é algo puntual, que non urxe tanto coma outras medidas realmente importantes. Hai diferente grao de esixencia segundo os ámbitos: é importante o ensino pero tamén a xustiza e sanidade. O plano necesita orzamentos." Aínda que esta proposta non foi aceptada, si o foi a de que se creen mecanismos de control, que respondan periódicamente informando ao Parlamento da situación.

## Vixilancia no ensino

O PP engadiu tamén unha enmienda de carácter técnico no campo da educación, modificando a proposta de que un "corpo de inspectores" vixie o cumprimento da normativa con respecto ao uso do galego no ensino. "Era un termo que non se axusta á realidade nin á normativa vixente", afirma Rodríguez Seixas. "Cambiamolo por "inspectores especializados", aproveitando a convocatoria que existe este ano por primeira vez, especificamente de lingua galega." Dende a entrada en vigor do decreto 247/1995 o galego foise incorporando ás aulas, pero sen acadar os parámetros estipulados por lei na maioría dos centros. A Xunta fala dun 94,81% de centros que seguen a lei, mais a CIG e a AS-PG cifran o cumprimento nun 23% en secundaria e nun 79% no 2º e 3º ciclos de primaria, no informe sobre o curso 2000-2001. E o que é máis grave, só nun 8,5% no preescolar e primeiros anos de primaria, que son os determinantes para a conciencia lingüística dos nenos. Non semella doado acadar o 50% da docencia en galego da que se fala no Plano. Anxo Louzao, secretario xeral de CIG-Enseño, ve con optimismo a medida: "os inspectores serán efectivos, aínda que sexa un método dificultoso: igual que avalíen a un profesor, coma funcionario público que é, cumpre cos

seus horarios e coas súas obrigas, avaliarán se o material docente está en galego, se os mestres imparten as clases na nosa lingua, e se o profesorado ten a formación necesaria para iso."

Outra cousa é a confianza na materialización da proposta: salientan que para iso debe concretarse e desenvolverse o Plano. "Temos unha motivación educativa pola normalización no ensino, e vemos que hai unha normativa de mínimos que apenas se cumpre na maioría dos centros", explica Louzao. O obxectivo da CIG-Enseño é que o incumprimento da lexislación non quede impune. "Vai ser difícil a non ser que haxa un cambio de goberno: o PP nunca amosou vontade política de facer que se cumpra a lei no campo da lingua e do ensino. En resumo, con outra política lingüística, cunha mínima vontade, a situación sería totalmente diferente."

A CIG-Enseño valora positivamente que se queira impartir a metade de materias en galego, e xa ten realizado campañas a prol desta medida, pero Anxo Louzao insiste: "iso hai que concretalo, poñer prazos, e facer un seguimento e avaliación." Tamén o feito de que nas aulas de preescolar onde a lingua ambiental sexa o castelán un terzo das clases se dean en galego foi unha iniciativa da CIG. Rafa Villar, responsábel técnico do departa-

mento de normalización, confía en que é posíbel galeguizar plenamente o ensino: "a LNL naceu nunha situación moi distinta á de hoxe. Hoxe é unha lei totalmente obsoleta: cambiou a sociedade, as tecnoloxías da información e a actitude con respecto á lingua. Cousas coma a inmersión lingüística no ensino non xerarían problemas."

## Continúa o bilingüismo

Un dos principais temores radica no concepto continuísta de bilingüismo harmónico, a falsa convivencia pacífica entre castelán e galego que xa viña expresada na Lei de Normalización Lingüística: "é algo ambigua, no momento en que parece que está a facer unha concesión: hai unha lingua primeira que é a oficial do Estado, pero imos deixar que estes aborixes teñan dereito a vivir na súa lingua," conta Louzao. "Non compartimos esa percepción, porque non se corresponde coa realidade de Galiza, co número de falantes e de xente concienciada que pide que o galego teña o estatuto de lingua propia." Tamén Rafa Villar explica: "o bilingüismo harmónico é un invento do PP para facer crer que a situación de conflito e diglosia na que vivimos é equitativa. Trátase de conseguir que o galego gañe progresivamente espazos, e o

## NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

# O 81% opina o mesmo do cinema O 66% dos cidadáns considera que o uso do galego na prensa é escaso

“bilingüismo” tira sempre cara á supremacía do castelán.”

O PSdG-PSOE, pola contra, aposta pola convivencia harmónica. Manuel Luis Rodríguez, voceiro de Educación no Parlamento, afirma: “mantemos esa posición de avogar pola igualdade de condicións entre as dúas linguas, o que pensamos que vai favorecer á lingua historicamente castigada. Queremos que esta lingua galega exactamente igual de presente có castelán.” En opinión dos socialistas, a diglosia prodúcese segundo a distribución xeográfica dos centros docentes: “hai zonas onde hai reticencia a impartir en galego, e outras onde case o 80% das materias se dan nesta lingua. Os estudantes teñen que coñecer o seu dereito a usalo, é unha cuestión de liberdade individual.” Insíste-se moito no carácter non coercitivo das medidas, o que é percibido por parte de moitos colectivos coma unha continuación da política lingüística anterior, tendente ao desequilibrio cara o castelán.

Eduardo Gutiérrez, por outra banda, afirma: “realmente, a análise da situación que acompaña ao texto é unha negación do concepto de bilingüismo harmónico, que é totalmente acientífico: amosa que a situación en detrimento do galego é dinámica, vai en progresión xeométrica.”

### A participación no Plano

Logo dunha serie de consultas, entrevistas e conversas, diferentes persoas e colectivos representativos dos distintos sectores foron convocados para formar parte das comisións verticais. Mais hai ausencias importantes, como é o caso da CIG. Rafa Villar conta que foron consultados, e puideron propor medidas, pero “non fixeron ningún intento máis por comunicarse conosco, un dos sindicatos máis representativos de Galiza, con preto de 40 mil afiliados. Convocáronnos a unha xuntanza anónimamente, e non pasaron de aí: no proceso de elaboración participamos nalgunha entrevista previa, na que xa deixamos claro o noso compromiso e disposición a contribuir ao seu éxito, tanto no ámbito que máis de preto nos toca, que é o sociolaboral, coma nos demais. A lingua é un problema común a todos, e na medida en que poidamos axudar, adiante.”

Eduardo Gutiérrez salienta tamén a necesidade de que un plano sobre a lingua implique a participación de toda a sociedade: “se cadra, ese concepto deberíase completar, incluíndo absolutamente todos os sectores, e, en segundo lugar, ao final do período de redacción antes de levarlo ao Parlamento, habilitar un período de coñecemento total e globalizado. Moita xente participou nas mesas sectoriais, pero conviña ter unha visión de conxunto. Mesmo debiera ser completado requirindo algún informe adicional, de entidades coma o Consello da Cultura.” ♦

### LARA ROZADOS LORENZO

Na radio e televisión non hai queixa, mais no cine, na prensa e en Internet, a sociedade demanda máis contidos en galego. Amósano as cifras do informe “A lingua galega nos medios de comunicación” que vén de apresetar o Consello da Cultura, coordinado por Henrique Monteagudo e Xan Bouzada, quen tamén o dirixiu xunto con Anxo Lorenzo.

O estudo realizouse a partir de 1.203 entrevistas telefónicas, a maiores de idade de 31 concellos distintos, ao longo dun mes. O cuestionario analizaba, ademais do perfil social e sociolingüístico dos entrevistados, o consumo de medios de comunicación en galego e a actitude perante os mesmos. “Hai unha boa correlación entre menor presenza



PACO VILABARROS

ñas xerais, máis da metade da poboación entrevistada, no caso de que se editara un novo xornal,

**‘O argumento actual das empresas xornalísticas é que non hai demanda nin receptividade, e o noso estudo amosa todo o contrario’**  
 H. Monteagudo

preferiríalo en galego, mentres que un terzo optaría por un coa mesma presenza das dúas linguas, e a un 11% gustaríalle que fora en castelán. Monteagudo salienta que a falta de competencia lecto-escritora nos falantes xa non é un atranco: case dous terzos da poboación len galego sen problemas, sobre todo a xente nova, que accedeu a unha educación na lingua propia. “Este vello obstáculo xa está moi superado. O argumento actual das empresas é que non hai demanda nin receptividade, e o noso estudo amosa todo o contrario”, salienta Monteagudo. O prexuízo de que o público prefire castelán está a ser desbotado: “non só hai demanda, senón que hai preferencia polo galego, e conciencia da escaseza de oferta, nos medios escritos en particular.” O estudo di-

### Hai demanda

As xeracións máis novas, de estudos medios ou superiores e que normalmente falan galego son as máis concienciadas con respecto a esta minorización da lingua no eido da comunicación, pero en li-

rixése fundamentalmente ás empresas de comunicación, reclamando unha maior amplitude na oferta. Hai máis posibilidades de consumo das que se pensan: “A actitude social é bastante receptiva, hai esixencia de galego.”

### Cara o consumo de masas

Mais certas producións culturais en galego seguen a ser de consumo minoritario: “hai unha oferta ampla e variada de libros e revistas, pero se pensas coa mentalidade do consumidor medio, as ofertas que hai en castelán, de formatos e contidos máis variados, non a hai en galego.” A literatura en ga-

lego e as publicacións culturais teñen un público reducido, “aínda que cualitativamente moi importante, porque é público culto”, indica Monteagudo. “Pero o que nos falta é chegar ao consumo de masas. Para isto é fundamental o papel dos medios de comunicación, que son os que poden axudar a divulgar a cultura galega, e conseguir que o consumidor medio poida ler en galego calquera cousa. Ese é o reto da expresión cultural galega.”

### O Plano: un avance

Un dos sectores acometidos polo Plano Xeral de Normalización Lingüística é precisamente o que integran medios de comunicación e industrias culturais. Consciente da importancia deste campo na percepción social do galego, a comisión propón medidas coma incrementar a un 30% o contido en galego dos xornais de aquí en dez anos. “As veces bótase en falta esa exactitude no Plano, e agrádecense medidas tan concretas en canto a temporalización e obxectivos”, explica Monteagudo. O que non está moi claro é como se vai conseguir isto: é un compromiso que non afecta á Administración. É un obxectivo bastante ambicioso, que require a colaboración das empresas de comunicación.” ♦

## ‘Polo menos hai plano’

A CIG-Ensin, coma moitos outros colectivos, salienta a necesidade de materializar as medidas máis urxentes e designar responsabilidades: “temos unha sensación contradictoria co plano: por unha banda é un salto cualitativo despois dunha política de vinte anos por parte da Xunta que fracasou. Non é o mellor plano, nin no seu desenvolvemento nin na súa concreción final, pero polo menos hai plano. Haberá

que ver o compromiso real do Goberno.” ♦

**‘Os inspectores serán efectivos, aínda que sexa un método dificultoso’**  
 Anxo Louzao (CIG)

## A MESA PARA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA precisa un/ha AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A

### FUNCIÓNS:

Colaboración na xestión diaria do local da Mesa en Santiago.  
 Colaboración na xestión da páxina web da Mesa.  
 Tarefas administrativas, arquivo, elaboración de relatorios e atención ao público.

### REQUIRESE:

Dominio oral e escrito do galego e compromiso co idioma.  
 Dominio do paquete de Office e de internet.  
 Capacidade de comunicación co grande público, os media e internamente.

Disposición para o traballo en equipo.  
 Resolutiva e con recursos.

Coñecemento das temáticas relacionadas coa lingua e o seu tecido institucional.  
 Coñecemento sobre políticas lingüísticas e a situación legal do galego.

### VALORARASE:

Experiencia en posto semellante e/ou en traballo asociativo.  
 Dominio escrito dos estándares portugués e/ou brasileiro.  
 Coñecemento de inglés e/ou francés.

### OFRÉCESE:

Incorporación inmediata.  
 Retribución 688 euros netos (e 2 extraordinarias).  
 Xornada completa (de 10 a 14 e de 16 a 19 h.).  
 Lugar de traballo: Santiago de Compostela.

As persoas interesadas poden enviar CV antes do 7 de Outubro indicando referencia “Auxiliar Administrativo/a” ao Apdo. de Correos 247 - 15705 de Santiago de Compostela, ao e-mail [amesa@amesanl.org](mailto:amesa@amesanl.org), ou entregalo en man no local nacional da Mesa: Campo do Cruceiro do Gaio 7 - 1º, de Santiago.

## Revista acudir a un foro sobre redes de comunicación en Ponteareas

# A Deputación da Coruña levará internet sen fíos aos concellos das Mariñas

**H.VIXANDE**  
Un acordo asinado entre a Deputación da Coruña e o Consorcio das Mariñas levará a internet sen fíos a prezos moi económicos aos concellos do contorno coruñés. A implicación do Ministerio das Administracións Públicas permitirá financiar o proxecto.

O proxecto pretende impulsar o "acceso dos cidadáns ás novas tecnoloxías e a súa integración nos eidos culturais e educativos". Para iso, establece como obxectivos a conexión das zonas rurais ou máis desfavorecidas en canto a servizos dixitais e a creación dunha rede que permita proporcionar banda ancha aos usuarios.

A intervención da Administración do Estado neste proxecto non só garante parte do seu financiamento, tamén vén a significar un cambio de talante respecto ás conexións sen fíos e á participación dos concellos nas iniciativas para levar internet á cidadanía.

Até agora, tanto o Estado como a Comisión do Mercado das Telecomunicacións foran dúbidosos importantes no desenvolvemento da internet rural porque de feito non permitían ás Administracións salvar a discriminación que sufrían os concellos rurais fronte ás áreas urbanas, onde si había internet de banda ancha. Dous concellos do Estado, un deles o galego de Ponteareas, afrontaron ameazas de multas por parte da Comisión do Mercado das Telecomunicacións por dar internet de balde aos seus cidadáns a través de redes sen fíos.

Agora, o proxecto promete "conexión a internet gratuita, ou a baixo custe, de todos os cida-

dáns dos concellos do Consorcio" e para iso, o MAP pon medio millón de euros, a metade do que está presupostado, xa que os restantes cartos corren a cargo da Deputación coruñesa.

O proxecto impulsado pola Deputación da Coruña pretende salvar a chamada "fenda dixital", pero é máis ambicioso. Non só tratará de permitir o acceso de toda a cidadanía á internet ou de introducir de veras a Administración en liña para non ter que desprazarse para realizar trámites diante do Concello, tamén impulsará a implantación dalgunhas tecnoloxías que hoxe están aínda por desenvolver totalmente, como son o software libre ou a telefonía sen fíos gratuita, a chamada telefonía IP.

Que o Ministerio das Administracións Públicas permita estas dúas iniciativas tamén supón un cambio de actitude no Goberno central. Antes era remiso a que o Estado participase en iniciativas para abaratar o custo dos programas informáticos e deixaba nas mans privadas o desenvolvemento das tecnoloxías máis avanzadas. Hoxe xa non é así, por iso xa adiantou un amplo programa para levar a internet no Estado ao nivel de utilización que se rexistra noutras partes de Europa.

O proxecto da internet sen fíos empregará a tecnoloxía Wireless Fidelity baixo a norma de transmisión 802.11 b e chegará a todas as zonas rurais dos concellos das Mariñas.

### Foro en Ponteareas

O cambio de talante respecto á intervención dos poderes públicos nas redes de telecomunicación



As redes sen fíos permiten navegar pola internet sen estar na casa. Na imaxe, Salvador Gómez, atrás, e Uxío Potel. PACO VILABARROOS

centrou o 1º Foro Ponteareas Dixital, que se celebrou na capital do Condado o sábado 25 de setembro.

Ponteareas instalara, en maio de 2003, unha rede sen fíos para o acceso dos veciños a internet de forma gratuita. Pouco despois de comezar a súa instalación, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións abriu un expediente. "As operadoras impulsaban este tipo de expedientes para tratar de parar proxectos como o noso, querían aplicar un correctivo exemplificador", explicou Uxío Potel, o mentor da rede de Ponteareas e organizador do Foro. "Non había nada ilegal e posteriormente unha nova Lei de Telecomunicacións de novembro de 2003 abrandou as condicións para este tipo de redes, pero xa conseguiran dar a imaxe de que era ilegal", engadiu Potel.

No Foro, o avogado e técnico da Comisión do Mercado das Telecomunicacións, José Manuel Morán Rivero, dixo que a rede "é legal" e "louvábel" e animou

a outros concellos e Administracións a facer outro tanto, toda vez que o acceso á internet forma parte do servizo universal de telefonía, aínda que moitos cidadáns non teñen este servizo —en decembro de 2004 remataba inicialmente o prazo de substitución da telefonía rural de acceso celular, que non dá acceso á internet, e o Goberno prorrogou a Telefónica o prazo.

A actitude das operadoras é boa proba de que hai un cambio de tornas respecto a un fenómeno imparábel como son as redes sen fíos —en Galiza estudan implantalas en Maceda, As Pontes, Cangas e Xove, entre outros concellos. R, Vodafone, Comunitel e Telefónica confirmaran a súa asistencia ao Foro pero posteriormente todas elas enviaron un correo electrónico á organización anunciando que non acudirían. "O curioso é que todas empregaron a mesma escusa: morrálle un familiar á persoa que ía vir", ironizou Uxío Potel. ♦

## A petición dun pai

# O Rexistro Civil de Vigo reconece a 'nacionalidade galega'

**H.V.**  
O vigués Alexandre Prieto conseguiu que o Rexistro Civil de Vigo reconecese a "nacionalidade galega" aos seus dous fillos e que anotase esta circunstancia na folla de inscrición de nacemento. Este feito podería servir para que fixesen o mesmo todos os adultos que quixesen.

Este cidadán realizou a solicitude no momento de inscribir ao seu segundo fillo, pero foi rexeitada inicialmente polo Rexistro Civil, aínda que lle informaron que podía solicitala posteriormente. Así o fixo, tanto para un fillo como para o outro, e o xulgado de primeira instancia, encargado do Rexistro Civil, aceptou anotar marxinalmente a "nacionalidade galega" dos dous cativos. A petición fa acompañada dunha instrución da Dirección Xeral de Rexistros e Notarías.

Agora, ao mesmo tempo, nas dúas inscricións dos dous rapaces tamén figura a súa "nacionalidade española". "Non é moito, pero é algo", dixo o pai a respecto do recoñecemento da súa nacionalidade galega.

Estas solicitudes tamén se teñen producido con certo éxito en Catalunya e poderían estenderse entre os adultos. Para coñecer o proceso completo, consultar a páxina <http://www.ciberirmandade.org/cirman/arquivo/rexcivil.htm>. ♦

## Os prexudicados polos encoros no alto Ulla cortan o Camiño de Santiago

**A.N.T.**  
A Plataforma Social pola Defensa do Alto Ulla foi a entidade convocante dunha manifestación celebrada a mediados do domingo 26 de setembro que rematou cortando o Camiño de Santiago ao seu paso por Portomarín.

"Ríos para a vida non para o negocio" e "Río Ulla vivo non máis encoros" eran dúas das pancartas que portaron os manifestantes. Outra pancarta, "Encoro de Frádegas, atentado ao noso patrimonio", rematou pendurada da ponte sobre o encoro de Belesar. Nesa mesma ponte, que forma parte do Camiño de Santiago, os manifestantes cortaron o tránsito de vehículos.

A mobilización estendeuse ao centro da vila de Portomarín, onde se celebraba unha concentración de Seat 600 e na que os asistentes se solidarizaron cos participantes na protesta.

A Plataforma pola Defensa do Alto Ulla denunciou a pretensión de Unión Fenosa de construír un encoro "coa permisividade da Xunta de Galiza", o que levaría a "instalar en Frádegas un muro de 10,75 metros de alto e 90 metros de lonxitude que influiría negativamente sobre o clima aumentando as néboas e incrementando as pestes e pragas sobre os cultivos. Suporá a morte irreversible dun tramo de río, a desaparición dun ecosistema excepcional, afectando negativamente ao desenvolvemento de todo tipo de proxectos e actividades vinculados á posta en valor dos recursos naturais e do patrimonio: agricultura ecolóxica e de calidade, turismo rural, aulas da natureza, sendeirismo e outros deportes, visitas ao patrimonio, etc. Influirá negativamente na economía da zona, sendo un factor máis para o despoboamento e emigración". ♦



A manifestación tivo lugar en Portomarín.



# As claves económicas da crise do PP

MANUEL CAO

O actual PP de Galiza é o resultado da refundación de finais da década dos oitenta coa inclusión, baixo o paraguas do liderado de Manuel Fraga, de colectivos que van dende a extrema dereita ao centrismo galeguista-reformista con territorio político propio. Até a chegada do PP de Aznar ao goberno na Moncloa, o grao de autonomía e solidez deste modelo de partido foi elevado, pero, dende 1996, foron continuos os intentos do PP de Génova por acadar o control directo con sucesivos ataques e contraataques, tanto no partido como no Executivo. Politicamente, o deseño de Génova para Galiza é semellante ao PP do País Vasco ou Catalunya na liña ideolóxica dun partido centralista conservador, é dicir, sen autonomía decisoria nin capacidade política propia.

Das claves económicas da crise cómpre destacar, en primeiro lugar –e, talvez, como factor principal– o control da burocracia autonómica, provincial e local, por ser o núcleo de poder dominante en Galiza. Isto significa controlar o emprego público, é dicir, os cargos de elección política directa, sistemas de designación por concursos e oposicións, contratación laborais directas ou inducidas, etc. O control do poder político-burocrático permite decidir sobre a asignación de recursos en materia de compras e contratos de obra e servizo, cun alto grao de discrecionalidade por parte do decisor público e, tamén, implica decidir sobre o tipo, características e contía das transferencias e investimentos realizadas polas administracións públicas. Pero a clave do poder da burocracia político-administrativa está no deseño das estruturas institucionais e organizativas, incluído nos regulamentos, nas rutinas internas, nos mecanismos de decisión inducidos, etc. O papel central da burocracia na economía galega converte a batalla polo seu control no nó gordiano do poder real no país. Isto significa, falando en prata, quen e para quen se exerce o clientelismo, quen será contratado, cal e como será a recualificación urbanística, a qué empresa se lle contrata determinada obra e a qué prezo, onde se fará determinada infraestrutura viaria, equipamento público, etc. Neste sentido, o modelo de Génova para Galiza é o da comunidade autónoma de Madrid para provincias o que permitiría, por exemplo, que os irmáns de Ana Botella puidesen colocar os seus vástagos na burocracia da Xunta, Deputación ou Concello de Ourense, etc. A contradición co sistema Baltar-Cacharro é evidente pois eses postos están reservados, agora, para os recadadores de votos locais e provinciais dos que, até hoxe, arrincaron as maiorías absolutas Fraga e o PP.



Manuel Fraga e Xosé L. Baltar á saída da reunión nun restaurante compostelá.

PERFECTO CONNIE

**“O papel central da burocracia na economía galega converte a batalla polo seu control no nó gordiano do poder real no país”**

Unha segunda vertente atinxe ao control dos sectores reais da economía. A existencia da Xunta fixo máis fluídas as relacións entre as decisións públicas e privadas seguindo, en moitos casos, a lóxica da *rent-seeking*, dando lugar a unha interrelación de intereses, pola que algunhas empresas se viron relativamente beneficiadas ao poder concorrer aos contratos autonómicos con posibilidades de éxito. Moitas oportunidades de negocio ficaban fóra do control dos axentes próximos ao PP estatal e contribuían a autonomizar as preferencias dos axentes económicos e sociais que operan en Galiza. Pola contra, o modelo de Génova tenderá a privilexiar os contratos a nivel de Estado tal como se puxo de manifesto na xestión do *Prestige* cortando a consolidación e expansión dalgunhas empresas autóctonas que medraron ao abeiro das relacións co poder autonómico e local.

A perda das eleccións do 14-M agudizará as liortas internas no PP unha vez esgotada a posibilidade de compensar con prebendas, economicamente atractivas, a perda de poder político directo. A curto prazo, a inxerencia política en Galiza resulta atractiva para o PP de Génova tanto por razóns económicas como políticas pero pode ocasionar un dano irreversible na base electoral que rematará coa perda do poder na Xunta. ♦

# Queren que o estaleiro de Fene sega a ser público Corenta mil persoas rexeitan en Ferrol o plano para Izar

A.N.T.

**A manifestación celebrada o domingo 26 de setembro en Ferrol para protestar contra o plan do Goberno de segregar e privatizar o estaleiro de Fene foi un éxito de asistencia e organización. 40.000 persoas acudiron a un acto ao que se sumaron todas as forzas políticas.**

De todos os que comprometeran a súa asistencia, só faltou Touriño, pero mandou un propio, o seu secretario de Organización Ricardo Varela. Os restantes secretarios xerais das forzas do Parlamento galego estiveron os dous: Xesús Palmou (PP) e Anxo Quintana (BNG), e por suposto os líderes sindicais da CIG, CCOO e UGT, Xesús Seixo, Xan María Castro e Xesús Mosquera respectivamente.

A manifestación celebrada en Ferrol contra o plan de segregación e privatización dos estaleiros de Izar o domingo 26 de setembro foi multitudinaria. Arredor de 40.000 persoas percorreron as rúas máis céntricas da cidade para amosar a súa oposición a un plan que significaría a liquidación do antigo estaleiro de Astano en Fene e un golpe de morte para o debilitado sector naval ferrolán despois das reconversións dos oitenta. Neste sentido, polas adhesións e a asistencia, a mobilización lembraba aos actos que se sucederon ao longo dos oitenta tanto en Ferrol como en Vigo.

“Salvemnos o sector naval público. Polo futuro da comarca”, dicía a pancarta que abría a manifestación, que estaba asinada polas CCOO, a CIG e a UGT. Ademais dos dirixentes políticos e sindicais galegos, tamén se atopaban presentes o coordinador de Izquierda Unida, Gaspar Llamazares, o concelleiro de Innovación, Industria e Comercio, Xoán Rodríguez Juste, os alcaldes de Ferrol e Fene, Xoán Xuncal (PP) e Xosé María Rivera Armoso (BNG), o concelleiro socialista e presidente local do PSOE Amable Dopico, os concelleiros do BNG encabezados por Xaime Bello e o



A manifestación partiu da Porta Nova e concluíu na Praza de Armas. J. ANTON / La Opinión

representante de Independentes por Ferrol, Xoán Fernández.

A pesar de manifestar o seu rexeitamento ao plan da SEPI de segregación e privatización de Astano, os representantes socialistas e populares nesta marcha non puideron evitar os apupos e asubios dos asistentes contra eles mesmos. Acusábanos de ter consentido chegar a esta situación. Por outra banda, o concelleiro de IF Xoán Fernández foi vítima do lanzamento de ovos por parte de varios asistentes cando xa rematará unha manifestación que fora pacífica en todo momento.

### Máis mobilizacións

As manifestacións nas rúas de Ferrol sucedéronse ao longo das

últimas dúas semanas. O martes 28 produciuse unha segunda xornada de paro que estivo acompañada por mobilizacións que cortaron o tránsito nalgunhas vías da cidade e provocaron algunhas retencións de tráfico.

O mércores 29 os traballadores do naval e máis da industria auxiliar protagonizaron unha concentración no interior do estaleiro da antiga Bazán, xusto diante da sala de turbinas.

Para o xoves 30 de setembro, un día despois da reunión dos sindicatos coa SEPI, está prevista unha xornada de folga dos dous estaleiros de Izar na ría de Ferrol. O paro estará acompañada dunha serie de mobilizacións entre as que figurará un bloqueo do porto de Ferrol. ♦

# ‘Solbes está en sintonía con Bruxelas’

A CIG considera que o ministro de Economía Pedro Solbes e o Goberno central no seu conxunto están en perfecta sintonía con Bruxelas pero que realizan declaracións sobre unha posíbel solución ao conflito para calmar os ánimos. En palabras do secretario de Política Industrial da Federación do Metal da CIG, Xurxo Cordero, obxectivo destas “manobras é tratar de desactivar a alarma social que crea unha situación de crise deste calado”.

Porén, para o sindicato nacionalista o que vén a dicir a nova Comisaría da Competencia, Neelie Kroos, é que as axudas dadas a Izar hai que devolvelas,

“só que agora fala de flexibilidade dos prazos”, algo que “coincide completamente coa posición de Solbes”.

A falta de confianza en Solbes empeza a ser unha nota dominante, sobre todo despois de que o ministro anunciase que os plans do Goberno para segregar e privatizar Izar seguen diante a pesar do pronunciamiento do Congreso a pasada semana a instancias do BNG.

O presidente da Sociedade Estatal de Participacións Industriais, SEPI, Enrique Martínez Robles, tamén mantén unha posición ambigua. A pasada semana asinou un documento no que

deixaba a un lado o proxecto de segregación dos estaleiros civís de Izar, pero despois anunciou que estes plans seguen diante.

Para a CIG, as negociacións que manteñen a SEPI e os sindicatos non poden descansar sobre o anuncio de segregación e a privatización, senón sobre un plan industrial centro por centro que vexan o estaleiro público desde un punto de vista global. En caso contrario, “as negociacións deberían racharse”, indicou Xurxo Cordero. Con esta posición acudiron os representantes do sindicato nacionalista á reunión co presidente da SEPI celebrada o mércores 29 de setembro en Madrid. ♦

# O tripartito defende o estado de bienestar como esencia dun novo patriotismo Maragall reclama un pulo adiante na soberanía catalá

**A.N.T.**  
**A identidade de Catalunya nun futuro no que os avances sociais sexan definitorios da política autónoma. Iso é o que pretende Pasqual Maragall para esta lexislatura, na que o Parlament redactará o novo Estatut.**

O tripartito que goberna a Generalitat (PSC, ERC e IU-IC-VA) é consciente do que supuxo en Catalunya o cambio político das últimas eleccións autónomas. Se tras o acordo que elevou a Pasqual Maragall á presidencia a tensión co goberno central e a crise interna —entrevista de Josep-Lluís Carod Rovira con dirixentes da ETA, as listas negras dos xornais...— demorou no tempo a transición do pujolismo, o *president* escolleu o debate sobre Política Xeral no Parlament para explicar en que consiste a súa aposta de cara ao futuro. Foi realmente un discurso de investidura e quizais demostrou, coas novas circunstancias de contar cun goberno “amigo” en Madrid, meirande capacidade de goberno que hai case un ano.

A principal liña do que Maragall pretende para Catalunya nos próximos anos discorre pola redacción dun novo Estatuto de Autonomía, capaz de darlle resposta á “nova demanda pa-

triótica”. A tese de Maragall, que bebe tamén das fontes do ideario político de Esquerra Republicana, consiste en converter o caudal de identidade, asentado entre os sete millóns de cataláns, nunha forza motora de avance social. “Mellor sanidade, mellor educación, máis oportunidades para os que nacemos aquí e os que acaban de chegar. Todo isto configura un novo patriotismo que debemos defender”. Se o goberno de Jordi Pujol fixo a transición do franquismo recuperando a simboloxía do goberno catalán da II República, Maragall toma todo o feito para superalo, ofrecéndolle á sociedade os froitos dese *seny* que alcanzou nestes anos altas cotas de progreso e crecemento económico e social.

Para a oposición, este posicionamento político é unha entelequia destinada a ocultar os problemas reais dos cataláns. Artur Mas, líder de CiU, destacou que por baixo dese “nacionalismo de Fórum” reside un compromiso “de fiel infantaría cos ditados da dirección do PSOE en Madrid”. O PP, pola súa banda, critica que se busquen maneiras “fáciles de dixerir” para crear tensións entre o ritmo de desenvolvemento de España e de Catalunya”, dixo Alberto Fernández. ♦



O presidente da Generalitat, Pasqual Maragall, reclama un patriotismo baseado no avance social.

## Unha votación sorpresiva

FRANCISCO RODRÍGUEZ

Moitos e moitas galegas ficaron sorprendidos e sorprendidas de que unha iniciativa do BNG a respecto do futuro de Izar saíse adiante apoiada por todos os grupos parlamentarios do Congreso dos Deputados, agás o do goberno. A sorpresa foi incisiva porque, nesta ocasión, tiveron oportunidade de comprobar a eficacia da acción política do BNG a través de numerosos medios de comunicación, nomeadamente radios e televisións, moitas delas privadas. Non vou negar que un fenómeno desta casta non é frecuente: deixar o goberno en minoría e impactar ou romper a censura mediática. O primeiro ten a ver coa lóxica, a coherencia e a xustiza do que se defende, pero tamén cunha conxuntura específica: os máis achegados ao goberno tiñan motivos para se veren obrigados a reaxir distanciándose da súa alianza estratéxica. Cando cómpre premer sobre un goberno para que acepte certas demandas dos socios, até agora desatendidas, ou mesmo para que se decate de que non se pode conducir dislcientemente, entón non vén mal un aviso sobre o valor do voto de cada quen.

Sen dúbida, a xustiza e a coherencia da moción axudaron nas conversas previas que mantivemos con todos os grupos parlamentarios a tirala adiante. Neste aspecto houbo que vencer resistencias dos que non querían que figurase o regreso de Izar-Fene á construción naval convencional. Argumentaban claramente que así habería que repartir a carga de traballo entre máis. Felizmente, reaxiron de forma correcta ao fin, entendendo que a solidariedade global pasaba pola integración dun

estaleiro sacrificado inexplicabelmente en 1984, en beneficio do resto. Axudou tamén a experiencia de debates anteriores. Precisamente, un celebrado a fins de xuño onde ficamos sós porque non nos pregamos aos ditados do PSOE, plasmados nunha moción, iniciativa de IU, que non foi capaz de se manter firme nunha transacción con nós na que se defendía a continuidade de todos os centros, o mantemento da cota de produción e o regreso de Izar-Fene á construción naval civil. O representante desa forza política felizmente non quixo voltar repetir esta conduta. Non fai falla dicir que na batalla electoralista e social do PP cabe dar apoio a unha moción que nunca respaldarían de estaren no goberno.

Digo todo isto para que se comprrobe a mestura de conxuntura apropiada e relación diplomática que poden producir resultado tan sorprendente. A eficacia desta moción depende de como sexa instrumentalizada polos axentes sociais máis directamente afectados, os sindicatos, e polas institucións das comunidades autónomas co problema do sector naval no seu territorio. Sen dúbida que xa tivo os seus efectos: recoñecer que o período de negociación pode ampliarse durante tempo, clarificar que só hai unha axuda declarada incompatible coa libre competencia e mesmo cambiar de actitude a respecto de que non se podía modificar para nada o deseño do goberno. Certo que non foi só o goberno o máis preocupado polo resultado da votación no Congreso. Tamén houbo algúns sectores sindicais que, sobre todo inicialmente, viron na moción un torpedo para inviabilizar un acordo de fondo que xa tiñan co goberno. Polo tanto, un novo elemento desestabilizador para os seus pactos políticos-sindicais. Porén, está claro que foi un balón de osíxeno para reforzar as reclamacións sociais, as sindicais máis xenuinamente sinceras e positiva-

mente reivindicativas. Se Galiza contase con outro goberno autonómico, sería unha ferramenta de ouro nas súas mans para non consentir ningunha alternativa que eliminase a construción naval civil na ría de Ferrol. Sería unha ferramenta inapreciábel para forzar, dunha vez por todas, a creación dun complexo industrial naval, civil e militar, con Izar-Ferrol e Izar Fene.

**“Se Galiza contase con outro goberno autonómico, sería unha ferramenta de ouro nas súas mans para non consentir ningunha alternativa que eliminase a construción naval civil”**

Porén, este éxito —así foi recoñecido por todos os grupos parlamentarios— ten o mérito de representar unha alternativa moi coherente sobre os problemas do sector naval no Estado español. A concepción da moción e as súas propostas só podían ser enunciadas polo Bloque Nacionalista Galego, grazas ao coñecemento e á experiencia sobre os problemas de Galicia. Pero expresa moi ás claras non só a constancia, insistencia e argumentación continuas do BNG no Congreso dos Deputados sobre moitos temas que atinxen o noso país e tamén á humanidade. Se a opinión pública galega puidese só albiscar de lonxe a dialéctica real do debate parlamentario e o que representa cada quen, coa tan escorada representación popular dada polas urnas, sería máis consciente da importancia vital do nacionalismo para Galiza. Pero esta é outra historia... ♦

Asemblea  
na ONU

MONCHO FERNÁNDEZ LEAL

Vén de se celebrar a Asemblea Xeral da Organización das Nacións Unidas (ONU). A creación deste organismo hai que situala no remate da Segunda Guerra Mundial, na convulsión dunhas sociedades horrorizadas polo acontecido polo ascenso do fascismo ao poder e as posteriores invasións nazis. Nace a ONU nun mundo con dous bloques, e aparece pola existencia desa bipolaridade. O papel xogado pola institución ao longo dos anos non serviu para cumprir o que aparece na carta fundacional. O dereito a veto por parte das potencias vencedoras no 1945 continúa case sesenta anos despois. As resolucións do seu organismo máis representativo, a Asemblea Xeral, non contaron cando fan contra os intereses das grandes potencias. A agresión a Palestina, a invasión do Sáhara, o bloqueio a Cuba foron denunciados, votados e condenados nesa Asemblea, sen que iso fixese mudar nada a situación.

O secretario xeral da ONU é modelo de conduta do que é un dirixente africano que esquece as orixes da terra e representa a elite do continente que tan ben se entende coas potencias que teñen responsabilidade directa no expolio de África. Vén de declarar, tarde piaches!, que a guerra no Iraq é ilegal. Non chega a tempo esa manifestación. Por outra banda, os países subdesenvolvidos pagaron nos últimos trece anos, tres veces o que tiñan de débeda externa, pero agora a débeda xa se multiplicou por dous. Hai a cada máis países interesados en xuntarse, contrarrestar o grupo das sete potencias coa agrupación dos 77 expoliados, que xa son moitos máis. A fame, a destrución do planeta, o desenvolvemento non poden depender dos países ricos e das súas organizacións que elaboran discursos que non solucionan nada. Se a ONU non colle outro xeito, só seguirá sendo unha reunión de burócratas. Haberá alternativa. ♦

# Condenado a máis de tres anos de cadea por se negar a ir á guerra do Irak

A.N.T.  
 Giorgos Monastiriotis, un mariñeiro da armada grega, vén de ser condenado a tres anos e catro meses de cárcere por se negar a embarcar cara á Guerra do Irak por obxección de conciencia.

O mariñeiro profesional Giorgos Monastiriotis levaba cinco anos na armada de Grecia cando os EE UU invadiron o Irak e o goberno de Atenas decidiu apoiar o ataque enviando ao golfo Pérsico o buque *Navarino*, en maio do ano pasado. Foi entón cando Monastiriotis decidiu oporse e ficar en terra, após escribir unha carta dirixida aos seus superiores na que consideraba ilegal obrigalo a participar no bombardeamento de civís e na catástrofe que suporía o ataque norteamericano, tendo en conta o contrato que asinara ao ingresar no corpo.

Segundo denuncia Amnistía Internacional, este documento, ao igual que o feito de se presentar voluntariamente ao consello de guerra celebrado na súa contra o pasado 13 de setembro, proban a boa vontade do soldado e a ilexitimidade da súa condena. "Monastiriotis é un preso de conciencia, sen ningún delito que xustifique unha pena de máis de tres anos nunha cadea militar", afirma esta organización.

Desde o cárcere de Corinto, no que ingresou tan pronto se soubo a sentenza, o propio mariñeiro escribiu unha nova carta na que se laibaba de que as autoridades civís o abandonasen á súa sorte ao deixalo



Manifestación, en Tesalónica, pedindo a liberación de Giorgos Monastiriotis.

á mercé da decisión militar. "E curioso que a min me condenen a tres anos e catro meses cando a máxi-

velou unha protesta formal ao goberno grego para que regule dun xeito eficaz a obxección de

## A pena máis alta no caso das torturas de Abu Ghaib foi de oito meses

consciencia. Arestora, en Grecia o servizo militar é obrigatorio e existe unha alternativa civil á que se pode acceder só antes de ingresar nas forzas armadas. Para Amnistía, a lexislación helena debería prever os casos nos que soldados de reemprazamento ou voluntarios deci-

dan facérense obxectores logo de entraren a formaren parte do servizo activo. Giorgos Monastiriotis recibiu mostras de solidariedade de todos os movementos antibelicistas de Europa. En resposta a este apoio, o mariñeiro dixo sentirse arroupado pola xustiza "dunha sociedade como a grega que rexeitou o asasinato do pobo iraquí".

Pódese ampliar información sobre este caso na páxina electrónica de Amnistía Internacional ([www.es.amnesty.org](http://www.es.amnesty.org)) ou na da agrupación de resistentes contra a guerra ([www.wri-irg.org](http://www.wri-irg.org)). ♦

Amnistía Internacional, xunto con outras organizacións de defensa dos dereitos humanos,

ción helena debería prever os casos nos que soldados de reemprazamento ou voluntarios deci-

## Aquí fóra

# Primarias en Portugal

JULIO RÍOS

Nun xantar cunha ducia de fundadores do Partido Socialista, un deles, Jaime Gama, apelou a un voto maioritario para José Sócrates, nas primarias socialistas que o enfrontaron durante a pasada semana a João Soares e a Manuel Alegre. É a primeira vez que a elección do candidato revestía este formato e a el se acudiu para tentar resolver a longa crise iniciada pola dimisión de António Guterres, como consecuencia da derrota sufrida nas eleccións municipais de hai un par de anos e sucesivos escándalos e decepcións, de Eduardo Ferro Rodrigues ao propio presidente, Jorge Sampaio.

O apelo á maioría absoluta de Jaime Gama semella que funciona. José Sócrates vareu na primeira volta e cunha participación histórica da militancia. Uns días antes, nunha entrevista concedida ao diario *Público* reclamaba que os adversarios calasen despois do congreso que vai desenvolverse este fin de semana en Guimarães. Como anticipo dese silencio, un destacado deputado socialista, Vicente Jorge Silva, antigo director do citado

diario, presentaba a súa dimisión ao presidente do PS, António de Almeida Santos, desencantado co rumbo que pode adquirir o partido a partir deste momento. Moitos votantes de Sócrates recoñecían votaren co corazón partido: situado na ala centro dereita do partido, non era o candidato preferido,

‘Moitos votantes de Sócrates tiñan o corazón partido: situado no centro dereita do partido socialista, non era o candidato preferido, pero si o único capaz de gañar

pero si o único en condicións de retirar a dereita do goberno. António Campos, ex eurodeputado soarista e un dos comensais a aquel xantar, resumía así a situación: "se o PS fose un club de amigos, votaría por João Soares. Se fose un sector de pensamento, por Alegre, pero voto por Sócrates por ser un home determinado a gañar..."

Mentres Sócrates insiste en ubicarse na liña do progresismo democrático, destacando as converxencias cos demais candidatos e reivindicando a fidelidade á historia do PS, Alegre e Soares acúsano de practicar un discurso neutro que só favorece a outra esquerda. Sócrates, a diferenza dos outros candidatos, maniféstase pesimista a respecto dun entendemento co Partido Co-

munista (PCP), tanto polo seu inmovilismo ideolóxico como pola necesidade de manter a autonomía estratéxica do propio PS.

Perde a orientación de esquerda do PS, mentres no PCP, en pleno debate preparatorio do congreso que debe realizar en novembro próximo, afloran as "vellas" propostas. O renovador José António Lopes Guerreiro adianta numerosas propostas na edición da pasada semana do xornal *Avante*, para democratizar a vida interna do partido: posibilidade de que a base convoque un congreso, listas alternativas, eliminación do centralismo democrático, etc., propostas todas elas que rivalizan co texto oficial que só contemplan alteracións mínimas. No parecer de Guerreiro, antigo presidente e actual concelleiro na Cámara Municipal do Alvito, cada día que pasa sen alteracións a este nivel é un día perdido para abrir o partido á sociedade e principalmente aos mais mozos.

Os debates preelectorais nun e noutro partido, cun considerábel nivel de participación, dan conta do rexurdir da discusión política, despois de anos en que todo se centrara no reparto de cargos e prebendas. O entusiasmo despertado por Alegre, cun proxecto recuperador do discurso da esquerda e asegurando que nada volverá ser como antes, expresan ben o estado de ánimo en que desembocaron estas primarias socialistas portuguesas. As peticións de silencio despois do congreso, Alegre opón a construción da unidade dende a pluralidade.

En fin, un rico debate o que se está a dar nos partidos en Portugal. Igual que aquí (?). ♦

JULIO RÍOS é director do IGADI ([www.igadi.org](http://www.igadi.org))

# A falta de fichaxes crea crispación no plantel, na directiva e na afección

## A Liga dos Campións estresa o Deportivo

**CÉSAR LORENZO GIL**  
A derrota en Mónaco e, sobre todo, a falta de vitorias na casa, manteñen o Deportivo nunha crise que lle pon os pelos de punta á afección coruñesa. Só unha reacción pronta garantiría a continuidade dos coruñeses na Liga dos Campións e unha campaña doméstica nos postos altos na táboa.

En Riazor sempre se di aquela máxima de que a afección coruñesa lle transmitiu un dos seus vicios ao equipo. Cando os resultados van ben encarreirados, cada gol, cada pase, cada finta son un éxito. Cando as vitorias non chegan, cada balón mal despegado, cada erro caen sobre o ánimo coma un peso morto.

Certo é que o Deportivo xa se sente preso dunha rutina incómoda, dun inicio de tempada mediocre que lles escachou a vella coiraza aos xogadores, técnicos e directivos. O equipo branquiazul levaba demasiado tempo sen sufrir e agora están a notar o cambio.

En realidade, nada pasou. Con só catro xornadas de liga, unha vitoria non é un gran rédito mais tampouco unha hecatombe. Igual

Como se lles quenta a boca aos xornalistas coa épica. En España hai toda unha escola dos cantares de xesta camuflado con habelencia nas redaccións de deportes de prensa, radio e televisión. Que o Madrid perde un par de partidos e demite Camacho, pois xorde unha crise nunca vista, unha mudanza gravísima no sistema de valores do florentinado. E, ao revés, o Barça gaña dous partidos, divírtese un pouco xudiando os rivais, contáxiase do espírito da festa do Ro-



O Deportivo deu imaxe, en Mónaco, de verse superado polas súas dificultades na creación de xogo.

sucede en Europa. O grave non foi a derrota en Montecarlo (a do ano pasado foi máis humillante e non pasou factura) senón o empate co Olympiacos. Pero o certo é que os gregos veñen de vencer o Liverpool, polo que quizais tampouco sexa errado pensar que o grupo é un dos máis competitivos da liga.

Mais estes datos obxectivos baten de fuciños coa percepción de seareiros, medios de comunicación e equipo. A crise vende, a crise emociona, a crise motiva. Polo tanto, hai crise, e é ben fonda. Javier Irureta esquiva diariamente preguntas que cuestionan a valía dos seus ditados futbolís-

ticos, Augusto César Lendoiro ve o seu nome na prensa acusado de reducir o patrimonio do club ao non ter fichado novos valores para este ano, e até xogadores chaven como Fran ou Mauro Silva parecen máis incomodados (un cando o cambean, o outro por culpa dunha lesión) do que deberan.

onde escoller e con maior experiencia de triunfo) e máis ben parece que a súa mitificación obedece a ese compromiso da liña editorial da prensa madridista (que domina o 90 por cento das publicacións) enfocado a rabuñar na caluga dos merengues mostrando a riqueza do rival e, ao mesmo tempo, a encher o papo da fachenda dos blaugranas para que máis forte soe o estourido cando a palabra 'crise' colla as maletas cara ao leste. ♦

## Dream team?

C. LORENZO

naldinho Gaucho e acaba xa resucitando o dream team. Nin tanto nin tan pouco. Con certeza, os cataláns parece que alcanzaron construír un equipo ao xeito, compensado en todas as liñas e con capacidade para liderar a clasificación, pero este Barcelona non é o mellor plantel da liga (o Valencia ten máis

## Neve á beira do mar

O problema destes malos inicios é o efecto da bóla de neve. Arestora, nin Pandiani nin Luque nin Víctor están a xogar mal. Cousa semellante ocorre na parte defensiva. O equipo corre, pelexa, tira á porta. Mais ese factor de sorte que contén o fútbol estalle a dar as costas ao Dépor, igual que noutras tempadas se aliou incondicionalmente coas súas cores. Con certeza, recibir unha malleira na casa —contra o Valencia (1-5)— é cousa que supera a mala fortuna, mais hai que pensar que os levantinos son campións e teñen un dos equipos máis en forma (por algo son líderes).

Mais se a percepción se ve como negativa e o equipo acaba fóra de Europa ás primeiras de cambio, si chegará a intranquilidade. Chegar a decembro en crise é ben perigoso e só hai que ollar un pouco ao sur, para Vigo, para entender como en tempos de mala colleita, cada veciño espreme o viño coas portas pechas; é dicir, os xogadores acaban desvinculándose do proxecto.

Falar así é apocalíptico a estas alturas porque os coruñeses non teñen os problemas que tiñan os celestes, mais hai datos que se repiten e que, deportivamente falando, son semellantes. A ausencia de fichaxes envelleceu o plantel. Mauro Silva, Molina, Fran, Munitis, Romero... parecen xogadores cos seus recursos físicos afectados polo paso do tempo, pero sen cambio. Hai que pensar que un dianteiro centro, Luque, está reconvertido en extremo esquerdo, e que na defensa a marcha de Nourredine Naybet deixou o cadro nun tanto a tambalear na retagarda.

E iso que Lendoiro fixo un negocio redondo fichando un dos xogadores con máis futuro do fútbol español, Rubén Castro. O canario acabou en Albacete porque sobraba na Coruña. Iso pode ser certo tendo en conta o número de homes para ese posto, pero creou a sensación de que o Deportivo sae ao combate da liga do 2005 con espada e escudo cando o resto dos equipos xa levan kalashnikov e granadas de man. Se Rubén sobraba, o poder simbólico que traía consigo non. O Barcelona, o Valencia e o Sevilla, por poñer exemplos de equipos moi reforzados, seguramente terán que reformular as posicións dalgunhas das súas estrelas pero esta adaptación non é mala sempre (Júlio Baptista pasou de medio centro a ariete; Larsson, de punta a extremo...).

De todos os xeitos, coas cifras na man, ao Deportivo acabouse o crédito ilimitado e os anos na Liga dos Campións non serviron para aliviar a súa débeda senón que mantiveron o equipo nunha situación irreal. Agora, coas billas pechas, quizais é hora de facer unha transición, pausada e con equilibrio, que tamén olle para o filial, debruzado no abismo do fondo da terceira división. ♦

AS CERAMICAS DO CASTRO E AS DE SARGADELOS ESTAN FEITAS CON TERRAS GALEGAS, AS IDEAS E A CIENCIA QUE LLES PROPORCIONA O LABORATORIO DE FORMAS DE GALICIA E O SEMINARIO DE ESTUDOS CERAMICOS

ENGANDINDO UN VALOR 200 VECES SUPERIOR AO DAS SUAS MATERIAS PRIMAS QUEREN SER UN EXEMPLO DO QUE SE PODE FACER APROVEITANDO NA NOSA TERRA OS NOSOS RECURSOS






DITA PEPE

## Encontros da Imaxe en Braga

O pasado 25 de setembro deron comezo en Braga os XVI Encontros da Imagem, evento reconecido internacionalmente dentro da creación fotográfica contemporánea. A diferenza de anos anteriores, todas as mostras se presentarán en diferentes espazos da cidade. A exposición central acóllea o Mosteiro de Tibães baixo o título *Metamorfoses do Real*. Paralelamente Dita Pepe amosará os seus traballos no museo Nogueira da Silva. A Casa dos Cribos e o Museo da Imaxe son outras das salas nas que se desenvolve a cita. ♦



## Homenaxe a Manuel María

Reflexionar ao redor á obra e á vida de Manuel María é o obxectivo central do acto que se desenvolverá o venres 15 de outubro no concello de Fene. A radio municipal desta localidade realizará un programa de radio dende o salón de plenos da Casa do Concello, no que participarán amigos e estudiosos da obra do autor de *Muñeiro de brétemas*. Na páxina web da propia radio ([www.radiofene.org](http://www.radiofene.org)) colgarase un especial sobre o escritor. Ademais da emisión en directo o programa será emitido en emisoras de todo o país. ♦



Fran Pérez.

## Laxeiro con música contemporánea

O xoves 30 pon punto final a cuarta edición do festival Internacional de Música Contemporánea Fundación Laxeiro, cita coa que se tenta difundir aquelas obras e manifestacións artísticas anovadoras no eido internacional e a promoción de novos autores. Esta edición está adicada á música galega e catalá. No salón de actos do MARCO de Vigo veñen actuando dende o día 28 compañías como Acteón e a ensemble Siglo XXI que interpretarán pezas de Eduardo Soutullo, Gloria Rodríguez, Antón L. Pulido ou Fran Pérez. ♦




M. SENDÓN

## Ferreiros na Fonsagrada

A Asociación Galega de Artesáns, en convenio coa Fundación Centro Galego de artesanía e do Deseño, organiza entre o 1 e o 3 de outubro os Primeiros Encontros de Ferreiros en Galiza, co fin de establecer un espazo anual de xuntanza, intercambio de ideas e información sobre o oficio. Diferentes relatorios, presentación de libros, proxección de material audiovisual e diversas demostracións de forxa e de construción son algunhas das actividades que inclúe o programa que se desenvolverá na Fonsagrada. ♦

# Literatura universal en galego



ANOSA TERRA Nº 1.144 Do 30 de setembro ao 6 de outubro de 2004 Ano XXVII


# Cultura

O escritor ruso Fedor Dostoevski, autor de *Crime e castigo*, clásico da literatura xa traducido para o galego.

**B**os días, tristura unha vez máis. A creadora da literatura diletante, de emoción e preciosas postas de sol na Costa Azul vén de morrer tras unha vida de cinema. François Sagan foi das primeiras en saborear iso da escritora *show woman*, símbolo da empatía entre os libros e as masas. Outro literato aberto á sociedade, Gonzalo Torrente Ballester, é homenaxeado no centro que leva o seu nome en Fe-

rol cun encontro de escritores durante o mes de outubro para un simposio que dirixe a súa vista cara aos narradores actuais. Manuel Rivas, Vítor Freixanes, Juan José Millás ou Lola Becaría explicarán as chaves dos seus universos literarios. Universo, neste caso escultórico, é o que presenta o cambadés Francisco Leiro na galería Marlborough de Nova York. A súa exposición 'Foro' estará aberta ao público até o 23 de outubro. ♦





William Shakespeare, Frank Kafka e Virginia Wolf.



## Kafka, Verne, Shakespeare e Virginia Wolf en galego

### Galaxia e Ir Indo potencian as súas coleccións de clásicos universais

SILVIA ROZAS GARCÍA

Alguns dos principais autores da literatura universal contemporánea poden lerse xa en galego. Editoras como Galaxia e Ir Indo ofrecen este mes un importante número de novidades. Antes de mercar un clásico cómpre informarse xa de se existe tradución á nosa lingua.

María Cuquejo traduce ao galego *As ondas*, novela publicada en 1931 que recolle a vida dun grupo de amigos dende a infancia até a vida adulta. As ilusións, as decepcións e a morte están presentes para expresar cunha linguaxe nova, aberta ás emocións e á complexidade da experiencia humana.

O primeiro tomo das narracións completas de Kafka toma o título dun dos tres libros de relatos que publicou en vida, *Un médico de aldea*. Nel recóllese cronoloxicamente os relatos escritos até o 1917, ano no que enfermou de tuberculose. A tradución realizouna directamente do alemán Luís Fernández Rodríguez, autor da versión galega de *O proceso*.

Os títulos recollidos baixo esta colección con anterioridade son *Crime e Castigo* de Fiódor Dostoiévski, traducida por Ekaterina Guerbek, e catro obras de William Shakespeare, traducidas por Miguel Pérez Romero e repartidas en dous volumes: *Romeo e Xulieta* e *O rei Lear* por un lado e *Noite de reis* e *A tempestade* polo outro.

A serie continuará coa publicación, prevista para fins deste ano, de dúas escolmas de poesía, xénero que aínda non se tratara nesta colección. *O doce estilo novo* é unha antoloxía realizada e traducida por Darío Xohán Cabana. O título correspóndese co cualificativo dado por Dante á nova forma de facer poesía —o soneto— da época do Renacemento italia-

no. A segunda aposta consiste nunha antoloxía de poesía inglesa e francesa que Galaxia decidiu recuperar do esquecemento. Publicada a comezos dos anos cincuenta en Bos Aires, é unha selección e tradución de Plácido Castro, Florencio Delgado e Lois Tobío que abrangue grande parte da tradición poética occidental do século XIX e comezos do XX.

Cada ano a editorial realiza unha programación de catro clásicos e logo procura quen os traduza. O próximo ano verán a luz catro novas novelas. Luís Fernández está rematando a tradución do segundo e último volume das narracións de Kafka. Unha lectura coa

que seguir gozando dunhas inusitadas reflexións sobre a existencia, que fan da obra do escritor de Praga unha das de maior prestixio, marcando a evolución, non só da narrativa, senón tamén do pensamento e a filosofía do século XX.

A mesma editora tamén ten encargada a tradución dunha obra da norteamericana Gertrudi Stein. A súa casa en París foi, durante moitos anos, o punto de encontro dun importante grupo literario, onde outros escritores estadounidenses como Sherwood Anderson, Ernest Hemingway e Thornton Wilder eran animados a desenvolver o seu propio estilo. Foi unha das primeiras mecenas de comezos do século XX e colaborou de forma activa cos pintores do movemento cubista. Como escritora é unha das máis innovadoras da primeira metade do século XX nos Esta-

dos Unidos. A súa obra *Tres vidas* é un estudio da vida de tres mulleres norteamericanas e vai ser traducida ao galego por María do Cebreiro. A oferta de clásicos universais de 2005 complétase con dúas traxedias de Shakespeare, *Macbeth* e *Otelo*, e *O gato pardo* de Giuseppe Tomasi di Lampedusa.

As obras de autores contemporáneos tamén figuran entre as inqueanzas da editorial. Este é o caso de *Tristano morre* —xa noutra colección—, a última novela de Antonio Tabucchi, traducida ao galego por Leandro García Bugarín. Esta historia, na que se reflexiona sobre o sentido do tempo e a liberdade, vai saír simultaneamente en castelán e en catalán.

#### Acollida e dificultades

A acollida destes clásicos da literatura universal está a ser

boa, sobre todo, por parte dos escritores galegos que ven nesta colección a posibilidade de manexar, na súa propia lingua, os textos que teñen como referencia e que inflúen na súa obra. Carlos Lema, director literario de Galaxia indica que "o lector galego non está habituado a que se traduzan clásicos e novidades á nosa lingua, de aí que a resposta sexa un pouco tímida. Haberá que esperar a que teñamos dez ou quince títulos para ver se, unha vez que o lector vexa unha oferta máis diversificada, responde mellor".

Aínda que todo texto literario ten unhas dificultades específicas, Shakespeare ou Kafka son especialmente difíciles de traducir, porque todo autor deste nivel, se no seu momento serviu de un revulsivo e renovou a literatura, foi porque dende o punto de vista lingüístico rompeu cos clichés. O tradutor tense que mover cunha lingua de partida que xa non é a estándar, senón modificada polo autor, e facer un esforzo por acadar un estilo semellante ao orixinal pero en galego. A pesares destas dificultades os resultados que se están a obter están ao mesmo nivel que os do portugués ou castelán.

Galaxia traballa xa na programación do ano 2006. O grande proxecto para ese ano é a tradución do *Ulises* de James Joyce a mans dun equipo de tres persoas. A primeira tradución a unha lingua peninsular desta obra correspóndelle a Otero Pedraio, quen, en 1926, traduciu algúns fragmentos ao galego e publicounos na revista *Nós*. Estes fragmentos foron reeditados por Galaxia en 2003. ♦

## De Allan Poe ao *Gran Gatsby*

Outras editoriais tamén mostran o seu interese por levar ao galego os grandes autores da literatura universal. Este é o caso de Ir Indo. A súa colección de clásicos iniciouse con *Berenice e outros relatos* de Edgar Allan Poe, onde se describe unha particular relación espiritual co universo feminino.

A batalla de Rande, o nacemento da figura do gánster en América dos anos vinte e trinta e as experiencias vividas na Alemaña nazi están presentes nas novidades desta colección. *Vinte mil leguas de viaxe submarina* de Julio Verne, *O Gran Gatsby* de Francis

Scott Fitzgerald e, a máis recente, *Novela de xadrez* de Stefan Zweig recollen esas vivencias. Entre os próximos proxectos da editorial neste eido están os de incluír obras de mulleres, relatos de misterio, de terror, da guerra franco-prusiana... de Guy de Maupassant e obras de Goethe. Tamén pretende introducir na recopilación os clásicos gregos e latinos e o relato policial e fantástico do século XX, ante o éxito dos seus precedentes do século XIX.

Esta colección está dirixida fundamentalmente ao fomento dos clásicos universais

no ensino secundario. As obras non superan as dúascentas páxinas para que o prezo resulte adesequibel a un público xuvenil. Na selección aparecen moitos relatos porque os rapaces gustan deste xénero, que supón unha boa iniciación á obra do autor.

O valor engadido desta colección é a presenza dun prólogo elaborado por tradutores e xente relacionada co ensino, no que aparece un perfil da vida e obra do autor e do contexto social, cultural e político do momento, necesario para comprender o sentido e a relevancia da obra. ♦

VÍTOR VAQUEIRO

**A** patronal do sector do automóbil, ANFAC, vén de rexeitar o inserimento de "distintivos autonómicos" nas matrículas das viaturas. Segundo esta organización, tal presenza dos correspondentes distintivos –eu entendo que se trataría das bandeiras nacionais e rexionais das "comunidades autónomas" que conforman o Estado Español– resultaría verdadeiramente prexudicial para o sector, xa que faría diminuír –sempre segundo a súa versión– a venda de vehículos.

Nesta altura do campionato quen escribe estas liñas xa ten practicamente esgotada a súa capacidade de sorpresa. É de tal magnitude o que levamos ollado e escoitado nos anos anteriores que, segundo sinalaba unha antiga canción, xa nada nos comove. Mais –cómpre recoñece-lo– un día Aznar coa problemática andalusí, outro a Conferencia Episcopal coa cuestión homosexual, outro a Concapa coa marxinação á que fica submetida a relixión na escola, outro a Sencapa, xustamente ao revés, tentan que non baixemos a garda e, de maneira constante, fornecen argumentos que nos entusiasman.

Eu, se a miña imaxinación aínda –cousa non doada– mantén a lucidez, entendo que a proposta do goberno –inducida, como é lóxico deducir polas formacións nacionalistas presentes no Congreso dos Deputados– suxire que, no lugar onde, ao longo de décadas, figuraron unha ou dúas letras que representaban o nome da provincia onde se procedera á matriculación, figure agora un escudo, unha insignia, un distintivo que identifique a procedencia do automóbil. Durante décadas a patronal do sector non se queixou desta diferenciación provincial. Cais serán, portanto, agora, os motivos da súa oposición? Será que infire que a pintura deitada sobre a matrícula, ao incrementar o peso do vehículo, obrigue a este a circular a velocidades máis baixas e, como consecuencia, se alongue a vida da viatura e, portanto, se produza unha descida das vendas? Será que sospeita que os propietarios, namorados da bandeira galega, da senyera, da ikurriña, muden de viatura cada máis tempo coas lóxicas repercusións negativas no sector? Acreditará a patronal que as asociacións de consumidores e usuarios decreten unha greve de adquisición de carros como protesta en contra da "mesmembración automotriz"? Ou será que a patronal da que se fala está fortemente ideoloxizada na liña do Partido Popular e vai a por todas na súa teima antinacionalista e estamos a falar, simplemente, dun posicionamento ideolóxico? Teño de reflectir nestas posibeis hipóteses. ♦

## Atrezos da Memoria, exposición para conmemorar os vinte anos do CDG Casares, Shakespeare e Pirandello na nova programación

**A.N.T. En marzo de 1984 creábase o Centro Dramático Galego, a única compañía institucional de teatro en Galicia. Para celebrar o vinte aniversario a compañía ten unha exposición aberta ao público na Fundación G. Torrente Ballester.**

A exposición aberta en Compostela recupera unha parte do grande material reunido desde a primeira estrea. *Woyzeck* de Georg Büchner. Carteis, fotografías, figurinos, maquetas, vídeos e diferentes materiais escenográficos, xúntanse nunha proposta expositiva que fuxe do cronolóxico para constituírse en verdadeiras instalacións. O espazo da exposición comisariada por Alberte Permy e o CDG, articúlase arredor de baus, caixóns, mesas de luz e paneis, ademais de proxectarse en catro monitores diferentes vídeos dos espectáculos. O percorrido cronolóxico das sesenta e tres obras representadas déixase para a publicación *Centro Dramático galego. Vinte anos* que se complementa cun DVD cos escenas e músicas de todas as obras representadas.

En paralelo á exposición da Fundación Torrente vanse exhibir diferentes elementos de atrezzo e material artístico nos trinqués duns vinte establecementos do casco antigo, cumprindo o convenio que o CDG mantén con Compostela monumental, e organizáranse tres di-



Carlos Casares.

ferentes obradoiros. Un de vestiario, impartido por Clotilde vaello (16 de outubro), outro de maquillaxe por Dolores Centeno (23 de outubro) e finalmente o titulado *Deus ex machina*, (30 de outubro) sobre o funcionamento e manipulación da maquinaria escénica impartido por

persoal do CDG. A exposición estará aberta até o 31 de outubro

### Casares, Shakespeare e Pirandello

O CDG, integrado desde 1990 no IGAEM (Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais),

aproveitou o comezo da exposición para anunciar a programación da temporada 2004/05, que comezará o 22 de outubro coa estrea no Salón Teatro de Santiago da obra de Carlos Casares *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*, dirixida por José Caldas. Será a primeira incursión do teatro público nunha produción dirixida basicamente ao espectador infantil. Con ese motivo están a preparar unha intensa campaña de promoción escolar, para as idades entre 4 e 12 anos, reservando quince funcións durante o período da estrea que culminará en Santiago o 28 de novembro, para despois saír de xira por Galiza e Portugal.

A obra de Casares é a primeira das tres que se porán en escena esta temporada. Para o 15 de abril de 2005 prevese a estrea da versión de *Ricard III* dirixida por Manuel Guede, e con Xosé Manuel Olveira "Pico", Miguel Pernas, Muriel Sánchez, Maxo Barjas, Elina Luaces, Luisa Merelas, Miguel López Varela, Marcos Vieites, Antonio Simón, Antonio Durán "Morris", Xulio Lago, Toño Casais, Agustín Vega, Manuel Areoso, Pancho Martínez no elenco de intérpretes.

Finalmente Xulio Lago será o encargado de levar ao palco *Seis personaxes á procura de autor* de Luigi Pirandello, xusto agora dentro dun ano, e cun reparto de actores aínda sen determinar. ♦

## XERAIS POESÍA



*Non o abras  
como unha flor*  
(Poesía reunida 1980-2004)

María Xosé Queizán

Este volume reúne toda a poesía de María Xosé Queizán dende 1980 ata a actualidade. Poesía de expresión austera candente e antisentimental, iconoclasta, suxestiva e humorística onde a autora consegue adaptarse con ductilidade aos máis diversos temas e canalizar as diatribas filosóficas sen perder o decidido compromiso cos conflitos de actualidade.

1979-2004  
XXIX  
VINTE E CINCO  
ANOS DE  
EDICIÓNS  
XERAIS DE GALICIA

NARRATIVA

# Biografía cultural de Manuel María

## Camilo G. Torres estudou con detalle a traxectoria do poeta


**Título:** Manuel María: os traballos e os días.  
**Autor:** Camilo Gómez Torres.  
**Edita:** Laivento.

“Dicir Manuel María é dicir paixón, amor, fidelidade a Galiza, centro, móbil, eixo e razón dos seus traballos e dos seus días”. Así remata Camilo Gómez a súa “biografía cultural e socioliteraria inserida no marco da historia de Galiza” a cerca de Manuel María, libro que en realidade consiste nunha necesaria actualización e adaptación do que fora tese de doutoramento, e que hoxe, xunto a *Conversas con Manuel María* (Xerais) son dúas valiosísimas fontes de aproximación á vida e os feitos dun home que só pediu ás causas tenrura e aos homes verdade.

Na vida de Manuel María, tres lugares teñen unha importancia moi salientábel. O primeiro é Outeiro de Rei, primeiro e fundamental, non se pode entender cabalmente a poesía do Manuel sen lembrar a cátedra de Manuel de Paderna, o amor pola súa xente e pola Terra Cha -mesmo hai quen di, eu lino a V. Fernández Freixanes, que a Terra Cha é creación de Manuel María. O segundo é Monforte de Lemos, onde residiu a meirande parte da súa vida. E o terceiro A Coruña, concretamente Montealto, onde pasou estes derradeiros anos, entre o amor e admiración dos amigos herculinos. Mencionamos estes tres, aos que ben habería que engadir Lugo, Santiago... Galiza toda. Imposíbel será atopar un recanto onde non se oíra a voz do Manuel (nas palabras sonoras ou nas impresas).

Dos primeiros anos ocupábase do capítulo I, que abarca desde 1929 a 1949. Inesquecibéis os anos da nenez, mais tamén outros acontecementos de ingrato recordo aparecerán, como a morte do pai, ou a convivencia en Rábade cun curmán de seu pai -que xunto á etapa de concelleiro en Monforte, e o servizo militar serán os momentos máis tristes da súa vida. Logo, xa no segundo, vén o tempo das crises e os descubrimentos, para Manuel María non foi sinxelo adoptar o compromiso coa literatura, a terra e a xente (tres termos interdependentes entre si) que había guiar o resto da súa vida. E despois chegará o tempo negro do servizo militar, que nin a

**Camilo Gómez segue de perto a súa presenza en centos de actos de divulgación, na prensa e no estranxeiro.**



Manuel María na presentación do número de *A Nosa Cultura* (*A Nosa Terra*) adicado a Blanco Amor, en Ourense no ano 1985.

proximidade irmá de Uxío Novoneira poderá mitigar. Seguindo do tempo das tertulias, das que era asiduo, e que, lembra Camilo Gómez, eran o único foco de resistencia posíbel naqueles anos de miseria (en todos os sentidos) a que levava o Golpe militar do 36. Xa no 1952, está na Misa a Rosalía, xermolo do que hoxe é o Día da Patria Galega. Salvante forza maior, non se lembra ocasión onde a tarefa de construír Galiza non contase coa presenza exemplar do Manuel.

Camilo Gómez segue de perto a súa presenza en centos

de actos de divulgación, na prensa ou no exterior (durante moitos anos foi o persoeiro máis demandado polos nosos emigrantes). Sen deixar de denunciar a imposición do castelán, en calquera simple recitado era obrigado levar algo en castelán e os xornais controlaban moito (non o fan aínda?) a presenza do galego.

Alá polo 1957 aporta en Monforte de Lemos, cidade que o recibiu friamente, na que pasaría 40 anos, e que tardou un decenio xa non en integralo na súa vida cultural, só en “consentilo”, a quen había de ser o re-

ferente cultural monfortino do século XX por excelencia, o compromiso e a dignidade de quen se erixiría como o meirande cantor da Terra de Lemos sentaban como un cravo ardeno entre aquela sociedade rancia que organizaba unhas festas para ricos e outras pobres; un Monforte que nin soubo corresponder o amor que o Manuel lle tiña, nin recoñecer os esforzos de dinamización cultural e dignificación política que levou a cabo, e que tamén o despediu friamente (por empregar un eufemismo, isto testemuñámolo nós) cando se trasladou á Coruña. Desde ese Monforte opaco desenvolveu un inxente e incansábel traballo político (desde a militancia de base, nunca quixo outra honra, estivo en todos os eventos que a redor do nacionalismo tiveron lugar) e literario (é un dos escritores máis prolíficos da nosa literatura), dos que se ocupa Camilo Gómez nos seguintes capítulos, polo miúdo deica 1995, anos posteriores moito máis resumidos.

Vida exemplar na que se poden seguir as pegadas da evolución sociopolítica e literaria da segunda metade do século XX, que se pechou recentemente co retorno definitivo a Outeiro de Rei. Vida no camiño queda posta en mancheas de libros, que cómpre e urxe saber valorar correctamente, pois ás veces median moitos anos entre a creación e a publicación, cando houbo esa fortuna porque fican aínda títulos inéditos. ♦

### TABELA DAS LETRAS

#### FICCIÓN

**1. O CÓDIGO DA VINCI.**  
Dan Brown.  
*El Aleph.*

**2. AMOR E MÚSICA LIXEIRA.**  
Bieito Iglesias.  
*Galaxia.*

**3. O COXO DE VILARELLE.**  
Afonso Eiré.  
*Espiral Maior.*

**4. SOBERANO.**  
Adolfo Caamaño.  
*A Nosa Terra.*

**5. BAIXO MÍNIMOS.**  
Diego Ameixeiras.  
*Xerais.*

#### NON FICCIÓN

**1. UNHA ESPÍA NO REINO DE GALICIA.**  
Manuel Rivas.  
*Xerais.*

**2. A TERRA QUERE POBO.**  
Xosé Luís Barreiro.  
*Galaxia.*

**3. HISTORIA DE GALICIA.**  
Ramón Villares.  
*Galaxia.*

**4. TAL ERA VIVIR.**  
Xosé Vázquez Pintor.  
*Xerais.*

**5. O ESPAÑOLISMO LINGÜÍSTICO.**  
Manuel Rodríguez.  
*Espiral Maior.*

Librarías consultadas:

*Cartabón* (Vigo), *Coqueiro* (A Coruña), *Michelena* (Pontevedra), *Pedreira* (Santiago), *Souto* (Lugo), *Torga* (Ourense).

XOSÉ M. EYRÉ

### CONTA DE LIBROS

#### Otero enciclopedista

*Una historia del arte universal*, de Ramón Otero Pedrayo, é un amplo e ben documentado compendio histórico sobre arte e artistas de todo o mundo. O ourensán percorre os tempos, desde a prehistoria até o cinema, con ansia enciclopédica e narración literaria. Edita Galaxia, tras case corenta anos inédita. ♦



#### Libertadores do Eire

Toxosoutos edita en galego un clásico da crónica histórica irlandesa. *A constitución da Irlanda contemporánea. Días de guerrilla en Irlanda*, de Tom Barry, conta o labor militar da *West Cork Flying Column*, que el dirixía, unha organización baseada en comandos duramente adestrados dispostos para a guerra de liberación do Eire. ♦




#### Teoría da literatura

Pierre Bordieu é un dos grandes teóricos da esquerda no eido das ciencias sociais. Agora, Laivento presenta en galego *O campo literario*, un ensaio profundo sobre as relacións entre literatura e poder, a función social das letras, a ciencia aplicada aos xéneros literarios ou a relación entre medios de subsistencia e a práctica artística. Traduce Carlos Pérez. ♦



#### Valores e libros

Recuperar as letras como maneira de comprender o mundo e melloralo. Ese é o obxectivo da escola de textos que recolle *Ten que doar. Literatura e identidade*, de Suso de Toro. O escritor santiagués reflexiona sobre o papel da literatura galega, o rol do escritor, as lecturas que o influíron, os camiños que han de tomar os creadores de mundos literarios... Edita Xerais. ♦



## Enclave

Revista galega de política e pensamento

Nº 12. Outono 04. Prezo 3 euros.

Dirixes: Pedro Gómez-Valladés.

Edita: Esquerda Nacionalista.

Diana Mera recorda as primeiras mulleres do teatro galego. Marisa Barreal explica o labor de investigación feminina en Galiza. Marisa Vidal relaciona Igrexa e muller. Silvia Capón achega a súa visión sobre o futuro da muller na sociedade. Inclúense entrevistas coa xornalista da Cadena Ser Ana Guantes, Encarna Álvarez, vicepresidenta da Confederación de Empresarios da provincia de Pontevedra e máis con María Teresa Conde-Pumpido, xuíza do social en Vigo. Nun encarte, dáse conta do manifesto da Fundación Enclave. ♦



## O Común dos Veciños

Nº 7. Setembro 04.

Dirixes: Xosé Carlos Morgade.

Edita: Organización Galega de Comunidades de Montes Veciñais en Man Común.

David Díaz recolle os beneficios da asociación de mancomunidades de montes.

Celso Milheiro retrata a Mancomunidade do Castro-Salnés. Claudio Quintillán

recomenda o cultivo de cogomelos como medio de aumentar os recursos do monte. Ademais, dáse cumprida información sobre toda a actualidade referida á situación dos montes en man común. ♦

## Cartafolk

Nº 2. Ano 2004. Prezo 3 euros.

Dirixes: Óscar Losada.

Xoán Manuel Estévez escribe un monográfico sobre o cantautor Fausto, unha das voces máis importantes da lírica lusitana do último medio século. O crítico musical depena os temas principais da súa música, o papel histórico de Portugal, a ilusión do 25



de Abril, a ligazón galega, o mar, a influencia da poesía contemporánea... Dun xeito ameno, dáse conta do máis destacado da súa biografía e labor musical acompañado de fotos do músico. ♦

## Cultura

Nº 1.144  
Do 30 de setembro ao 6 de outubro de 2004  
Año XXVII

ANOS  
TERCEIRA  
27

NARRATIVA

## Horacio Dopico vivía Ourense

Diego Ameixeiras debuta na novela negra

Título: Baixo mínimos.

Autor: Diego Ameixeiras.


Edita: Xerais.

A novela negra é un dos xéneros que gozan de mellor saúde dentro desa suposta agonía da literatura. É por iso que moitos dos grandes éxitos editoriais de cada ano teñen o carimbo policial. Veláí está o inspector Wallander, do sueco Henning Mankell ou o Montalbano, de Andrea Camilleri, personaxes protagonistas de senllas series de novelas de grande aceptación en toda Europa.

En Galiza poucos escritores tentaron este camiño. Desde o Toni Barreiro de Manuel Forcadela (*Sangue sobre a neve, Barato, barato...*) poucos autores crearan investigadores con vontade de perdurar. Frank Soutelo, por exemplo, naceu con *Un nicho para Marilyn*, de Miguelanxo Fernández, á espera da segunda entrega. Por iso é unha boa nova o nacemento de Horacio Dopico, o personaxe co que Diego Ameixeiras debuta na novela.

Ameixeiras (Ourense,

**Trátase dun relato xa visto, pero ben escrito. Non hai nin unha soa páxina na que non descubramos admirados un ou dous achados expresivos.**



Diego Ameixeiras.

MIGUEL LÓPEZ CALZADA

1976) é un ortodoxo do xénero. Dopico é fillo natural de Philip Marlowe (o detective das novelas de Raymond Chandler). Basea todo o seu engado nese cinismo herdado de Humphrey Bogart e un desaforado consumo de drogas. E isto é o peor da novela. Xa todos sabemos que non casa con ninguén, que é unha vítima dun divorcio traumático non só coa súa exmuller senón co idealismo da súa mocidade. Se na descrición da trama o escritor aposta pola parodia –a máis conseguida é a do independentismo vasco,

transmutado aquí nun surrealista secesionismo ourensán contado con moita graza–, na construción do personaxe principal preferiu os mecanismos de identificación. O autor tenlle demasiada lei a Dopico e iso réstalle valía porque o converte nun simple epígono de perfil esquemático.

E o problema é que ese clixé se espalla aos outros protagonistas. A *femme fatale* (Silvia Puga), a *Lolita* (Helena Seivane) non teñen nin un só xiro orixinal, algún trazo que as independice do seu estereotipo. E

fracasados os personaxes, a trama non é quen de salvar a obra do naufraxio. Cántas veces lemos historietas de corrupción policial, tránsito de drogas e puticlubs.

Mais estes son vimbios que se poden mellorar en próximas entregas –Diego Ameixeiras xa está a preparar a publicación doutra aventura do detective ourensán. O máis interesante é a linguaxe e o ritmo da novela. Este escritor é un discípulo avantaxado de Bieito Iglesias. Igual ca o autor de *Miss Ourense*, papou desde pequeno o galego do arrabaldo e do barrio. Non hai nin unha soa páxina na que non descubramos admirados un ou dous achados expresivos, reviravoltas da lingua oral que dá gusto sentilas en voz alta nun escritor tan novo.

Ese dominio da lingua consegue algo moitas veces esquecido pola literatura galega: reivindicar a fala viva nas faixas de idade máis alleas ao galego. Seguindo a Ameixeiras, pódense crear diálogos onde os mozos non parecen catedráticos de instituto. É máis, confírmase que o máis *cool* para nós non debe ser imitar os *patricios* (así lles din aos portugueses en Verín) coas súas expresións de *gajos* senón fixarmos na modernidade da linguaxe dos vellos. Ameixeiras é un vello falando e iso converteo nun dos máis modernos escritores en galego. ♦

C. LORENZO

POESÍA

## A poesía de Lupe Gómez

Título: Levantar as tetas.

Autor: Lupe Gómez.

Edita: Espiral Maior.

A dúbidoso graza máis ou menos naïf dos primeiros poemas de Lupe Gómez –que se inscribían dentro dunha tendencia máis xeral dunha poesía que daba a impresión de estar a confundir felaición con subversión–, redúcese neste seu último libro por agora, *Levantar as tetas* (dividido en catro partes: I. Autopoética. II. Os ollos rotos, 56 poemas. III O amor das vacas, 5 poemas, e IV Fuxida, 1 poema) a pór en versos aforismos máis ou menos conseguidos. Sempre, tanto en calidade como en cantidade, menos que máis.

Pódese afirmar que desde o seu primeiro libro (*Pornografía*), Lupe Gómez non se to-

**Lupe Gómez pon en verso aforismos máis ou menos conseguidos.**



Lupe Gómez.

A.N.T.

mas/ son/ mulleres; O amor/ faime/ falar; Non me abandono/ cando o sol/ marcha; A vida/ dura pouco/ e é falsa; O sexo/ síveme/ para liberar/ a paz morta, etc.); poemas onde a xa mencionada falta de ritmo (ao mellor a poeta conta dema-

siado as sílabas e pouco os acentos) e o lugar común son presenzas constantes e nunca ultrapasadas, aínda que ás veces –pocas– o consiga: *A verdade é un río/ nevado*. É dicir, nada novo nin realmente excitante. Os xestos e as posturías de hai dez anos. Claro que, xa avisa a poeta na “Autopética”: “Teño a sensación de estar escribindo un único poema, de estar repetíndome sempre, sen cansarme. E aínda que, seica, “un amigo díxome que non é verdade que escriba sempre o mesmo, o que pasa é que é o meu estilo”, e aínda que Lupe Gómez diga na tal “Autopética”, “Hai en min desexos de romper todo”, non rompe nada, ben que confese que lle agrada romper vasos. Guste ou non, Lupe Gómez é unha conservadora. Será que non fondo non se atreve a cuestionarse, reinventarse, tomar algún risco. Está no seu dereito, claro. ♦

X.G.G.

## TELEVISIÓN

## O xenro fronte á sogra

## A TVG estrea unha nova serie cómica co gancho de Ana Kiro

Título: A miña sogra e máis eu.

Director: Quico Cadaval.

Interpretes: Marcos Orsi, Carolina Vázquez, Ana Kiro, Sara Pumar, Evaristo Calvo, Teté Delgado, Xoán Pérez, Santi Romai, Marta López, Laura Méndez, Alejandro Vergara, Dolores Gippini e Anselmo Gómez.

Banda sonora: Iván Ferreiro.

Produción: Voz Audiovisual.

Canle: TVG. Luns ás 21:45 h.

A TVG ven de estrear unha nova serie de entretemento, que logo de dous capítulos emitidos xa conseguiu facerse un oco de audiencia estábel na programación dos luns. A actual oferta das tv públicas, hipertofriada de programas de cartilleo e dos chamados *reality-shows*, que retroalimentan ao tempo unha boa parte do horario con subprodutos da matriz principal, deixan un espazo fixo para todos aqueles espectadores que queren furir como sexa desa ditadura.

Dito así pode semellar un desdoro apriori de *A miña sogra e máis eu*. Todo o contrario. Xogando co colchón dun

No esqueleto argumental da serie polo de agora o verdadeiro eixo é o xenro.



mínimo de audiencia garantido, a TVG súmalle a presenza dunha das figuras máis queridas da súa programación de sempre, a cantante Ana Kiro,

que se estrea así no seu primeiro papel de ficción.

A serie ármase através das peripécias dun actor en paro que ten que instalarse temporal-

mente coa súa familia na casa da súa sogra. Os espazos de acción repártense entre o fogar, o bar onde se encontra o protagonista cos amigos e a axencia de

viaxes onde empeza a traballar a filla de Ana Kiro.

Aínda que o título xire arredor da súa protagonista, no esqueleto argumental da serie polo de agora o verdadeiro eixo é Marcos Orsi (Óscar), o xenro. Sólido na súa interpretación das tramas cómicas, Orsi sácese dese papel de mao de *Rías Baixas*, e faíno con credibilidade. Ao seu carón todos cumpren con dignidade o seu papel, mesmo os cativos, para os que polo visto até agora déixanse unhas aventuras que lembran a estética dos vellos tebeos. Aos demais protagonistas adaptacióne diferentes situacións cómicas, que polo de agora se amosan eficaces para manter a tensión e despertar o sorriso, que non a gargallada.

Agás uns simpáticos efectos especiais, a serie non se sae das formas habituais. É correcta sen buscar unha originalidade especial, nun terreo —o das comedias de situación— que sempre son unha aposta segura se se escollen ben os actores e non se disparatan as tramas. A presenza de Ana Kiro actúa como gancho e sen brillar como actriz tampouco renxe. ♦

X.C.

## Os Tonechos e a normalización da TVG

## Os humoristas posibelmente contarán con programa propio esta tempada

Na Televisión de Galicia había de todo: telexornais, debuxos, teleseries, filmes, deportes... Pero faltaba algo. Calquera sistema cultural propio que se precie ten que contar cun referente humorístico. En Galicia, logo de Farruco, existía un baleiro até que un bo día xuntáronse Vitor Fábregas (Tonecho) e Roberto Leal (Tucho) para formar Os Tonechos. Axiña comezaron a acumular éxito en pantalla até converter o seu espazo en Lúar no máis visto da TVG. Por suposto, non falta quen os critique, entre a chamada *intelligentsia*, igual que critican o programa no que até agora actuaban.

O segredo do éxito dos Tonechos é, sen dúbida, a reprodución dun sistema humorístico propio do país: a retranca. Se a isto lle mesturas unha fala popular chea de xiros —con fonética galega, gheada e seseo—, unha variedade temática ampla, unha crítica resignada do sistema e un culto con sorna a valores como a nugalla, o alcohol ou as mulleres, a fórmula estará completa. Xunto a Tonecho e Tucho —pai e fillo— saen a escena a esposa de Tonecho (Marina Carballal) e a sogra (Dorothea Bárcena). A fórmula familiar non é nova. Estados Unidos ex-

porta unha das mellores series de humor en formato de debuxos animados —Os Simpsons— que explotan valores moi semellantes, aínda que enmarcados dentro da cultura dese país. Esta serie, por certo, é moi admirada polos intelectuais que critican ferozmente os Tonechos.

A historia deste dúo comezo no programa Con Perdón. Fracaso do este espazo, a TVG tentounos reciclar para o Lúar. Alí comezaron como uns veciños que Xo sé Ramón Gaioso tiña que aturar con resignación. Este era o motivo polo que aparecían con pixama e casco. A caracterización fíxolle moita graza ao público porque transmite un aire de familiaridade.

Os Tonechos son personaxes estereotipados, ao máis puro estilo Torrente ou o mesmo Charles Chaplin, e como tal levan até a exasperación o humor. O que pasa é que os temas dos que falan, as situacións e os chistes están conectados coa cultura popular. Por exemplo, a

A estrutura humorística é sinxela, pero non por iso menos lograda.



Roberto Leal e Vitor Fábregas, Os Tonechos.

crítica velada á autoridade. Case sempre comezan as súas intervencións deste xeito, con frases como “boas noites ás persoas e tamén aos que non o son porque estou vendo a algún garda civil entre o público”.

A estrutura humorística é sinxela, pero non por iso menos

lograda. O modelo de presentación e resolución de conflitos é semellante ao doutra serie de éxito da TVG, Pratos Combinados. Non obstante, non hai que caer no erro de pensar que a elaboración doutros formatos humorísticos é máis complexa. Por exemplo, Mr. Bean conse-

gue facer graza sempre cunha estrutura semellante. Xunto ao humor absurdo tradicional, o esperpento e a parodia arrincan a risa do espectador.

Na tempada que comeza, os Tonechos van contar cun espazo propio feito a base de gags. Isto supón unha normalización da televisión de Galicia. Malia as críticas que poden recibir de certos sectores, a parella Tonecho-Tucho seguramente acadará as cotas de pantalla máis altas. Algo que non conseguían uns humoristas dende que Martes y Trece tiñan un programa propio. Xeralmente detrás das críticas á cultura popular, que neste caso por sorte segue a ser cultura de masas, atópase unha análise simple dos valores que se transmiten. Decía o antropólogo Marcial Gondar que “o humor do noso país é unha particular forma de pensar que se dá na cultura galega e que consiste en enfocar os problemas de xeito non excluinte senón complementario”. E complementarios son os Tonechos con Woody Allen e Monty Python. Porque non hai unha única forma de facer humor e porque non hai que idolatrar todo o que vén de fóra e se vista con traxe de esquerdas. ♦

RUBÉN VALVERDE





PACO VILABARROS

## Xoán Manuel Estévez

### 'Galiza é referente da música tradicional na península'

MAR BARROS

Crítico musical durante anos, en publicacións como a desaparecida *Na Gaita*, a revista especializada catalá *Batonga!* ou *A Nosa Terra*, Xoán Manuel Estevez vén de publicar un monográfico sobre a figura de Fausto, o segundo número da edición periódica *Cartafol*, que dirixe Óscar Losada. Gran coñecedor da música folk do país, segundo el a música galega vive unha situación contradictoria.

#### Existe realmente crítica musical galega?

A grandes trazos penso que non. Hai información e gaceti-lleiros, aínda que a palabra poida parecer insultante, sobre todo na prensa diaria. Neste tipo de publicacións a crítica está substituída pola promoción e pola información puntual do día a día na que non se afonda nin se segue un criterio moi galego. Se cadra esa substitución débese a que a sociedade non demanda este tipo de contidos ou porque non llos ofrecen. En consecuencia, atópanse casos de informacións erróneas moi estendidas. Por exemplo, falando de música folk, e ao respecto do *boom* dos anos oitenta, coméntase sempre que Carlos Núñez foi o primeiro músico que incluíu no seus discos as pandereiteiras, cando dez anos antes as empregara Milladoiro. Verdades deste tipo circulan de boca a boca.

#### Correspóndese esa ausencia de crítica co que parece ser un dos mellores momentos da música galega?

Semella unha contradición, mais o papel que debería xogar a crítica e a reflexión está a ser ocupado pola propaganda. Os poderes mediáticos déixanse presionar moito polas multinacionais do disco. Se unha formación galega ten a sorte de ser incluída nun paquete promocional dunha desas empresas, ten moi-

tas máis posibilidades para distribuírse e para que o afeccionado non melómano se achegue a ela.

#### Pero segue sen haber cancións asentadas no noso tempo. Por exemplo, cal foi a canción do Prestige?

Non a vexo, a pesar de que se editaron varios discos. Penso que isto enmárcanse nun problema máis de fondo, que involucra o caso da temática contemporánea. É un problema bastante grave que pasa pola falta de receptividade dun público masivo das mensaxes cantadas en galego. Parece un paradoxo porque o público está afeito a escoitar a Silvio Rodríguez ou a Sabina, pero esa mesma xente non é receptiva á mensaxes elaboradas en galego, agás excepcións. Todo iso fai que nos remontemos, nunha sorte de involución, trinta anos atrás. Vicente Araguas díxanos nos setenta que os cantautores cataláns xa tiñan temas con contidos elaborados, mentres que aquí era todo máis elemental. Supoño que estamos ante a pescada que se morde a cola. O público non coñece os grupos, os músicos non se esforzan porque non teñen demanda social...

#### Por onde debe vir o camiño para que isto aconteza?

Existe unha vía aberta dende hai uns anos que se atopa curiosamente na música folk. Cando empezou no ano 75 o Movemento Popular da Canción Galega,

que reunía incipientes músicos folk con cantautores, o mundo das gaitas era visto como hostil e reaccionario, propio do franquismo. A resposta veu da man dos folkis cunha visión instrumental. Dende hai algún tempo, empezando por Na Lúa ou Milladoiro, foise progresivamente incorporando a voz. A partir de aí veu Fía na Roca e o rexurdir discográfico de Fuxan os Ventos. A solución pasa por aí, pola incorporación progresiva da voz na música folk instrumental. Por outra parte, publicáronse varios discos excepcionais como o de María Manuela ou o último de Pilocho, que pasaron desapercibidos, un claro sinal de que a canción galega non ten todo da súa parte.

#### O papel de Emilio Cao ou Milladoiro foi fundamental no desenvolvemento da música do país?

Foi. Emilio Cao, co seu primeiro disco estableceu un punto e aparte, porque era unha mensaxe contestataria, e porque conseguiu que nun mesmo traballo participasen nomes decisivos, como Xoán Piñón ou Antón Seoane. O mesmo ocorre con Milladoiro, unha formación que une dous conceptos fundamentais, o da calidade e o da popularidade. Ademais non fai demasiadas concesións á galería e seguen unha actitude eticamente coherente, manténdose rítmicamente á marxe dos poderes fácticos.

#### Que papel xogou o proceso de recuperación da música tradicional?

Támén foi moi importante. De súpeto os músicos folk atopáronse cun tesouro que estaba por descubrir. Isto coincidiu cunha eclosión musical que se deu en Inglaterra chamada *world music*, unha feliz coincidencia. Pero máis que un produto de modas, o mérito correspóndese co traballo dun corredor de fondo. Nese sentido foi moi importante o caso de Leilía. Elas mesmas teñen explicado como foi ese labor de recolección polas aldeas e como, ás veces, eran recibidas con certa hostilidade. Despois polo rural galego pasaron moitas pandereiteiras como Anubia ou Faltriqueira. Penso que agora se vai cumprindo o reclamo aquel de 'pinta a túa aldea, pintarás o mundo', e os músicos galegos saen en portada de revistas como fRoots, unha publicación en inglés que cruza fronteiras, e iso é como a Biblia.

#### Vostede tamén é divulgador en Galiza de grupos musicais como Fausto ou Mª del Mar Bonet. Cómpre beber na tradición, pero moito hai que escoitar de fóra.

Aquí os cantautores permanecían a marxe do folclore, algo que hai que valorar no seu contexto, nun momento no que aínda pesaba o pouso dunha ditadura que perseguía o galego e permitía a sección feminina, os bailes e as

gaitas. A súa reacción foi o rexeitamento de toda a música popular. Posibelmente esta situación non se viviu noutros países. En Portugal, Fausto ou o propio Jose Afonso, como cantautores que eran, si que se interesaron polo seu folclore. En Cataluña, tiñan como modelo os cantautores franceses, pero María del Mar Bonet levou a Barcelona toda unha bagaxe de cancións da súa terra que despois materializou en discos. Tanto Fausto como Bonet, a diferenza dos demais, son absolutamente permeáveis aos seus respectivos folclores.

#### Que lle falta á música galega a nivel de industria?

Unha casa discográfica autóctona potente, na que se fundiran todos os pequenos selos que se espallan polo país. Penso que o modelo que debemos seguir é o vasco, creando empresas que editen libros e discos ao mesmo tempo. Os galegos temos máis facilidades para exportar que os vascos, os nosos músicos venden máis no mundo, sobre todo agora, cando Galiza é referente da música tradicional na península. Acontece algo similar co que pasou nos sesenta, cando todo o que chegaba de Inglaterra era bo. Non embargante, aquí non hai unha industria que o saiba canalizar.

#### Pero seguimos sen entrar nas emisoras de radio con normalidade.

As emisoras promoven discos de multinacionais. Parte da explicación pasa polo idioma. Ante a falta de espazos, os músicos vense na obriga de buscarse a vida fóra, converténdose nunha sorte de emigrantes. Galiza é un país moi pequeno. Se cadra existe máis receptividade fóra, por falta de prexuízos, que en Galiza.

#### Outro feito constatable é que non se asenta ningunha revista musical no país.

Houbo algunhas experiencias como *Na Gaita*, pero tiveron problemas económicos, non vendían abondo. Cómpre unha formulación intelixente neste ámbito, como elaborar revistas gratuítas especializadas, baseadas na publicidade para distribuír dende puntos estratéxicos como tendas de discos. Outra solución podería estar en que os periódicos fixesen suplementos especiais semanal ou mensualmente. O que é certo é que as cifras non se corresponden. Dunha banda existen vendas astronómicas, discos de ouro que logo non se traducen noutros datos, como vendas de libros de música ou monográficos. Prodúcese unha sorte de divorcio entre ambos campos.

#### Podemos dicir, con todo, que a música galega está no seu momento dourado?

É unha época contradictoria e potencialmente dourada en canto a creatividade, aínda que, ultimamente, asístese a un esgotamento de fórmulas e é difícil que haxa un referente novo como foi no seu momento Milladoiro. Cada día os discos parécense máis, a pesar de que, de cando en vez, surdan apostas innovadoras como a de Son de Seu. Por outra parte o público foi madurando e xa non acepta calquera cousa. ♦



Fotograma d'O labirinto dos sonhos. Á dereita, o cartel do certame e, abaixo, unha escena de P3K Pinocchio.

## O Carton Forum refrendou con nota a animación feita en Galiza

### O labirinto dos sonhos, da produtora 'Grándola Nova', impacta na cita compostelá

LEANDRO ABOAL

Foi a festa da animación europea. E tamén a posta en sociedade da animación galega. Todo un acontecemento que reuniu no Auditorio de Galiza de Compostela a máis de 800 persoas chegadas de distintos países europeos. A pasada semana, produtores, inversionistas, directores, debuxantes e directivos das televisións públicas e privadas. Tamén non poucos responsábeis

das estruturas que a Unión Europea se está a dotar para relativizar o abafante dominio da animación xaponesa e americana. José Luis Cabo, director do Centro Galego de Artes de Imaxe, a entidade da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia que apadrinou o evento, significou na clausura, o seu entusiasmo pola calidade e a oportunidade estratéxica dun Cartoon Forum que nacera precisamente para

reanimar un campo audiovisual que, en Europa, mostrábase entregado comodamente ás factorías xaponesas de animación.

#### O audiovisual galego en Variety

As políticas institucionais de apoio á creación e unha aposta decidida de empresarios e creadores fixo repuntar nos últimos anos unha escolla audiovisual que ten como escaparate maior a celebración do Cartoon en calquera das súas versións. A elección de Santiago como sede para 2004 situou Galiza no mapa. Revistas tan prestixiosas como a californiana *Animation Magazine*, *Tele Informe* ou *Emissiones TV* adicaron senllos dossier tanto ao evento como á situación actual do audiovisual galego. Mesmo a biblia da cinematografía mundial, caso da prestixiosa publicación norteamericana *Variety*, ocupouse en páxinas centrais da relación de Galiza

co cinema a conta da celebración do Cartoon. Unha ampliación publicitaria de capital importancia e xeneradora de seguro dunha posta en valor para o noso tecido audiovisual.

As produtoras galegas logaron todo menos pasar desapercibidas. As dúas especialmente invitadas, Grándola Nova e Filmmax Internacional, lograron que as súas creacións en desenvolvemento


lograran acordos de orzamento participado. *P3K Pinocchio*, de Filmmax Animation e *O labirinto dos sonhos*, de Grándola Nova, sobre todo, van ter asegurado o seu acabamento

final logo das compras de dereitos artelladas durante o Cartoon. Todo un éxito pensando no curto percorrido dunhas produtoras que lograron ser admitidas no evento despois de ter sido escollidas por un estrito xuri de admisión. Un verdadeiro reto para Ramón Bermejo, o produtor executivo de Grándola Nova, solventado con rigor e unha manifesta creatividade.

#### Novas propostas

Un panorama positivo que coñeceu tamén nestes mesmo días a presentación de Continental Animación. Unha nova división da produtora coruñesa que ven de dar á luz os seus primeiros proxectos. Trátase da serie *Saltinhos*, a longametraxe *Xoan sen medo* e *As Aventuras de Boomerang*. Productos aos que habería que sumar o avanzado filme *O soño dunha noite de verán* a compoñer nos obradoiros coruñeses de Dygra. A produtora de Manolo Gómez a seguir desenvolverá tamén dúas novas películas. *Asno de ouro*, baseada nun relato de Apuleyo, e *Cinco de xaneiro*.

O Cartoon serviu, entre un recoñecido éxito de organización, para algo máis que pular pola animación galega. Abriu mercados de futuro que sen dúbida virarán unha consolidación cando se celebre en outubro do vindeiro ano a súa próxima edición na cidade dinamarquesa de Koding. ♦




## O 'Cartoon D'Or' para Fast Film

Un premio merecido e un agasallo para os sentidos. A gala final conducida por Isabel Blanco deuulle un glamour inesperado para un festival de animación. Toda a memoria do cinema clásico, desde o silente Buster Keaton, ao hierático Frankenstein pasando polo mesmísimo Indiana Jones. Tamén os amores quentes de Bacall e Bogart discorren no filme do austriaco Vir-

gil Widrich quen de obter o virtual Premio Europeo de Cinema de Animación e os seus paralelos 20.000 euros destinados obrigatoriamente a investir nun novo proxecto. Widrich recolleu o seu galardón recoñecendo un "roubo". Milleiros de cenas expolidas a outros realizadores para, afirmou, "homenaxear á historia do cinema". Unha decisión do xuri que mereceu os aplausos

unánimes aínda que nas butacas se rexistraran noutros curtos os mesmo valores. Eis o caso dos títulos aportados por creadores como Franck Dion ou Arthur Pins, os dous franceses, ou o *Concert for a carrot pie* dos estonios Ernits e Pöldma. Mesmo a emotiva e contundente homenaxe a resistencia ao nazismo imaxinada desde *Trough my Thick Glasses*. ♦



PARANINFO DA UNIVERSIDADE  
A CORUÑA  
DÍA 8 DE OUTUBRO, ÁS 20 h.



# MONOS EN OURENSE

MAR BARROS

Esta semana dá comezo as XVI Xornadas de Banda Deseñada de Ourense, unha das citas máis consolidadas do país, que este ano se presenta con novidades e cun nivel máis elevado de publicacións e de autores convidados.

Os *freakies* e os seguidores da banda deseñada teñen unha nova data en vermello no seu calendario particular, con Ourense no punto de mira. E todo porque o venres un de outubro dan comezo as XVI Xornadas de Banda Deseñada que se venhen organizando dende a Casa de Xuventude de Ourense, nas que está previsto que se presenten media ducia de publicacións e estean presentes profesionais de Galiza, Portugal, Eslovenia e Eslovaquia.

Cunha previsión de asistencia de público máis elevada que en anos anteriores, esta nova edición supón un xiro importante no seu desenvolvemento habitual xa que por vez primeira non se celebrará a sección Expofanzines, adicada a este tipo de publicacións. Pola contra, o director do evento, Biello Losada, indica que "se mellorou na calidade das publicacións que se presentarán e dos autores convidados".

Baixo o título *Wartime. O cómic que veu do leste* preséntanse no Museo municipal os traballos de autores de Croacia, Albania, Estonia, Hungría, Polonia, Serbia ou Montenegro, nos que se reflexiona sobre a guerra. Dous deles, Ivan Mitrevski e Branko Jelinek presentarán o sábado dous a revista *Striburjer*.

A numerosa participación galega é outro dos aspectos destacados da edición. Dunha banda Pepe Carreiro presentará o seu novo traballo dos Barbanzóns, *No sopor da Prehistoria*. Despois de *Baroña ou morte*, o debuxante presenta en Toxosoutos este novo álbum, no que relata as nova peripecias das súas máis recentes creacións, os membros da familia coñecida como os Barbanzóns, que ha moitos anos habitaron o Castro de Baroña. Nesta nova entrega os personaxes realizan unha accidentada viaxe polas costas irlandesas.

Paralelamente Fran Jaraba mostrará *Campos de Cuba* (Xerais), a súa última creación na que se narran novos episodios do alzamento independentista de febreiro de 1897. Nel recupera a Maxi Torres, un soldado compostelán que se ve mergullado nunha conspiración, que xa protagonizara *Cita na Habana* (2000).

Nas xornadas farase tamén unha chiscadela ao teatro da man de Xaime Asensi. O autor galego vén de editar *Ubu Rey*, da editora valenciana Edicións de Ponet, na que adapta a coñecida obra de Alfred Jarry ao cómic. En Ourense poderá visitarse unha mostra con parte dos orixinais ao tempo que terá lugar a presentación do álbum a cargo do autor.

Ademais o martes cinco, na Casa da Xuventude, preséntase a nova revista semanal de Ediciones El Jueves, que leva por título *Mister K*. Para a elaboración da nova publicación estatal de banda deseñada, os directores botaron man sele autores galegos, que dirixiran os seus traballos a un público xuvenil: Leandro, Alberte Gutiérrez, Santi Gutiérrez, Xavi Montes, Vitor Ri-



vas, Miguel Robledo e Kiko da Silva.

Despois de dezaseis edicións, o director das xornadas, Biello Losada, considera que a calidade dos traballos e autores galegos mellorou moito. "A diferencia é brutal aínda que cabe buscar a explicación en diferentes factores, como o acceso á formación

ou a profesionalización dos autores".

Dende Portugal chega Miguel Rocha, terceiro autor portugués publicado en España a cargo da editora Devir. Rocha presenta pranchas do seu álbum *A vida nunha cucaracha: Remolacha*, obra que tamén ten edición en francés.

## Máis actividades

Por segundo ano celebrárase o ciclo de cinema de animación, organizado pola librería Mazinger, no que se pasarán en pre-estrea na Casa da Xuventude as películas *Appleseed*, dirixida por Shinji Arama-

ki, *Kaena: la Prophétie*, de Chris Delaporte e Pascal Pinon e *Corto Maltes: la cour secrète des Arcañes*, de Pascal Morelli.

Ademais do mercadoño non faltará a música, que correrá a cargo do Projecto Arzach, procedente do Porto. ♦

## ARQUITECTURA EN VIÑETAS



O xoves 14 farase entrega dos premios do certame Na Vanguarda, na súa modalidade de cómic e máis o Premio Ourense de Banda Deseñada, na súa décimo cuarta edición.

Este ano o Premio Ourense, que distingue a mellor iniciativa a prol da BD en Galiza, ou ben unha traectoria persoal dentro da banda deseñada galega, recaeu no colexio Oficial de Arquitectos de Galiza por apostar polo cómic como soporte para levar a arquitectura aos centros de educación secundaria, co seu Proxecto Terra.

Este proxecto componse de unidades didácticas que xiran en torno da arquitectura popular, a contem-

poránea e a identidade territorial. Neste marco inscribese a obra de Miguelanxo Prado, *A mansión dos Pampin*, historia elaborada en clave de humor e ironía para que os educadores poidan promover a reflexión sobre o urbanismo e as deturpacións arquitectónicas.

Durante os cinco días que duran as xornadas ourensás, poderán contemplarse algúns dos orixinais desta obra, un avance do material que será publicado en breve e distribuído polos centros de ensino. ♦



## Elexía para inaugurar un novo outono

...e este querer quedarse na paisaxe.  
Manuel María

MARICA CAMPO

**A**Serra da Loba e a Cova da Serpe debúxame a liña do horizonte. É pola tarde e outono cando escribo por vez primeira un artigo para *A Nosa Terra*. Quero escribir de Manuel María, da súa ausencia, do baleiro que deixou, da ferida que tardará moito tempo en estíñar ... Mais sei que, se o fago, estarei a traizoar o seu legado de esperanza: *Están comigo neste silandeiro / os mortos da miña caste, da miña terra / cumprindo en min o seu futuro*. En Manuel nos reconecemos e nos reconeceremos todos e todas as que teñamos como paixon Galiza e como casa a palabra que esta terra criou. A palabra en que el viviu e que nolo devolve a cadora. O seu futuro somos nós, poboados, mais non aferrollados, pola incerteza que, tamén a el, o posuía.

Non farei o compendio de incertezas, xa o fixo el para nós. Rescatarei certezas entre os seus versos para dicir: *Eu sei que es unha árbore / cecais un carballo / ou un castiñeiro poderoso / ou aínda unha abidreira / que o vento cimbrea / e non arrinca*.

Está aí. Véxoo dende a miña ventá, neste cadro enmarcado pola Serra da Loba e pola Cova da Serpe, nesta Terra Cha da que foi agrimensor privilexiado despois de inventar as mensuras con que medila: *Ferrados de corazón, fanegas de alma*.

E sei que é río Miño de luz e néboa, a percorrer a terra nunha continua anagnórise de gozo e tristura. Gozo pola fala, pola beleza da paisaxe, pola irmandade franciscana con toda a creación. Tristura pola perda de identidade que sofre Galiza, pola desfeita ecolóxica, pola inxustiza, pola fugacidade da existencia.

Con todo, Manuel, tomando de novo emprestadas as túas palabras, as que lle dedicaras tí a Pimentel, dígoche que non nos afacemos sen tí. Como deu a túa ausencia! ♦



**GZEN GAT**

MAR BARROS

Retratar máis de cincuenta anos de inmigración galega é o eixo gravitatorio do novo proxecto *Galegos a Catalunya*. Tres xeracións consecutivas e tres historias diferentes darán vida a este documental que está previsto que se estree o vindeiro mes de maio.

Non é a primeira vez que o Centre Promotor de la Imatge de Catalunya crava os seus ollos no noso país. A serie realizada para a TVG, *O mar do home*, na que se abordaba a historia da pesca, a serie de ficción *Terranova* e máis recentemente a película *Rapados*, foron os primeiros pasos dunha andaina que se achega até a actualidade cun novo proxecto que afonda na inmigración a Catalunya. Baixo o título *Galegos a Catalunya*, preséntase o documental que producirá Ferran Llagostera, no que se analizan máis de cincuenta anos de emigración a través do testimonio de tres persoas con circunstancias vitais distintas, pertencentes a tres xeracións diferentes.

Co fin de reflexionar sobre o que supuxo a inmigración galega para Catalunya, como lle influíu ao país, a interrelación entre galegos e cataláns e sobre o seu proceso de integración nace este novo proxecto catalán, no que

ademais está moi presente a cuestión diferencial, o sentimento nacionalista e o idioma propio. Neste sentido, no documental utilizaranse o galego, o catalán e o castelán, para reproducir o entorno dos protagonistas.

"En Catalunya, indica Ferran Llagostera-, tense falado moito da

inmigración andaluza e murciana pero, a galega é a gran esquecida, cando, por outra parte, ten e tivo moito peso social e económico. Un número destacado dos que deixaron Galiza prosperou en Catalunya e agora ocupan cargos de responsabilidade e dirixen as súas propias empresas". "A pesar de

todo, ao galego penso que o trataron mellor que ao andaluz, se cadra por ter un carácter moi parecido a do catalán", engade.

Non embargante, en cincuenta anos cambiou o réxime político, chegou con éxito o seiscentos e incluso pasou de moda tras o ronsel da tecnoloxía dixital. Nada ten que ver a emigración dos cincuenta coa que ten lugar na actualidade. Ese interese por mostrar o pasado e o presente da inmigración galega é un dos obxectivos marcados no que os testemuños dos protagonistas serán a clave.

Na fase de documentación, unha das pezas importantes compoñona o historiador Olegario Sotelo Blanco e o seu libro sobre a emigración galega. Ademais das declaracións dos protagonistas, a película contará cun complemento documental no que se inclúen noticias da época, datos históricos e anécdotas diversas.

De momento, dende a produtora estableceuse diálogo coa TVG e coa TV3 co fin de que ambas cadeas coproduzan o proxecto. De se acadar os obxectivos marcados polo CPI, a rodaxe do documental realizárase entre os meses de febreiro e marzo para estrear en maio.

Segunda parte

Unha vez que se bote a andar este primeiro proxecto, a produtora catalá ten previsto realizar un segundo documental no que se aborde o proceso migratorio inverso, o que partiu dende Catalunya a Galiza no século XVIII e que deu lugar a explosión da industria conserveira no noso país. ♦



## TRES VIDAS, TRES ÉPOCAS

Tres serán os protagonistas que narren as súas vivencias, os seus ambientes e os seus modos de vida. Os relatos de María Vázquez, de 93 anos, o de Xaime Veiga, empresario de 52 anos e o de Paulo Jablonski de 27 servíronlle de base a Ana María Vargas e Carlos Bruña para a realización do guión.

"Queríamos mesturar personaxes moi diferentes para dar unha imaxe do que é Galiza no exterior", indica o produtor executivo.

Pouco ten que ver a historia

de María Vázquez, agora ama de casa, coa dos outros protagonistas. Na década dos cincuenta, en plena posguerra, deixou soa a súa vila de Lugo para buscar traballo en Catalunya e sería co tempo, e coa súa estabilización económica, cando o seu home marcharía para Barcelona a reunirse con ela. Xaime Veiga, outro dos entrevistados, pertence a ese grupo de galegos que se consolidou e prosperou en Catalunya e que agora rexenta a súa propia empresa. E Paulo Jablonski, completa os testemuños. Estu-

dante de antropoloxía representa a unha Galiza nova que rompe co tradicional conformismo dos seus maiores e loita pola súa ideoloxía. É compoñente dun grupo de músicos que toca na rúa. Entre outros amosan a outra cara do país, a que vive máis alá das nosas fronteiras. "Non buscamos un documental estritamente histórico, ategado de datos, senón que preferimos facer unha película máis viva, máis achegada ao testimonio e ao formato televisivo", comenta Ferran Llagostera. ♦



**Xosé García**  
‘A cultura de masas non deixa soñar’

**A.N.T. Ven de gañar o premio de literatura infantil e xuvenil Meiga Moir organizado por Baía Edicións, coa novela *O lume dos soños*, certame do que foi finalista M<sup>o</sup> Concepción Regueiro Digón. Que significa recibir este premio?**

Foi un recoñecemento a moitos anos de traballo. En si, escribir *O lume dos soños* non me levou máis de dous meses. Non bargante, para chegar aí tiven que percorrer un longo camiño de práctica e escritura no que aínda estou sumido.

**Cal é a trama?**

Salvando as distancias, é unha especie de *Historia interminábel* contada ao revés. Se na novela de Michael Ende un neno do mundo real, Bastián, acode a Fantasía para salvara; en *O lume dos soños* son os personaxes dun país fantástico ameazado, Comentelo, quen acoden ao mundo real para salvar os espazos dos soños. A ameaza contra a que deberán loitar é a agresiva cultura de masas que está abortando a capacidade de soñar, tan necesaria para poder imaxinar un mundo mellor. Coido que o libro está moi influenciado por dous dos meus mestres: Michael Ende e Álvaro Cunqueiro.

**Hai catro anos publicou o poemario *Presencia na Fenda*. Por que decidiu embarcarse na literatura infantil?**

Tiven os meus inicios na literatura coa poesía, como unha necesidade e, co tempo evolucionou até culminar co premio Letras de Cal e o libro *Presencia da fenda*. Dende aquela escribín media ducia de poemarios. Hai tres anos din o paso á narrativa, e esta é a primeira novela que escribo. Foi o primeiro internamento no mundo da literatura infantil, pero non me considero un intruso nun xénero do que son fervente lector dende a infancia.

**Con que libro para cativos quedaría?**

Con *A historia interminábel*, por ser un libro perfectamente circular e, polo tanto, eterno e porque engaiola a un lector de calquera idade, algo que moi poucos autores conseguen. ♦



# Viva México

MAR BARROS

Da Revolución Mexicana quedou unha visión romántica que ambienta cantinas, toda unha serie de revolucionarios bigotudos posando cos seus fusís. A fundación Luís Seoane acolle a mostra *Mirada e memoria. Exposición Archivo Fotográfico Casasola. México 1900-1940*, con case un cento de imaxes sobre a outra revolución.

Agosto de 1940. Ramón Mercader asasinaba en Coyoacán, a golpe de piolet, a un dos líderes da revolución soviética León Trosky. Esa data na que unha parte do mundo se estremeceu é a mesma que pon punto e final á exposición que estes días se pode visitar na Fundación Luís Seoane da Coruña e que leva por título *Mirada e memoria*. Nela preséntanse un total de noventa e cinco imaxes pertencentes a un dos arquivos fotográficos máis importantes de México, referido ás primeiras décadas do século pasado e que se foi reunindo ao abeiro da familia Casasola.

A mostra, que se pode visitar até o 17 de outubro, abarca dende os últimos anos do século XIX, cando se inicia a carreira fotográfica de Agustín Víctor Casasola, até finais dos trinta, momento no que morre. A selección escollida dá conta da obsesión do fotógrafo por atesourar todas aquelas instantáneas testemuñais da convulsa historia mexicana. Unha vocación histórica, que vai máis alá de ser unha descrición exacta do Porfiriato e da Revolución, e que pretende construír atmosferas que permitan achegarse á época.

Ademais das imaxes clásicas, na mostra incluíronse outras máis crúas, nas que están presentes a morte e as masas belixerantes seguindo a Zapata, no sur, e a Villa, no norte, polas vías do tren. Persoeiros famosos e decisivos no desenvolvemento da historia amosan a súa faciana nas paredes da sala xunto a miradas orixinal e moderna de fotógrafos, ou “escravos do momento” como os deu en chamar o propio Casasola, que



documentaron a nova realidade xurdida da guerra que sacudiu ao país durante dúas décadas e

na que morreron perto de un millón de persoas. En total case un cento de


imaxes para botar unha ollada a historia, relativamente recente, de México. ♦

## ‘Teño ou fago a foto que vostede precise’

Así de ostentoso rezaba o lema da axencia fotográfica que, alá polo 1912, fundou Agustín Víctor Casasola, un fotógrafo que dende moi novo traballou como reporteiro en México e foi a cabeza visíbel dunha das familias que, co tempo, atesourou un dos arquivos fotográficos máis ricos para comprender a historia da primeira metade do pasado mexicano.

Durante as primeiras décadas do século XX ofrece, a través da súa axencia, imaxes a periódicos, revistas e ao público

en xeral, ao tempo que compra fotos e placas que consideraba de grande interese. Embarcouse, deste xeito, nun proxecto que rozaría a obsesión e, xa entrados os anos vinte, a vocación histórica do arquivo de Casasola era evidente. Todo ese acervo fotográfico, conservado durante décadas, está resgardado, dende 1976, nas bóvedas da Fonoteca Nacional. No antigo convento franciscano da cidade de Pachuca recóllense centos de miles de negativos. ♦





## Discutindo de educación

XURXO LEDO

**A** educación é un tema moi recorrente pero non por iso perde actualidade. Estamos ante unha nova reforma ou modificación legislativa e cómpre determinar as ideas que se queren aplicar e o senso cara ao que vai ir aquela.

As discusións son sempre as mesmas e o resultado case que tamén. Temas como pública e privada, obrigatorio ou voluntario, fracaso ou éxito son algunhas daquelas.

Dende aquí quero sinalar o seguinte: é claramente necesaria unha reforma que dende todos os sectores é reclamada. Sen dotación presupostaria toda reforma remata sendo unha farsa. Os conceptos éxito e fracaso son totalmente inadecuados e deberían substituírse por problemas e solucións. Non serve de nada obrigarnos a rapaces a permanecerem na escola cando eles se negan rotundamente a estudar, é preciso dotar unha auténtica formación para a vida cotiá, para os problemas reais do día a día.

Os lexisladores en xeral, e tamén o profesorado, pretenden impartir grandes cantidades de contidos cognitivos a través de programas que quedan moi ben nos papeis pero que cando son levados á escola chocan frontalmente coa realidade do alumnado que necesita recursos para solucionar as dúbidas que cada día lles xorden, para entender os porqués dos acontecementos, o que hai detrás das revistas, dos programas de televisión, o funcionamento das máquinas e a procedencia da enerxía que move estas. Os rapaces non necesitan tanta carga intelectual de corte analítico, verbal e carente de repostas e funcionalidade.

Todos podemos lembrar cales eran as nosas sensacións na escola pero cando crecemos empeñámonos en esquecer e impoñemos exactamente o mesmo que aborreciamos porque non queremos adicar tempo a solucionar aquilo que tiñamos claro que non funcionaba. Certamente chegamos ao que o sistema pretende, que é non cambiar, non cuestionarse o fundamental e botarlles a culpa a outros. ♦

## O voo do moscardo

# A descuberta do galego

Eis como descubri o idioma galego. Correndo o ano de 1969, eu publicara pouco tempo antes o meu primeiro libro, o que confería ao meu ego uma extraordinária importancia. Com quase dois anos de jornalismo, sentíame um Hemingway, com Nobel e tudo. Na conquista imediata de novos horizontes literários, fiz uma listagem dos livros fundamentais para as minhas apalpações culturais, livros de que havia edição espanhola e meti-me no comboio Porto-Vigo, mal adivinhando que então ele demorava tanto tempo quanto hoje! E desembarquei na velha estação, misturado num bando de contrabandistas, mais do que conhecidas na fronteira, pois a Guarda Fiscal tratava-as como gente de terceira e a assembleia de policías, que havia do lado de Tui, passou-as a pente fino —até lhes vasculhando o interior dos sapatos! Havia nessa época umas mulheres-policías enormes, *queen-size*, comuns em ambos os lados da fronteira, eram as apalpaadeiras. Porém, eu, vencida a prova fronteiriça, deslumbrado com as Rias Baixas e as jangadas do mexilhão, toca a procurar quarto num daqueles hotéis à beira da estação. Exactamente, fiquei no Estación.

As primeiras passadas vigueiras, entro na Cervantes. Para meu

desencanto, era igual a todas as Cervantes, de Madrid a Salamanca, etc. Além disso, em Tui haviam entrado na carruagem em que eu ia quatro empregados da Renfe que discutiam qualquer coisa numa língua em que, havendo palavras castelhanas, não faziam daquilo conversa absolutamente castelhana. Escutei-os com atenção e acabei por perguntar aos meus botões se os poetas Meendinho, Codax, Meogo e Xohan Servando tinham acabado empregados nos caminhos de ferro! Aquilo era galego-castelhana e fiquei alerta. Por isso, na Cervantes, dei meia volta e saí, vagueei pela baixa viguesa até dar com a Librouro. Então já havia as escadas para o primeiro piso, onde me disseram haver livros, que em baixo era papelaria, onde pontificavam uns cadernos pré-moeskianos, tão ao meu gosto. Do lado direito, na parede, enquanto subia, vi um quadro fabuloso, enorme. “É do meu sobrinho Reimundo”, disse-me um senhor de rosto bondoso, estendendo-me a mão. Olhei uma estante e dei com um livro de capa amarela, *Paseo*, de Xoán Xulio Alfaia, Col.Illa Nova. Sabia o que era *paseo* no tempo da guerra civil. Comprei-o. Depois procurei completar a lista de livros que levava e fui almoçar. Sentei-me a uma mesa do Gambôa, na Rua Gambôa, e estre-

ei-me em ovas de pescada, saboreando a leitura do primeiro livro em galego de toda a minha vida.

Deixei os livros no Estación e voltei à Librouro, onde o Patiño me deu notícias da *lingua proletária* do seu povo, recomendando-me outros escritores. De repente, diz-me que em Vigo vivia um que me recomendava particularmente, X. L. Méndez Ferrín. E o entusiasmo era tal que lhe pedi o telefone e nessa mesma tarde, lida a novela *Retorno a Tagen Ata*, na colecção Moucho, entrava eu em contacto com Ferrín. E aí começou uma duradoura amizade, logo assinalada por lhe ter dedicado o meu livro seguinte, *No País das Lágrimas*. Em contrapartida, com Patiño passei à categoria de amigo de confiança e o primeiro livro proibido que me vendeu foi a edição argentina de uma biografia de Bóveda. Do Ferrín recebi logo o *Sempre em Galiza*. E a ponte para outros escritores galegos.

E descobrindo o *nouveau roman* galego, do *Arrabaldo Norte a O ouvido no buraco*, de María Xosé Queizán; depois aquele realismo de Neira Vilas, nas *Memorias dun neno labrego*, de que fiz a tradução portuguesa. Coube a vez a *Adios, María*, de Xohana Torres. E escrevi tanto, que no *Journal de Noticias* como no *República* e no *Diário de Lisboa*, bem como noutros jornais,

que, cinicamente, alguns me perguntavam por que não me mudava para Vigo. Entretanto, a censura portuguesa estreava-se cortando a seu gosto o meu entusiasmo!

Porém, na biografia de Bóveda, pelo livro de Castelao e pelas conversas com o Ferrín, apercebi-me da questão da Galiza face ao poder central de Madrid. E articulei isso com o País basco, com a Catalunha. E passei da fase literária à política. Foi assim que nasceu a *Introdução ao Nacionalismo Galego*, uma antologia romântica, bastante ingénua, mas que serviu para pôr em Portugal textos pouco conhecidos de Castelao, Alonso Montero, Vicente Risco, estes por exemplo. Ignorava eu os contactos dos operários entre portugueses e galegos na II República Espanhola, entre outras coisas. O Alfredo Margarido, muito pedagogicamente, aconselhou-me a refazer o livro, retirando-o das livrarias. O editor não deixou, pois estava a vendê-lo tão bem em Portugal, onde se multiplicavam clientes galegos, que levavam aos dez de cada vez!

Entretanto, as estantes cá de casa iam-se enchendo de livros em galego, fui-me envolvendo na realidade galega e, emocionalmente, uma vez, em casa de Rosalía, recebi o Pedrón de Honra, e na capela de um pazo galego a espada de Manuel Maria, batendo-me nos ombros fez-me membro da Irmandade dos Vinhos Galegos! ♦

José Vial e Moutinho

## SÍTIOS

Mar Barros

# A tenda de Rosi Torrado

Neohippies, naturistas e demais interessados em roupa ecológica, artesanía em coiro, tintas vexetais e cosmética natural deberán anotar un novo enderezo nas súas axendas electrónicas, no suposto de non ter pisado xa, unha das tendas menos convencionais que abren as súas portas na cidade de Pontevedra.

Chámase Ecotenda Rosi Torrado e atópase na rúa Real, no número 36. Alí, calquera despidado pode ter a sensación de entrar nunha sorte de bazar no que todo un revoltallo de produtos parece querer caer nas mans dos compradores. Pero todo garda o seu orde, aínda que politicamente incorrecto.

Se cadra o que máis pode chamar a atención é a infinidade de cousas que se poden facer co cáñamo como materia prima, por algo os primeiros pantalóns que coseu Levi Strauss eran precisamente deste tecido. Aquí pódese encontrar dende mochilas, máis resistentes que as de lona de algodón, até roupa interior, pasando por pantalóns, xerseis e camisetas para todos os gustos e de todos os cores e procedencias. Ademais, se xorde algunha dúbida sobre o material, sempre se lle pode preguntar a Serxio Álvarez, un dos donos da tenda, que seguro que algún que outro comprador se une ao fiadeiro. Tanto é así, que ao pouco de que a tenda abrise, a finais dos oitenta, pa-



JOSE L. ALONSO

sáronse pola tenda dous rapaces traxeados dun bufete de Lugo que querían saber das posibles aplicacións do cáñamo. Logo sóubose dunha importante confusión de plantas de marihuana.

Pero tamén se poden atopar baterías de cociña de ferro como as das avoas, ou prendas tan raras como chales de ortigas, realizados por unha cooperativa de mulleres de Nepal.

Todos os obxectos que se poden mercar na Ecotenda teñen o mesmo punto de orixe: a feira anual Biocultura, un dos referentes dentro dos produtos naturais, que se celebra en Madrid e Barcelona. De aí saen todos os fornecedores da tenda pontevedresa, a única na

cidade e a primeira en Galiza deste tipo.

Entre os andeis tamén teñen cabida diferentes alimentos obtidos a partir da agricultura ecológica, nos que non se esquece o cáñamo. Xunto a papa dos cativos e os leites e viños ecolóxicos poden atoparse pastas elaboradas con trigo e cáñamo, como as que se serven nos *coffeshops* de Amsterdam, e lambetas das este cultivo.

Pero o cáñamo non é o único material empregado na roupa, tamén se poden mercar saias de algodón, calcetíns de lá de ovella ou xerseis de la de llama.

### Alternativa con compromiso

Naceu no ano 1987, co fin de

cobrir un oco dentro da oferta comercial galega. Despois de ter traballado durante moito tempo co seu pai dentro do mundo natural, especialmente no referido ás herbas medicinais, Rosi Torrado decatouse de que dentro da biocultura “había un mundo enteiro por descubrir”. Agora na súa tenda ademais de cosméticos naturais a partir de plantas e aceites, non é difícil atopar lámpadas de sal extraído a centos de metros de profundidade en África ou camisetas de Greenpeace, ADA ou calquera outra asociación ecoloxista coa que colaboran.

Traballan ademais con coiro, produtos de artesanía galega, calzado anatómico e vernices e pinturas naturais procedentes de Alemaña. Tamén hai instrumentos, como os pezuños de cabra que empregan para os seus rituais os indios navajos, todos bendicidos polo xamán. E os máis viaxeiros, poden incluso recoñecer algúns dos xogos cos que pasan o tempo os cativos de Exipto, China, Angola ou da India.

Diferente nos contidos e alternativa, incluso na relación cun abano moi determinado de público. A tenda de Rosi Torrado é unha das poucas nas que os ladróns préstalle máis atención que a propia mercancia aos elementos decorativos, aínda que estes sexan traxes de voluntarios manchados de chapapote e teñan unha finalidade reivindicativa. ♦

## Sismos

FRANCISCO CARBALLO

**O**s anos saltan de alegría e os cabritos despreguízanse". Así dicían escritores (profetas) dos días do rei Xocías, cando observaban sinais favorábeis de cambio. Hoxe somos moi parcos en predicións e desconfiamos. Hai guerras e dioivos, mais temos á vista acenos dun outono froitoso.

Europa atreveuse co estudo de posíbeis tratos con Turquía; expresa desta maneira a superación de peches centenarios ao diferente. A China olla ao Dalai Lama para que volte ao Tíbet; supera dogmatismos. África lémbrale a Sudán o respecto debido aos dereitos humanos; un stop ao fundamentalismo. Lula consegue maiorías na aposta contra a fame; unha alterglobalización en comezo. O trío dos Azores quedou en dúo que recibe alta contestación no Reino Unido e nos USA. Son bos sinais dun outono atractivo.

Máis perto, o "sismo galego" de Ourense a Fisterra; sismo repetido en diversa gradación. Que se desbraven os cans de presa, mellor para seareiros e substitutos. Non hai mal que por sempre dure. Non é hora de esquecer tanta desventura?.

Por todo o devandito, acredito que hai signos de cambio no planeta e para mellor. Mais apunto a sismos, a movementos de fondo, a mareas vivas. Como nas fallas tectónicas, queda traballo para todos de reorganizar, redistribuír e reocupar vales produtivos. Os galegos na nosa "esquina verde", os humanos neste delgado planeta, recibimos sinais de alerta. Infelices de nós se pasan sen resposta.

O máis preocupante? O rearme de armas dos que posúen o poder. E, na mesma liña, os improperios aos profetas de quen é parrulo, mais se viste de pavo real. Como un de Culleredo que enviou a certo xornal da Coruña –poucos días hai– unha invectiva contra galeguistas democratas e doces, el que, por mais disfraces de liberdade, cheira a "libremente imperialista". Vivir para aprender. ♦

## Xoias da Arte na Pedra

Xosé Lois Vil ar Pedreira

### Infortunados labirintos

Co Anxo de Sobradelo neste verán de San Miguel, beira do mar nunha praia da Ría de Pontevedra co son cadencial das vagas lambendo a area. Da outra banda da ría un anárquico acugulo de edificios ao bordo do mar e vivendas individuais que estran a parte baixa da ladeira. Son Raxó e Samieira.

Os accesos ao areal balizados por grandes indicadores: "Petroglifos de Mogor", avivan o fervello da curiosidade. Certo que o lugar figura en guías turísticas e listaxes de puntos arqueolóxicos de interese.

Aquí en Mogor hai tres laxes que sufriron unha intervención de certa envergadura por parte das autoridades, consistente en comunicar por un sendeiro empedrado as tres superficies e construír unhas bancadas circulares. Unha das superficies gravadas, a maior, foi no ano 1979 portada dun fito da bibliografía arqueolóxica do noso país, *Los Petroglifos gallegos* de Antonio de la Peña Santos e Xosé Manuel Vázquez Varela. É a chamada Pedra dos Mouros, cun único cérvido á beira dun elegante conxunto de coviñas, circo concéntricos e arcos de circo que nos fan lembrar A Puexa, O Coto de Barcelos, o veciño Pozo Ventura e as espectaculares lousas gravadas no dolmen de Gavrinis na Bretaña. Diante unha enorme estrutura ferrípétreo cuberta de hedras e silvas.

Collemos o sendeiro invadido por toda clase de herbeiras



para achegámonos á Pedra do Labirinto (na foto) a rentes do camiño, sen ningún tipo de protección e, como o anterior, nada nin ninguén nos indica cun deseño o que estamos a ollar, nin información prehistórica, cronolóxica ou sobre todo, como escriben os italianos nos parques arqueolóxicos de arte rupestre da Valcamonica, "E vietato calciscare le incisioni rupestri", está prohibido pisar os gravados. Continuamos camiño cara á

terceira superficie, "A Pedra dos Campiños", orientada cara ao poente e da que sabemos, por outras visitas, que tiña un pasal, tamén nin ninguén nos indica cun deseño o que estamos a ollar, nin información natural do petroglifo, por iso esbarrullaron dito mirador e cubriron o labirinto alí gravado con xeotea e entullo. Así leva anos.

Que diría don Ramón Sobriño Buhigas se volvese do alén e vise este "Territorio da desaparición" no que se converteu Mo-

gor? Percibiría estrañas sensacións cal Alexandre Marrube de volta na Terra de Lemos case corenta anos despois da fuxida.

Quizais sexa o labirinto o motivo da nosa arte rupestre que máis bibliografía ten producido. Quen sabe e practica é capaz de facelo con dous trazos independentes, secasi require unha aprendizaxe. No devandito libro vemos exemplos de labirintos do tipo "Mogor" en América e en Europa, preferentemente na cunca mediterránea, en moedas, mosaicos, cerámicas, superficies pétreas que retrotraían a máxima antigüidade ao último milenio a.C., por iso se mantivo durante moitos anos unha cronoloxía semellante para os casos galegos. Foron Antonio de la Peña e Fernando Costas Goberna quen publicaron un artigo no "Boletín do Instituto de Estudos Vigueses" postulando unha cronoloxía coetánea á maioría dos nosos petroglifos prehistóricos, dacadaba entre o III e o II milenio a.C. Así temos na Ghalreira as representacións labirínticas máis antigas e peor tratadas do mundo.

"Nin sequer a voz do poeta nos salva cando caemos na noite e se abre a ferida branca da desolación".

*Territorio da desaparición*

(M. A. Fernán Vello)

XOSÉ LOIS VILAR PEDREIRA é director da Sección de Prehistoria e Arqueoloxía do Instituto de Estudos Miñoranos.

## O Bardo na Brêtema

Rudesindo Soutelo

### Política musical anacolútica

Vai-se celebrar do 1 ao 3 de Outubro a IV edición do Certame provincial de Bandas de Música no Palácio da Cultura de Ponte Vedra, con vinte e seis agrupacións participantes.

As bandas de música son una resposta da sociedade civil ás necesidades de un ocio ou lazer creativo que aproxime á nosa juventude duns modelos de qualidade de vida fundamentados na disciplina e o esforço que confere o estudo dum instrumento musical, assim como a convivência socializadora que implica a práctica colectiva da música.

Deste enorme colectivo de jóvenes músicos está a saír un bom número de extraordinarios intérpretes que só vão poder sobrevivir na emigração, porque as bandas de música profesionais, tanto municipais como militares, já foram eliminadas quase por completo, e por outra parte tão-só duas orquestras sinfónicas profesionais em toda a Galiza também não lhes vão ajudar.

Lazer criativo é aquele que desenvolve o espírito inventivo favorecendo as capacidades artísticas e a competência emocional do indivíduo, ao mesmo tempo que lhe proporciona um

agradável prazer. O lazer criativo, que não devemos confundir com o instinto animal procriativo, ocupa de tal modo a mente que já não resta espaço para prazeres passivos. O mito de que a prática desportiva protege das drogas se desmorona ao ver grandes estrelas com problemas de adição. Por contra, não vi nenhum profissional da música culta dar em drogas, porque a música gera tal prazenteira actividade mental que qualquer outro estímulo resulta ocioso. Outro mito é o que relaciona a droga com certas músicas porque aí a música não é mais que um decorado sonoro, uma escusa.

O défice democrático do nosso sistema político, sem mecanismos para a participação activa da cidadania na política quotidiana dos municípios, impinge ao associativismo vizinhal para fazer ouvir as necessidades da sociedade. Na provincia de Ponte Vedra esse movimento é muito forte e nele é que está a base organizativa e mais a explicação desta eclosão de bandas de música. Nalguns casos já há segundas bandas e agrupacións infantis para acolher o crescente número de músicos, e mesmo começam a aparecer as

primeiras tentativas de constituir orquestras sinfónicas ligadas à estrutura social das bandas.

Mais de setenta bandas de música na provincia de Ponte Vedra e nem uma só orquestra sinfónica profissional dá a medida da profunda incultura dos que nos administram, ou talvez as consignas galeguicidas dos seus partidos não lhes permitem perceber nem interpretar a demanda social.

A mágoa é que o repertório não acompanhe, e mesmo algumas bandas parecem ser antigas. É certo que é difícil encontrar obras editadas dos compositores galegos, mas quando existem tão-pouco as compram senão que as pirateiam e assim se vai destruindo o futuro. A Rádio Galega também contribui para esta destruição da identidade galega pressionando as bandas para não programarem obras editadas porque eles gravam as interpretações de modo ilegal, sem licença dos proprietários das obras. Mas essa ilegalidade abrange toda a música para banda, editada ou não, e em língua vulgar isso tem um nome: roubar o autor. Também aqui a consignas é galeguicida porque vai só contra os compositores galegos; aos

de fora sim que lhes pagam.

Como editor do Corpus Musicum Gallaeciae tenho-me oferecido a algumas bandas para regularizar os seus arquivos ilegais negociando umas condições especiais com as associações de editores de música. Não tive resposta mas os directores e responsáveis das bandas de música devem reflectir sobre o gravíssimo dano que estão causando a criação musical, ainda que com certeza não vão reagir até se verem diante dum juiz. E qualquer compositor galego ou mesmo um cidadão ou membro da própria banda, de forma anónima, os pode denunciar.

Se este fosse um país normal, os políticos tomariam medidas contra a destruição da nossa música e da nossa cultura, por exemplo impedindo o uso de partituras ilegais nos actos subsidiados com dinheiro público como o Certame de Ponte Vedra ou as numerosas actuações pagadas pelas distintas administrações.

Mas a política musical dos nossos administradores é um pensamento solto, fora de sentido, sem ligação com o resto. É a quebra do contexto, é dizer, uma política musical e cultural anacolútica. ♦

## O Trinque

## A arte de Ánxela de la Cruz

A praza traseira do Museo de Arte Contemporánea de Vigo (MARCO) acolle até o 5 de decembro unha exposición da coruñesa Ánxela de la Cruz. A artista, que colleitou grande éxito en Gran

Bretaña (dá clases na Chelsea School of Art de Oxford) realiza así a súa primeira exposición individual, após mostras compartidas en eventos tan importantes como o Fórum de Barcelona. ♦

## Dogma Crew

Poderemos escoitar un dos mellores representantes do hip hop estatal o próximo venres 1 de

outubro na *Iguana Club* de Vigo; e sábado 2 estará rimando no *Clavibalo* de LUGO. ♦

## Cheb Balowski

A recoñecida banda de música mestiza chega desde Barcelona para tocar e presentar o do seu disco *Potiner*, o vindeiro xoves 7 na sala *Nasa* de SANTA-

GO; e venres 8 estará no *Playa Club* da CORUÑA; e o sábado 9 na sala *Iguana* de Vigo. Melodías entre o flamenco, o balcánico, árabe e o mediterráneo. ♦

## Allariz

## ■ ACTOS

## FILO-CAFÉ

O sábado 2 de outubro celébrase no *Roi Xordo*, sob o lema *O Estando*, este encontro, que desde a súa I edición (celebrada no *Dado-Daddi* de Compostela en 2003) procura reencontrar o placer do pensamento pola vía do troco, a diferenza, e de compartir as ideas do real, con intervencións abertas á creación, ao pensamento, á crítica e á diversidade, a modo de manifesto persoal, propiciado pola horizontalidade da disposición dos participantes, podendo considerarse, pola forma lúdica, unha conversa. Para participar ou solicitar máis información pódese chamar ao 699 395 229 ou ao 965 817 337 de Portugal.

## Arteixo

## ■ TEATRO

## CARAMUXO

Esta compañía chega o venres 1 ao *Centro Cívico Social* para representar *Historia dunha semente*.

## O Barco

## ■ MÚSICA

## ORFEÓN VALDEORRÉS

Este sábado 2 ás 20 h. vai dar un concerto na igrexa parroquial de Santa Rita.

## Betanzos

## ■ EXPOSICIÓNS

## IVÁN ARAUJO

Desde o luns 4 e até o domingo 31 de outubro poderemos admirar as augatintas deste artista no *Centro Internacional da Estampa Contemporánea*.

## Boiro

## ■ TEATRO

## NADARÍN

*Titeres Tropicalico* actúa o vindeiro venres 8 na *Casa da Cultura*.

## Galego nas Escolas de Idiomas

Está aberto o prazo de matrícula nas Escolas Oficiais de Idiomas para todos os cursos de Galego. As clases son tres días á semana. O alumno, ademais de

aprender o idioma, estudará diferentes aspectos da cultura galega: literatura, xeografía, tradicións... Máis información no telf. 986 260 210. ♦

## leCeR

Coordinación: Xesús Vaamonde Cid  
GUIEIRO DE CULTURA E ESPECTÁCULOS

no *Club Financieiro Atlántico* até o 16 de outubro.

## RAMÓN CONDE

*Heros e Thanatos* titula o escultor a súa mostra, que podemos contemplar na galería *Ana Vilaseco* (Padre Feixoo 5) até o 9 de outubro.

MIRADA E MEMORIA O arquivo fotográfico mexicano de *Agustín Víctor Casasola*, pertencente ao período de 1900 a 1940, amósase até o 17 de outubro na *Fundación Luís Seoane*.

OS RECURSOS XEOLÓXICOS DA TERRA Esta mostra permanecerá na *Casa das Ciencias* até o 30 de decembro.

## ■ MÚSICA

## ASOCIACIÓN GALEGA DE COMPOSITORES

O *Museo de Belas Artes* ven sendo o escenario do XII ciclo de recitais da Asociación Galega de Compositores, os domingos ás 12 do mediodía, co gallo de dar a coñecer unhas obras que, doutro xeito, acadarían pouca difusión. Comezou o ciclo o pasado 12 de setembro e remata este domingo 3 de outubro co prometedor violinista *Evgeny Moriatov* e a pianista *Irina Moryatova*, que abordarán as sonatas para violín e piano de Marcial del Adalid e Andrés Gaos ademais doutras pezas de Manuel Chigroa.

## ■ TEATRO

## O ENCORO

*Teatro do Atlántico* representa, o venres 1 e o sábado 2 no teatro *Rosalía de Castro*, esta obra.

## DILLEI

O vindeiro mércores 6 poderemos gozar con este notívoso musical, dirixido e interpretado polo actor e

## San Froilán



Último disco de *Extremoduro*.

Os concertos que programa o San Froilán de LUGO chega a

18. O luns 4 estará a samba-reggae, de Salvador de Bahia, e a música do sur de Marrocos, a cargo de *Nass Marrakesh* e *Ile Aiyé*: vinte músicos e bailaríns farán do centro histórico o seu escenario, que terá o seu punto neuráxico na Praza de Santa María; o contrapunto poñerá, no patio do edificio administrativo do Concello, *Cifu & La Calaña Sound*. O martes 5 estará a gaitera *Cristina Pato*; a outra opción é a de *Raimundo Amador*. O mércores 6 poderemos escoitar ao grupo cubano

*Vocal Tempo*, que fará gala da súa habilidade para arremedar instrumentos e cantar "a capella"; ademais estarán os lucenses de *Isla Bikini*, e, para os que queiran ritmos máis fortes, *Extremoduro* (no Pavillón dos Deportes. O xoves 7, na Praza de Santa María, teremos o intimismo de *Antonio Vega*; e no edificio administrativo do Concello, *Mürfila*. Ademais grupos de gaiteiros, bandas e verbenas. Só o concerto de *Extremoduro* ten entrada (15 euros anticipada e 18 na billeteira). ♦



*Dillei*, o espectáculo dirixido por Carlos Blanco e con Ramón Pinheiro, Nathan e Ugia Pedreira, estará no CORUÑA o mércores 6.

humorista *Carlos Blanco*, xunto con *Ramón Pinheiro* na percusión, o DJ *Nathan* e *Ugia Pedreira*, mesturando a narración oral, a música tradicional e o ritmo dun DJ en directo.

## HOTEL RUN

O *Fórum Metropolitano* acollerá, o vindeiro sábado

9, a actuación da compañía *Sapristi*.

## A Estrada

## ■ TEATRO

## MENOS LOBOS

A compañía *Talia* representa esta exitosa peza o sábado 9 no teatro *Principal*.

## Fene

## ■ ACTOS

## ESCOLAS DEPORTIVAS E CULTURALS

O Concello lembra que o período de matrícula remata este venres 1 de outubro. Entre os obradoiros destacan o Literario; de Alfabeti-

## Carteleira

✎ **A HERDANZA.** Tras a morte do seu pai, un home ten que regresar á súa casa para pilotar o refrotamento da aceiría familiar. A nova situación convérteo nunha persoa fría que remata por perder á súa muller. Película dinamarquesa premiada en Donosti.

✎ **O MITO DE BOURNE.** Unha trama implica falsamente nuns asasinatos a un espía retirado. Este, para evitar que sigan perseguindo, terá que enfrontarse aos que o implican e máis aos da CIA. Carreiras e violencia nunha secuela ben filmada.

✎ **MAR ADENTRO.** Moi recomendábel a nova película de Amenábar, galardónada en Venecia e máis premiada aínda polo público galego, de todas as idades e gustos, que está a atear as salas. Para nota a sensibilidade que mostra Amenábar con Galiza. O noso país foi un descubrimento para o xoven director, que soubo reflectir atinadamente na obra. A arquitectura da película sostense, non obstan-

te, sobre a personalidade orixinal de Ramón Sampredo, persoa sen dúbida singular, impregnada, non tan paradoxalmente, de sentido da vida e de unha potente retranscra autóctona.

✎ **A TERMINAL.** Un home chega a un aeroporto dos Estados Unidos cando se produce un golpe no seu país. Iso convérteo en apátrida, polo que terá que quedar na terminal até que se resolva a situación. Humor sen demasiasas pretensións nunha película ben rodada.

✎ **NON TE MOVAS.** Mentres agarda que remate unha operación a vida ou morte da súa filla accidentada, Timoteo repasa unha sórdida relación extramatrimonial que tivo hai quince anos e que comezou coa violación dunha muller da que logo se namorou. Película un tanto luttosa.

✎ **CAZADORES DE MENTES.** Como parte da súa preparación, varios policías, que estudan criminoloxía, van a unha illa deserta a

desvelar un crime simulado, só que destas comezan varios asasinatos en cadea nos que as vítimas son os alumnos. Intriga tramposa.

✎ **YOUNG ADAM.** Un escritor frustrado traballa nunha barcaza de transporte en Escocia e atopa na auga a unha muller que resulta ser a súa antiga noiva. El non di nada desta relación e continúa a súa vida habitual, que de normal non ten demasiado.

✎ **A GRAN SEDUCIÓN.** Sainte-Marie-La-Mauderne, vila marieira que vive do subsidio, quere acabar con esa situación e que se instale unha empresa, pero esta reclama un médico. Así, con trampas, terán que seducir a un para que se instale alí. Podía tela dirixido Berlanga.

✎ **EU, ROBOT.** Chicago, 2035, un poli mecanoalasta investiga o suicidio dun especialista en androides. Sospeita dunha conspiración para ocultar que o matou un robot que violou

as leis de protección ás persoas. Dirixida por un autómata.

✎ **Á VOLTA AO MUNDO EN OITENTA DÍAS.** Versión moi libre e pouco atinada do clásico de Jules Verne.

✎ **KILL BILL 2.** A segunda parte da obra de Tarantino non ten a forza da primeira. Con todo é do mellor que ofrece estes días a carteleira.

✎ **O SEÑOR IBRAHIM E AS FLORES DO CORÁN.** Bos inicios para unha película que a partir da metade descobre a demasiado habitual pedertería francesa. Máis envoltorio que cine de verdade. Destaca con todo o retorno de Omar Sharif.

✎ **AS MULLERES PERFECTAS.** Un grupo de cabaleiros resentidos coas súas mulleres executivas deciden robotizalas. Nicole Kidman descubrirá a maldade. Parodia da cursilería, nunha película que destaca por riba doutras máis ambiciosas. ♦

Para a inclusión de información nestas páxinas do *leCeR* pregámosvos notas fagades chegar antes dos luns. Pódese facer a través do correo, Apldo. 1.371. 36200 Vigo; por Telf. 986 222 405; por Fax 986 223 101 ou correo electrónico info@ano-saterra.com

## Schsss... calma



Fulano, Mengano e Citano chegan con esta obra este xoves 30 ás 20:30 h. e o venres 1 ás 22:30 h. ao C.C.Caixanova de VIGO; o venres

8 poderemos vela na Área Panorámica de TUI; e o sábado 9 estarán na Casa da Cultura Pintor Lloréns de SADA. ♦

## Lagarta Lagarta



Esta compañía representa a obra *Fobias. Unha estraña noite na casa de Luís Mendía*, de José Luís Prieto, baixo a dirección de Lino Braxe, este venres 1 no Auditorio

*Carmen Estévez Eguigaray* de VILALBA; o domingo 3 poderemos vela no Auditorio Municipal de RIBADEO; e o sábado 9 chegará ao IES As Barxas de MOAÑA. ♦

## L'Horta Teatre



Esta compañía actúa este venres 1 na Área Panorámica de TUI onde representará a obra *Pelusa*,

*la intrusa*; o sábado 2 poderemos vela no teatro Principal da ESTRADA. ♦

zación Informática; Língua e Sociedade; Iniciación á Maxia; Ortofonia e Dicción; Danzas do Mundo; Solfejo; Teatro; Música... En canto ao deporte hai Acondicionamento físico para adultos; Aeróbic; Bailes de salón; Ioga; Judo; Karate; Musculación; Rehabilitación; Fútbol 7; Atletismo; Natación...

### EXPOSICIÓNS

#### CURUXAS 04

Mostra conmemorativa dos premios *Curuxa*, con máis de un cento de traballos gráficos de todo o mundo, e a animación de *Diver-Show*. No Museo do Humor.

## Ferrol

### ACTOS

#### PREMIO ESQUÍO

Precedendo ao fallo do reconocido galardón de poesía, que se vai dar a coñecer este venres 1, o xoves 30 ás 20 h. no Parador, a escritora *Mari-lar Alexandre* vai dar unha conferencia titulada *Confesións dunha ebria de tinta*.

### EXPOSICIÓNS

#### MANUEL DA SILVA

O Casino Ferrolano acolle esta mostra até o luns 11.

### COMUNICACIÓN BIOLÓXICA

Até o domingo 10 podemos admirar, na galería *Sargadelos*, a última mostra de *Gonzalo Pérez del Castillo*, na que todos os elementos realizados, retretes-comedeiras, urinarios-bebedoiros..., teñen relación co feito cíclico de asimilarmos a información de forma andalga aos procesos biolóxicos, metabólicos e neuronais do noso corpo. O traballo complétase cunha performance e unha videoinstalación.

### SGHN

A Sociedade Galega de Historia Natural abre ao público o seu museo, no que se poden contemplar esqueletos de diferentes animais e unha colección de pegadas e de minerais, entre outros elementos. O horario é de 9:30 a 13:30 e de 16:30 a 20:30, de luns a venres.

## O Grove

### ACTOS

#### FESTA DO MARISCO

Chega a XLI edición da *Festa do Marisco*, que se celebrará desde o 1 ao 12 de outubro.

## Lugo

### EXPOSICIÓNS

#### CRÓNICA DE SANTIAGO

A marabillosa pintura de *Antonio González* pódese ollar na sala da Fundación Caixa Galicia.

#### INTAGLIO TYPE

A Capela de Santa María acolle esta mostra até o domingo 17.

#### CINEMATÓGRAFOS DE GALIZIA, 1896-2002

Artellada como complemento ao Festival de Cine de Autor; no Museo Provincial estará esta exposición, fruto da colaboración entre a asociación cinematográfica *Fonniñá* e o CGAI.

#### GUILLERMO RUEDA

As súa obras fotográficas, baixo o título de *A memoria do xeo*, poden ser contempladas na Biblioteca Provincial até o 21 de outubro.

### TEATRO

#### JOSITO E IVÁN

Este xoves 30 ás 23 h. gozaremos co seu humor no *Clavieñballo*.

## Moaña

### TEATRO

#### ENSAIO

Esta obra será representada pola compañía *Teatro do Noroeste* este sábado 2 de outubro ás 11 da noite no IES As Barxas. A entrada custa 4 euros (estudantes, parados e asociacións) 3 e o abono para 7 espectáculos 14.

## Oleiros

### MÚSICA

#### MAREA

Os pamploneses presentan o seu potente directo o vindeiro luns 11 no Auditorio da Rabadeira.

### TEATRO

#### BAR DE LÁGRIMAS

A compañía sevillana *Los Uen* representa un berro cómico como unha comedia de tinxaduras negras, unha diversión intelixente para maiores de 16 anos. A traxenda dun bar, cantina dun cemiterio, acolle a humilde casa de Magdalena, a cociñeira; Lázaro, o camareiro; e Estrella, unha nena. A aparición do home da maleta e de Magic dará pé para que cada un fale de si mesmo. O sábado 2 no centro cultural *As Torres de Santa Cruz*.

## Ourense

### EXPOSICIÓNS

#### CUESTIÓN DE PAPEIS

Durante outubro a galería *Marisa Marimón* acolle esta mostra colectiva, de obra sobre papel, de *Dario Baso*, *Vicente Blanco*, *Angel Bofarill*, *Ignacio Burgos*, *Tono Carbajo*, *Salvador Cidrás*, *Alberto Datas*, *Mª Xosé Díaz*, *Marcelo Fuentes* e *José Lourenço*.

#### CONCHA LAGOA

A fotógrafa mostra a súa obra, baixo o título de *Venus*, no Atrio (Edificio Torre, Curros Enríquez 1).

#### GALICIA DIXITAL

A tecnoloxía dixital ao servizo dun percorrido virtual pola Galicia e o Camiño de Santiago. No Centro Cultural *Simeón* até este xoves 30.

### EN OLOR

#### DE SANTIDADE

Na Catedral podemos ollar, até o 4 de novembro, unha selección de relicarios procedentes de toda Galicia.

## Padrón

### EXPOSICIÓNS

#### BERCE DE ESCRITORES

Centrada nas referencias a *Rosalía de Castro*, *Camilo J. Cela*, *Macias* ou *Nicasio Pajares* poderemos visitala nas fundacións *Camilo José Cela* e *Rosalía de Castro* até o 31 de outubro.

## As Pontes

### TEATRO

#### A GRANDE ILUSIÓN

Poderemos ver esta peza, representada por *Teatro do Morecego*, este venres 1 no *Cine Alovi*.

## Pontevedra

### CINEMA

#### DOGVILLE

O cine-clube Pontevedra proxecciona, o mércores 6 ás 18:45 e ás 22:15 h. no teatro *Principal*, esta fita dirixida por *Lars Von Trier* no 2003, con *Nicole Kidman* como protagonista. O mércores 13 poderemos ver *Ricardo III* (1955), de *Laurence Olivier*.

### EXPOSICIÓNS

#### DE GUERCINO

#### A CANOVA

A mostra *O trazo dos mestres* permanecerá, até o 6 de novembro, na sede da fundación *Caixa Galicia*.

### MÚSICA

#### IV CERTAME

PROVINCIAL DE BANDAS O encontro, organizado pola Deputación Provincial, celebrase desde este venres 1 ao domingo 3 no *Pazo da Cultura*.

## Ribadavia

### EXPOSICIÓNS

#### IMAXES DE GALIZIA

Poderemos ver esta mostra no



Antonio González mostra a súa pintura, sobre a cidade de Santiago, na sala da Fundación Caixa Galicia de LUGO.

*Museo Emoloxico* até o 8 de novembro. O mesmo lugar acolle unha retrospectiva fotográfica sobre o etnógrafo *Xaquín Lorenzo Xocas*, a quen este ano se lle adicou o *Día das Letras*.

## Ribeira

### EXPOSICIÓNS

#### ALFONSO COSTA

Esta retrospectiva do pintor e gravador galego está no *Museo do Gravado* de Artes até decembro. Neste mesmo lugar e durante as mesmas datas tamén podemos contemplar a mostra titulada *Os caprichos de Goya e de Da-li. A alma do xenio*.

#### ANTON VAN DYCK.

#### ICONOGRAFÍA

Esta mostra de 125 estampas do s. XVII pódese visitar durante este ano no *Museo do Gravado*, en Artes.

## Santiago

### EXPOSICIÓNS

#### EL MISTERI D'EIX,

UNA TRADICIÓN MEDIEVAL VIVA O Pazo de Xelmírez acolle esta mostra até o sábado 30 de outubro.

#### PURIFICACIÓN

#### DE LORENZO

A galería *José Lorenzo* organiza esta mostra costum-

brista –a artista centra a atención nas paisaxes galegas– no hotel *Peregrino* até o 12 de outubro. Pola súa parte o hotel *Palacio* do *Arbe* alberga a mostra de *Jesús Risueño*. A exposición fotográfica de *Carmen Calleja* poderemos contemplala no hotel *Porta do Camiño*. *Mila Vázquez* continúa mostrando as súas obras na galería *José Lorenzo* até meados de outubro.

#### VERA GOULAR

A súa obra amósase, até o sábado 23 de outubro, na galería 48.

#### NANCY SPERO

No *CGAC* encontrase a mostra *O peso do corazón fronte á pluma da verdade*, na que se presenta o traballo da artista norteamericana, por primeira vez no Estado. Cunha importante carreira ao longo de máis de cinco décadas, recoñecida como unha das líderes da arte feminista, poderemos contemplar a súa obra até o 6 de xaneiro.

#### PINTURA CATALÁ, DO NATURALISMO AO NOUVECENTISME

A *Fundación Caixa Galicia* (Rúa do Vilar 19) acolle a colección de pintura catalá da *Fundación Thyssen-Bornemisza* até o 6 de novembro. A obra de autores fundamentais da arte española do s. XIX como *Ma-*



X.L. SUÁREZ GANAL

O IV Certame Provincial de Bandas celebrase desde o venres 1 ao domingo 3 en PONTEVEDRA

## Outono Micolóxico

Os afezoizados aos cogomelos están de noraboa. Coma todos os anos son multitude as actividades destinadas a gozar e coñecer mellor estes froitos do monte. Este venres 1 ás 20 h. celebrase, na aula sociocultural de *Caixa Galicia* en OURENSE, unha conferencia sobre *O xénero Amanita: Novas tenden-*

*cias na súa clasificación*; de luns 4 ao sábado 16 ás 20 h. poderemos participar nunhas *Xornadas Micolóxicas* que organiza o concello de CAMBRE (A Coruña) no centro sociocultural da Barcala; a asociación *O Lactouros*, de MONFORTE, promove uns encontros semellantes do venres 15 ao domingo 24. ♦

## Festa@activa en Boiro

Este programa de actividades alternativas de leer para a mocidade de 14 a 25 anos, desenvolve, de xeito gratuito, este venres 1 no salón de actos *A Cachada* en BOIRO, un *Obradoiro de Clown* impartido por membros da compañía *Os Sete Magníficos máis Un*; o sábado 2 de 12 a

14 h. na praza *Galiza*, ou no *Centro Social* en caso de choiva, haberá un *Obradoiro de Construción e Manexo de Malabares*, e no mesmo lugar, ou no pavillón da *Cachada* como alternativa, un *Obradoiro de Percusión Africana*, que continuará pola tarde de 16 a 18 h.; o *Salón de*

*Actos* acollerá, de novo, o *Obradoiro de Clown*, de 16 a 20 h.; e a xornada rematará ás 21:30 h.coa actuación musical do grupo de percusión do Senegal *Deggo*. Para participar nestas actividades recoméndase facer a inscrición nos teléfonos 981 848 425 ou 981 842 635. ♦

**riano Fortuny, Ramón Casas, Isidro Nonell, Joaquín Torres-García, An-glada Camarasa, entre outros, dan unha idea da calidade desta mostra.**

**BATIS CAMPILLO**  
A súa obra máis recente podémola ollar na *Casa da Parra* até o 18 de outubro.

**ATREZOS DA MEMORIA**  
Comemoración dos 20 anos de andadura do Centro Dramático Galego na Fundación Torrente Ballester e na sede do CDG até o 24 de outubro.

**SANTIAGO APÓSTOLO DESDE A MEMORIA**  
Podemos contemplar esta mostra na igrexa de *San Domingos de Bonaval*, onde vai permanecer até o 30 de decembro.

**ARQUITECTURAS NO CAMIÑO**  
As intervencións arquitectónicas, paisaxística e de recuperación física dos camiños a Santiago. No CO-AG até o 31 de outubro.

**A MULLER NA OBRA DE GRANELL**  
Podemos contemplar no *Museo Granell*, até o 13 de decembro, esta retrospectiva na que, a través de 100 obras do artista, se tenta amosar a influencia do xénero feminino, tanto na súa produción plástica como literaria.

**MANUEL RUIBAL**  
Os xardíns do *Auditorio* acollen a mostra *Campo de Estrelas* até o 27 de outubro.

**■ MÚSICA**

**LA TIRANA**  
Boleiro a golpe de trip-hop, bosanova fecundada de nu-jazz, novas texturas para letras imperecedeiras, conceptos rítmicos actuais para melodías inalterables... os deste novo trio do Baixo Sarela formado por **Patricia de Lorenzo**, voz; **Marcelino Galán**, guitarra e samplers; e **Xacobe M. Antelo**, contrabaixo. Este xoves 30 de setembro ás 22 h. na sala *Nasa*.

**SACRED SIN**  
A banda de metal portuguesa tocará o martes 5 ás 21:30 h. na sala *Nasa*, acompañada por **Shurim** e **Octubre 28**.

**SONS DA DIVERSIDADE**  
Este ciclo de concertos, impulsado polo Concello e que se ven desenvolvendo no *Auditorio da Galicia* coa idea de amosar as diferentes tendencias no mundo, regresa despois do verán con actuación de **Mº João e Mário Laginha Quartet**, o próximo xoves 7, presentando *Undercovers*. As entradas pódense recoller no propio *Auditorio* de 12 a 14 h. e de 17 a 20 por 12 euros (6 euros para estudantes e xubilados) e nos teléfonos 981 571 026 e 981 573 979, ou o mesmo día do concerto

## Convocatorias

**NOVAS TECNOLOXÍAS E MARKETING TERRITORIAL**  
O Centro de Estudos Eurorexionais Galicia-Norte de Portugal tenta dinamizar e valorar o estudo e a investigación para o desenvolvemento da Eurorexión. Para isto promove este curso de postgrao, dirixido a estudantes universitarios de calquera titulación, e a titulados profesionais, funcionarios, mestres, etc. con grao universitario de diplomatura ou licenciatura, co obxectivo de impulsar a cualificación de técnicos e investigadores universitarios no uso das Novas Tecnoloxías da Información e Comunicación, a través do estudo teórico e a práctica en talleres dixitais, nos que o alumnado se aproximará á utilización dos recursos multimedia como o vídeo, fotografía e son, para a edición de sistemas editoriais de páxinas electrónicas. O curso, que conta con 15 prazas disponibles, desenvolverase no Instituto Universitario de Estudos e Desenvolvemento de Galicia (IDEGA), entre o venres 15 de outubro e o venres 3 de decembro, cun total de 30 aulas teóricas, que se impartirán os venres de 16 a 20 h; e 30 prácticas para os sábados de 9:30 a 13:30. A inscrición é gratuita e os interesados en realizar o curso deberán confirmar a súa asistencia no IDEGA (Avda. das Ciencias s/n de SANTIAGO DE COMPOSTELA), por teléfono no 981

563 100 coas extensións 14 440 ou 14 339, a través do fax 981 599 935, ou do correo electrónico fjaidega@usc.es e ygvidega@usc.es.

**II PREMIO DE XORNALISMO MONCHO DO PÍO**  
A adeg *Terras Bendaña* organiza este certame, aberto a traballos xornalísticos de todos os xéneros, escritos en galego, que potencien calquer valor paisaxístico, económico, artístico, e patrimonial da Ribeira Sacra, publicados con firma ou pseudónimo e con carácter inédito até o 31 de outubro de 2004. O autor remitirá unicamente un traballo á *Área Sociocultural de Terras Bendaña* (Sobrado-Lincora CHANTADA), nun sobre pecho, cun orixinal e 5 fotocopias da páxina completa do xornal que acolleu a publicación e que contenga a data correspondente, acompañado dunha plica cos datos persoais e teléfono de contacto. O prazo de recepción dos traballos pecha o 5 de novembro e o gañador recibirá 150 euros en metálico, un diploma acreditado e o seu peso en botellas de viño da adeg *Terras Bendaña*.


**INICIACIÓN AO TEATRO**  
A escola de teatro e danza Espacio Aberto, sita na rúa de San Pedro 48, baixo, de SANTIAGO DE COMPOSTELA, desenvolve, até o sábado 16 de outu-

bro, os seus *Cursos de Iniciación ao Teatro*, que teñen como obxectivo achegar ao alumno a unha primeira toma de contacto co meio teatral e a súa pedagogía sendo, ao mesmo tempo, selectivos para a incorporación na *Formación Regular Actoral*, que, ademais de incluír as materias de duración anual, estará cumprimentada por unha serie de cursos intensivos, que a escola irá propoñendo. Máis información en [www.espacioaberto.net](http://www.espacioaberto.net) ou no teléfono 981 588 290.

**II PREMIO AUDITORIO DE GALICIA**  
Este *Premio Internacional de Composición*, de carácter bianual, poden optar todos aqueles compositores, calquera que sexa a súa nacionalidade, que presenten unha soa obra, inédita e non estreada, adaptándose esta ao orgánico orquestral 2.2.2.2-2.0.0-tímbral-cordas, aínda que poderá estar aumentada como máximo en 5 instrumentistas extras. Non se permite o uso de medios electroacústicos, solistas non coro, e a composición debe ter unha duración mínima de 10 minutos. A partitura enviarse, antes do 31 de outubro, por quiniplacado baixo un título e/ou leman xunto cun sobre pecho co mesmo lema ou/e título e os datos persoais do autor no seu interior, ao *Auditorio de Galicia*, Avda. Burgo das

Nacións s/n, 15705 de SANTIAGO DE COMPOSTELA. O obra gañadora levará un premio de 12.000 euros, e poderá ser estreada e producida polo *Auditorio de Galicia*, no prazo de 18 meses, sen ningún tipo de compensación económica adicional para o seu autor. A obra será interpretada pola *Real Filharmonía de Galicia*, polo que o autor premiado está obrigado a facilitar o material escrito necesario para facelo. Máis información en [www.auditoriodegalicia.org](http://www.auditoriodegalicia.org).

**III PREMIO DE POESÍA CAIXANOVA**  
Podrán concorrer os autores que o desexen, cunha soa obra, composta de poemas orixinais e inéditos e escritos en lingua galega, según a normativa vixente, contado cun mínimo de 600 versos. Presentaranse 5 copias, mecanografiadas a duple espazo e baixo un lema, que deberá figurar nun sobre pecho— adxunto que contenga os datos persoais do autor. Remitiranse antes do 31 de outubro a *Caixanova*, Centro Social, Policarpio Sanz 24, 3º, Obra Cultural. 36201 Vigo. O gañador terá dereito á publicación da obra galardoadada na colección *Arte de Trobar* coeditada por *Caixanova* e o PEN Clube, e darase a coñecer no mes decembro a través dos medios de comunicación. ♦



Sacred Sin, a banda de metal portuguesa toca o martes 5 na sala Nasa de SANTIAGO.

## Samos

**■ MÚSICA**

**ARTE NUT**  
Esta agrupación musical interpretará a *Danza do tarot*, composición para órgano e grupo de cámara, e outras obras de **Xavier de Acosta**, baixo a dirección de **Carlos Ariel Gracia**, o sábado 9 ás 20:30 na igrexa da Abadía de Samos.

## Sanxenxo

**■ TEATRO**

**VOLTA E DALLE**  
Esta compañía vai representar a peza *Jalísia 'mi madrriña!* o sábado 2 no pazo *Emilia Pardo Bazán*.

## Silleda

**■ TEATRO**

**HISTORIA DUN SOLDADO**  
**Viravolta Titeres** representa esta peza, o vindeiro xoves 7, na *Casa da Cultura*.

## Soutomaior

**■ EXPOSICIÓNS**

**HOMBRE CIUDAD SIN MAR**  
Podemos ver esta mostra no Castelo da vila até o martes 26 de outubro.

## Vigo

**■ ACTOS**

**CURSOS NO MARCO**  
Comezan este sábado 2 ás 12 con *Artellando... para nen@s* (contacontos e obradoiros para crianzas de 3 a 8 anos); o domingo 3, á mesma hora, *Artellando... para familias* (obradoiros plásticos para crianzas de 3a 8 anos acompañados); o martes 5 ás 19, *Curso avanzado de arte contemporánea para adultos* (previa inscrición e matrícula); e o mércores 6, tamén ás 19 h, *Curso de iniciación á arte contemporánea para adultos* (previa inscrición e matrícula).

até a hora de comezo do espectáculo, de haber prazas disponibles. Máis información en <http://sons.santiagodecompostela.org>.

**■ TEATRO**

**VENDETTA**  
Polo grupo **Berrobambán**, o que puxo en marcha *Asteroid B-612* para crianzas ou crearon *NAC* para adultos, que é a quen vai dirixido este novo espectáculo. Interpretado

por **Paula Carballeira, Leo F. Campos, Anabell Gago, Ángel Lago, Chiqui Pereira e Teresa Rodríguez**, *Vendetta* é unha sorte de cabaré servido en frío, con boas doses de rai-ba e mal humor, pero especialmente sabroso. Este venres 1 de outubro ás 22 h. na sala *Nasa*.

**OS FILLOS DE EVA**  
Proposta cómico-musical de *Bacana* na que interveñen **Xúlio Abonjo e Marcos Correa** xunto coas voces estelares de **Mara Sánchez, Evaristo Calvo e Xan Casas**. Señorás e señores prepárense para recibir o máis grande impacto visual das súas vidas o sábado 2 de outubro ás 23 h. na sala *Nasa*.

**RAZAS HISPANAS**  
Desde o venres 8 ao luns 11, ás 23 h, poderemos gozar de novo na sala *Nasa* co cabaret colectivo *Ultranoite*.

**CASA DO LIBRO**  
Este xoves 30 ás 20 h. o biólogo **Francisco Novoa** impartirá unha conferencia, organizada pola *Asociación Astronómica Rías Baixas*, titulada *¿Qué es el genoma?*

**■ CINEMA**

**MONSTRUOS DA UNIVERSAL**  
A fita *La novia de Frankenstein*, rodada no ano 1935 por **James Whale**, é a elegida polo *Colectivo Nemo de Fantasia e Ciencia Ficción* para a proxección no seo da *Tertulia do xénero fantástico*, que organizan no café *Uf*, o vindeiro xoves 7 ás 21:30 h. Máis información en [www.tertuliavignosa.tk](http://www.tertuliavignosa.tk) ou [www.colectivonemo.tk](http://www.colectivonemo.tk).

**ENTRE A HISTORIA E O FUTURO**  
Ciclo de Caixanova que se vai desenvolvendo no seu Centro Cultural este martes 5, o 14 e 27 de outubro, o 3 e 30 de novembro e o 1 de decembro ás 20:30 h. Este martes 5 poderemos contemplar *Al caer la noche*, de **Robby Henson** (EE UU, 2002), que nos conta as aventuras dun xefe de policía, dunha pequena vila, na investigación dun asasinato e as pres-

sións das forzas locais para que archive o caso.

**■ EXPOSICIÓNS**

**LA ELEGIDA**  
A galería *Ad Hoc* (Joaquín Lórgua 9) amosa, até o 13 de novembro, o traballo da andaluz **Angeles Agrela**.

**ÁNGELA DE LA CRUZ**  
No *Espazo Anexo*, detrás do **MARCO**, o museo ven de inaugurar o lugar destinado a amosar e apoiar as creacións dos novos artistas galegos. A primeira mostra é a desta galega residente en London, consistente en dúas pinturas-esculturas (*Larger than life / Máis grande que a vida e Stuck / Incrustado*) realizadas a medida para estas dúas salas.

**ALBERTO SOUSA**  
Dentro do ciclo de actividades en homenaxe á figura do arquitecto recentemente falecido, poderemos ver na sala de exposicións do **CO-AG**, *Nadir, un documental*, mostra audiovisual sobre a montaxe de **Nadir** (texto e CD, obra colectiva publicada no 1996), na que Sousa poñía a pintura: Julián Hernández, a música; e Manuel M. Román, a poesía, os xo-



Ramón Casas, do que ollamos un cadro, esta incluído na mostra *Pintura catalá, do naturalismo ao noucentismo*, que podemos ollar na *Fundación Caixa Galicia* de SANTIAGO.


## D.O.G.

**CONSELLARÍA DE ASUNTOS SOCIAIS, EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS**

Vénse ampliar o prazo de presentación de solicitudes para o 2004 de incentivos para a conciliación da vida laboral e familiar. Estas axudas desenvólvense por

primeira vez en Galiza. Debido á novidade do programa e a información para que se podan acoller a este tipo de axudas, considerouse oportuno alargar o prazo de presentación. A información detallada sobre este programa pode consultarse no DOG do 27 de xullo deste mesmo ano. ♦





Cristobal Toral colga os seus lenzos no C.C. Caixanova de VIGO.

ves 30, 7, 14, 21 e 28 ás 20 h. Neste mesmo lugar poderemos contemplar, até o 31 de outubro, unha mostra antolóxica de pintura e fotografía do homenaxeado.

**HISPAÑOAMÉRICA E A ARTE, 1900-2000**  
Mostra realizada con fondos do Museo Nacional Reina Sofía que podemos contemplar no C. Cultural Caixanova até o 9 de xaneiro.

**MENCHU LAMAS**  
A galería VGO acolle unha mostra desta recoñecida artista até o 15 de outubro, de luns a sábado de 11:30 a 13:30 h. e de 19 a 21:30 h.

desta pintora figurativa, baixo o título de *Sentimentos*. Posturas humanas que nos fan lembrar o identificador, decontado, a imaxe cun estado de ánimo e sensacións.

**CRISTOBAL TORAL**  
Até o 12 de outubro poderemos admirar o magnífico traballo deste pintor na sala de exposicións do C.C. Caixanova.

**PEDRO DOBAO**  
Ten a mostra *A escultura vista con ollos sinxelos* na Casa Galega de Cultura (Praza da Princesa) até o 3 de outubro.

**ATÉ O CONFÍN DO MUNDO**  
*O Museo do Mar* acolle esta mostra sobre a relación de Galiza co Atlántico e o Mediterráneo e as peregrinacións marítimas.

**ATRÉVETE A SOÑAR**  
Mostra interactiva sobre o cinema, a historia e a tecnoloxía que podemos visitar, até este xoves 30 de setembro, no C.S. Caixanova.

**LEITURAS**

**TERRITORIO DE DESAPARICIÓN**  
O novo libro de Miguel Anxo Fernán Vello vai ser presentado, este xoves 30 ás 20 h, na librería *Cervantes* polo director da Editorial Galaxia Carlos Lema, os escritores Marga Doval, Xosé María Álvarez Caccamo e o propio autor.

**MÚSICA**

**IV FESTIVAL DE MÚSICA CONTEMPORÁNEA**  
O festival da Fundación Laxeiro continúa este xoves

## Anuncios de balde

■ **Preciso local de ensaio en Siñeiro.** Razón no telf. 619 755 691.

■ **Agora podes mellorar o teu galego e coñecer mellor a nosa cultura.** Matricúlate en Galego na Escola Oficial de Idiomas da túa cidade.

■ **Vendo motocavadora Agra-8.000,** con motor de gasolina a 2 tempos, remorque e aparellos (fresa, arado e rodas), todo con pouco uso. Telf. 986 373 099.

■ **Xa na rúa o nº 12 de Manesquerda,** voceiro de Esquerda Nacionalista-Mocidade. Se queres recibilo, envía un correo a mocidade@esquerdanacionalista.com.

■ **Casa Solveira, vivenda turística vacacional en Piñeiro de Bolmente (Sober)** na Ribeira Sacra lucense, alégase por días durante todo o ano. Reservar nos telf. 647 583 325 ou 610 036 354.

■ **Se queres recibir o último número de E.N. Galiza,** voceiro nacional de Esquerda Nacionalista, **completamente de balde,** envía un correo a info@esquerdanacionalista.com.

■ **Fanse traballos de corrección e tradución de galego-castelán, castelán-galego.** Chamar ao 981 696 269 ou enviar un correo a carmengraiba@yahoo.es.

■ **Germán Cooper, fotógrafo profesional, realiza retratos, festas, eventos.** Amplia experiencia, calidade e servizo. En Santiago, nos teléfonos 981 978 834 e 628 695 839.

■ **Véndese cámara fotográfica réflex Canon EGS 500** do ano 1998 e con zoom de 28-80 mm, coma nova. Chamar ao 670 503 810.

■ **Véndese moto Yamaha Virago XV535** do ano 93, cor negra, 2.300

euros. Telf. 656 666 166, Pontevedra.

■ **Son un home sensíbel, solteiro e sen compromiso de entre 30 e 40 anos, que busca coñecer mulleres galegas** para amizade e, se xorde, establecer unha relación de parella. Se algunha muller quere saber o que hai detrás deste anuncio que me escriba ao correo electrónico galizana-1965@yahoo.es.

■ **Alugo cuarto a señora de entre 50 e 65 anos en Vigo,** na zona do Calvario. Bon comportamento. Margarida Agulló, telf. 986 378 601.

■ **Xente maior, non nos sintamos sós os días festivos.** Chamádemme, telf. 986 378 608.

■ **Véndese scooter en Vigo** con 11.000 km, nova e económica. Chamar ao 607 950 511.

■ **Alugo casa totalmente equipada e con garaxe en Nogueira de Ramuín,** na Ribeira Sacra. Para pasar uns días ou por semanas. Telf. 986 376 022 / 661 642070.

■ **Desexo facer amigas que amen a música clásica,** a literatura e o teatro. Fran, telf. 605 099 722.

■ **Alugo casa nos Ancares,** en Corneantes (próxima ao Piñedo) recién restaurada. Por temporadas ou todo o ano. Telf. 666 876 102.

■ **Os Oito Maravédis, novo albergue para peregrinos en Sarria.** Coíña, figorífico, lavadora, auga quente, servizo de sabas, prazas para bicicletas. Rúa do Conde de Lemos 23, Sarria. Telf. 629 461 770.

■ **Véndese acordeón diatónico de botóns,** novo. Chamar ao telf. 986 227 039 a partires das 19 h.

■ **Alégase piso na Avda. Fisterra**

**da Coruña** por 365 euros. Telf. 607 638 045.

■ **Alégase casa no Saviñao, perto do Miño,** na Ribeira Sacra luguesa. Restaurada con calefacción e cheminé. Fins de semana ou por semanas, bon prezo. Telf. 982 404 654, 679 591 876 (Manuel).

■ **Mentres contemplo unha exposición de Chillida,** penso nunha frase súa: "Cando entrei en Santa Sofía de Constantinopla oíei un grande espazo musical". Neste momento gustaríame ter ao meu lado unha muller coa que falar do espazo, da arte, de Estambul, de Chillida, da música... Creo que os corenta anos é unha boa idade para explorar o mundo, e disfrutar da arte, dos sons, dos silencios e da vida. Se hai algunha muller sensíbel que comparta estes pensamentos, e queira vivilos conmigo, pode escribirme a: literano04@yahoo.es.

■ **Alégase casa en primeira liña de praia,** completamente equipada para 6 persoas e con garaxe. Telf. 981 761 158.

■ **Fanse traballos de carpintaría,** armarios empotrados, cocíñas, mobles a medida, portas, tarimas, fisos... na Terra Cha. Presuposto sen compromiso. Telf. 982 501 086, 652 924 327 (Xoán Carlos).

■ **Música clásica para vodas.** Diferentes grupos de cámara e voz. Telf. 650 829 491 e 981 507 925.

■ **Rapaz de 33 anos fillo de galegos,** residente no País Vasco. Gustaríame coñecer moza velloxa e cariñosa coma min. Se queres coñecerme, chámame. Meu nome é Alberto. 616 870 908.

■ **Psicoterapia, primeira consulta de balde.** Psicoterapia centrada na persoa, activa e adaptada a problemas na familia, parella ou situacións límite (mortes, enfermidades terminais, intervencións cirúrxicas, emigración). Pedir cita no 981 134 144 ou no correo electrónico centrosintodigaliza@hotmail.com

## A Rede




**CÁRITAS DE COMPOSTELA**  
www.cdsantiago.org


Páxina electrónica da sección compostelá de Cáritas Diocesana, a organización cristiá de cooperación. O sitio informa sobre as actividades internas como a súa dirección, cuestións de voluntariado, proxectos de cooperación, asistencia primaria, infancia ou xuventude, ademais de dar conta dos seus traballos para afrontar a marca negra do Prestige. ♦

**NATALIO ARNOSO**  
Mostra a súa obra na galería Chroma (Avda da Flor-da-34) até o 6 de outubro.

**JULINDA MOLARES**  
A sala da Casa da Xuventude presenta os traballos



Julinda Molares expón na Casa da Xuventude de VIGO.



ves 30 ás 20 h. no Salón de Actos do MARCO con entrada libre e gratuita, con **Ensemble Esmuc** (nova música galega) en concerto.

**TOSCA**  
Poderemos gozar da maravilhosa ópera de Puccini o sábado 2 ás 20:30 h. no C.C. Caixanova.

**BIG SOUL**  
O vindeiro venres 8 poderemos escoitar o enerxético funk-rock dos californianos, que tocarán xunto cos locais **Armadillo**, na sala *Código de Barras*.

**MAYUMANÁ**  
Son actores, músicos e danzantes que combinan a percusión, o ritmo e o baile co teatro, o humor e a interpretación. Do 6 ao 10 de outubro estarán no Teatro-Sala de Concertos do CC Caixanova. Entradas á venda en www.caixanova.es, no telf. 986 110 500 ou na billeteira do CC cuns prezos que abalan entre os 30 e os 21 euros.

**TEATRO**

**NOESCAFÉ TEATRO**  
*¡No!*, de Lola Correa, con **Viviana Figueroa e Lola Correa**, será representada, nunha única función, este venres 1 ás 21:30 h. no **Auditorio Municipal**. Máis información nos telf. 666 990 403 ou 637 081 888.

**Vilagarcía**

**DANZA**

**VALLE ROSA**  
O Ballet **Jesús Quiroga** presenta esta obra no **Auditorio**



*Municipal* este sábado 2.

**Viveiro**

**TEATRO**

**CAMIÑO LONGO**  
Poderemos gozar da interpretación da compañía **Teatro de Aquí** o vindeiro venres 8 no teatro **Pastor Díaz**.

**Porto**

**EXPOSICIÓNS**

**VARI CARAMÉS**  
*Cartografías do silencio* impossível, un ano de fo-



A ópera Tosca, de Puccini, será interpretada este sábado 2 no CC Caixanova.

*tografía española* é o título da mostra deste galego que se pode contemplar no **Centro Portugués de Fotografía** até o 28 de novembro. As súas obras, mal de determinadas, críticas, construídas entre as brumas, son inevitablemente belas e ficticias.

**Mayumaná** é un grupo interdisciplinar que actúa en VIGO do 6 ao 10 de outubro.

## Póvoa de Varzim

**EXPOSICIÓNS**

**ESTAMPAS MEDIEVAIS**  
A biblioteca municipal **Rocha Peixoto** acolle esta mostra de 36 gravados en liño do pintor pontevedrés **Victor Casas**, até o sábado 16.

**Lisboa**

**EXPOSICIÓNS**

**FUNDAÇÃO CALOUSTE GULBENKIAN**  
O Centro de Arte Moderna José de Azeredo Perdigão (CAMJAP) acolle diversas mostras como *Alfaiataria Cunha*, imaxes de moda no inicio do sec. XX, até o 2 de xaneiro do 05; *Ruy Leitão*, selección de deseños inéditos e de inesperadas revelacións sobre o proceso de traballo deste artista, nado en Washington en 1949 e morto en Lisboa en 1976, até o 2 de xaneiro. Pecha os luns. ♦

O pintor galego **Victor Casas** expón na **POVOA DE VARZIM**.

## VOLVER AÓ REIR

**A**nte a rebelión de Xosé Luís Baltar en Ourense e a queixa de Francisco Cacharro en Lugo ben se podería parafrasear aquel poema de Brecht: "Levaron os mozos á emigración e vos

calástedes; puxeron a cuota do leite, estoupou o das vacas tolas e vós non dixédes nada; vístedes que se inzaban de silvas e toxos terras que antes eran produtivas, que as aldeas quedan balei-

ras, e gardástedes silencio. Agora veñen por vós, os pequenos caciques, pero xa é tarde de máis. O territorio non que tiñades mando xa non vos serve nin é útil a ningún, é un ermo". ♦



Director: Alfonso Eiré López. Empresa Xornalista. Editora: Promocións Culturais Galegas S.A. Presidente: Xosé Fernández Puga. Príncipe, 22, planta baixa (90202) Vigo. Telf.: Administración, Subscricións e Publicidade 986 433 830\*. Redacción 986 433 886 - 22 24 05. Fax 986 223 101. info@anosterra.com  
Impreso en papel reciclado Greenrecy 100 de 60 gr./m<sup>2</sup>

**RUBÉN VALVERDE**  
Foi alcalde de Cangas durante dúas lexislaturas, aínda que renunciou ao seu cargo durante a segunda logo de que na vila se produciran graves altercados pola suba dos recibos da contribución. Durante os últimos anos formou parte do aparato galego do partido. Agora acaba de ser nomeado secretario xeral dos socialistas cangueses para "que o PSOE deixe de ser un partido marxinal".

### Que recordos garda da súa etapa de alcalde?

Gardo os mellores. Os malos momentos vanse diluíndo no tempo. Era unha etapa ilusionante porque era moi novo, aínda si-go séndoo, pero agora tomo as cousas con máis calma.

### Aquel conflito previo á súa saída da alcaldía case ninguén de fóra de Cangas o entendeu...

Nin tampouco os de Cangas. O que ocorreu foi que pasamos de ter cinco concelleiros na primeira lexislatura a trece na segunda. Isto desesperou os que non teñen respecto pola democracia. Aproveitaron para enganar a parte da cidadanía, que tamén ten a culpa por deixarse enganar. O problema xurdiu despois das revisións catastrais, pero todo o mundo sabe que non as fan os concellos, senón que as fai facenda.

### E como despois de case todas as revolucións, entrou a gobernar a dereita.

Xa o dicía eu daquela, a esquerda creou unha auténtica revolución, levou a unha situación de crispación máxima e, logo, deixoulle o camiño para que as eleccións agañase a dereita. O máis gracioso é que detrás daquelas manifestacións estaba a dereita. quen non estaba, por certo, era o BNG, que neste asunto tivo un comportamento exemplar. De feito eu xa tiña moitos amigos no Bloque, porque militara de mocino na ANPG, e logo do conflito afiancéi a miña amizade con moitos dos seus dirixentes, como Paco Trigo. Curiosamente, nas seguintes eleccións, por dicir que eles estaban en contra da



A.N.T.

## Lois Pena

### 'Sempre quixen ser ministro'

situación de violencia desatada, saíron moi prexudicados.

### Ao PSOE tamén lle pasou factura?

Non tanta como se podería desprender da situación case de bandalismo que se produciu n-aquel momento. Non hai que esquecer que chegou a haber fortes enfrontamentos entre familias e dentro das mesmas. Aínda así, en pleno conflito houbo unhas eleccións autonómicas, as primeiras que gañou Fraga, e en Cangas o PSOE sacou maioría. Antes de chegar eu a Cangas o PSOE tiña un concelleiro. Despois de que eu dimitira o meu partido volveu entrar en crise porque non había candidato. Sempre estiveron agardando a que o pai volvera, pero eu non quería volver porque a miña familia quedou moi afectada por todo o acontecido. Agora as feridas estíñaron e pode volver a Cangas sen ira.

### Entón volve a pensar na alcaldía?

Non. Moi mal o teño que facer de aquí as vindeiras eleccións para non ser capaz de atopar un candidato. Se non fose capaz de atopar a persoa idónea e non quedara máis remedio, entón presentaría-me. Aínda que teño que recoñecer que a vida municipal xa non me atrae. Sempre dixen que o que quero é ser ministro. Levo trinta anos dicindo o mesmo. Ou sexa, trinta anos de fracaso.

### E cunha Consellería non se conformaba? Hainos no PP que a están montando por iso.

Nada, iso queda moi preto. Hai que estar traballando moito e pelexando con moita xente. Eu aspiro a estar nas alturas.

### Cal é o perfil que debe ter o candidato?

Ten que ser menor de cincuenta anos, a menos que sexa eu porque xa non pode volver

atrás no tempo. Tamén debe contar con estudos universitarios e ter ganas de traballar, tanto na alcaldía como na oposición.

### Admítense solicitudes?

Xa hai varias. Dende que saín elixido, no congreso, secretario xeral de Cangas houbo case trinta novas afiliacións e agardo que o número siga medrando.

### Pero vaille ser difícil desbancar o PP, algo deben estar facendo ben porque os cangueses están tranquilos.

O modelo do PP en Cangas non é o que tería eu. O seu plano urbano está para favorecer a uns poucos. Eu apostaría por vivendas sociais, para que a iniciativa privada tivese que competir no mercado, por exemplo. O que pasa é que o PP tivo a favor a Xunta e a Deputación. Así é máis fácil consolidarse. Ademais, no fondo, os cangueses votaron por unha opción de orde, despois de todo o que acontecera. ♦



Botas un peso no tocadiscos. Méteslle unha profunda calada ao longo e afinado pitillo mouro. Escolles canción de vagar, expulsando o fume. Premas a tecla cun súpeto toque que ecoa fachendoso. Axiña estala, eléctrico, libremente, o *Smoke on the water*. Todo estaba perfecto. O tempo ao teu favor, parecía. ¿A que hora vai vir o futuro?

COLECCIÓN CENTRAL LITERARIA

A NOSA TERRA

## Soberano



Unha novela de ADOLFO CAAMAÑO

## A guerra da relixión

MANUEL CIDRÁS

**O** anuncio do goberno sobre futuras reformas educativas, que non debería epatar por seren compromisos electorais coñecidos, está desempoeirando na xerarquía eclesial e na oposición popular os vellos tambores da guerra da relixión. Cunha simpleza esmagante, as reformas anunciadas se resumen nun simple ataque contra a Igrexa e, por extensión, contra ese disque 80 por cento de familias que apuntan a prole nas clases de relixión.

Entre a confusión dos avisos un vai tirando a consecuencia de que, ao final e no que toca á polémica materia, todo quedará en que a relixión seguirá sendo optativa pero non cualificará no currículo. Nin sequera semella ir en serio a intención de impartila fóra do horario escolar. De modo que apenas se restabelecerá a situación anterior, que fora alterada unilateralmente polo PP nun sentido inequivocamente confesional.

Rodríguez Zapatero templa gaitas, como é a súa devoción e talvez a súa función, negando o *casus belli* e recordando que non ten previsto revisar os acordos básicos coa Igrexa. Se cadra, iso é agora o máis prudente, pero son precisamente eses acordos os que lastran o enfoque da cuestión, e antes ou despois deben ser revisados. Non para atacar o libre exercicio de ningunha confesión relixiosa, menos aínda da que ten maior número de fieis, senón precisamente para garantirlo no espazo que lle é propio: o da privacidade, que non significa clandestinidade. A clandestinidade, incluso dos armarios, é a que o confucionismo Igrexa-Estado lles impón a outras crezas e modos de vida, que ninguén se confunda.

A doutrina relixiosa, como calquera outra, debe impartirse no seu dominio específico, que para o caso é a parroquia ou equivalente noutras confesións distintas da católica. Alí os profesores, surtidos e custeados pola comunidade dos crentes, poden avaliar e suspender os discípulos menos aplicados e mesmo facelos repetir de curso se o consideran oportuno. Ninguén dende fóra terá dereito a reprochallo. E se 80 por cento dos rapaces acoden á súa cataquese, mellor para as parroquias que estarán máis animadas. Cada un na súa casa si, pero a relixión na de todos non. Aínda que haxa que cambiar os acordos Igrexa-Estado. ♦